



DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 93

VII lexislatura

Serie Pleno

Sesión plenaria 12 de setembro de 2007

Presidencia da Excm. Sra. D.^a Dolores Villarino Santiago

ORDE DO DÍA

(Continuación.)

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

6. Proposicións non de lei ante o Pleno

6.1 07/PNP-0181 (11370)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lobeira Domínguez, Bieito

Sobre a adopción de medidas en defensa da frota bacallaeira galega

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 184, do 23.08.2006

6.2 07/PNP-0337 (20587)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

López Abella, Susana

Sobre a incidencia da contratación temporal en Galicia no salario bruto mensual e a perda de poder adquisitivo dos traballadores galegos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 352, do 10.05.2007

6.3 07/PNP-0350 (22090)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Cajide Hervés, María del Carmen e 18 deputados máis

Sobre a creación do Manual de apoio a cargos políticos locais, do Banco de boas prácticas da política pública municipal, así como do Foro de intercambio de boas prácticas da política pública municipal

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 386, do 10.07.2007

6.4 07/PNP-0354 (22579)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto e 3 deputados máis

Sobre a modificación do Decreto 124/2007, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, incorporando todas as recomendacións do ditame elaborado polo Consello Consultivo de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 401, do 13.08.2007

7. Interpelacións

7.1 07/INT-0127 (16455)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rojo Noguera, Pilar e Calvo Pouso, Diego

Sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería de Vivenda e Solo en relación cos prezos da vivenda en Galicia

Publicación iniciativa carácter urxencia, BOPG núm. 278, do 01.02.2007

7.2 07/INT-0143 (18074)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Santalices Vieira, Miguel Ángel e 6 deputados máis

Sobre o nivel de cumprimento do recollido nos programas electorais do PSOE e do BNG en materia sanitaria e as propostas realizadas pola Xunta de Galicia para acadalo

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 311, do 15.03.2007

8. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta de Galicia

8.1 07/POPX-0114 (23257)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aymerich Cano, Carlos Ignacio

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para reducir a sinistralidade viaria en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 403, do 06.09.2007

8.2 07/POPX-0115 (23270)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Feijóo, Alberto

Sobre a valoración da actual situación política galega

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 403, do 06.09.2007

8.3 07/POPX-0116 (23271)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Rego González, Ismael

Sobre as implicacións para a comunidade educativa da política que está a desenvolver o Goberno galego en materia de ensinanza de idiomas estranxeiros

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 403, do 06.09.2007

9. Preguntas orais ante o Pleno

9.1 07/POP-0461 (21430)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Riobó Dios, María Modesta

Sobre a promoción social das persoas maiores

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 371, do 13.06.2007

9.2 07/POP-0497 (23259)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e López Veiga, Enrique César

Sobre os motivos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para non convocar á TVG aos seus actos

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 403, do 06.09.2007

9.3 07/POP-0501 (23266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Paz Antón, Xosé Ramón

Sobre a repercusión da declaración de Ben de Interese Cultural na protección, valoración e divulgación dos castros

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 403, do 06.09.2007

9.5 07/POP-0477 (22438)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel

Sobre as xestións realizadas e as canles previstas para evitar que se produzan erros, omisións ou confusións na interpretación da normativa aprobada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos que regula os períodos autorizados para a captura da nécora

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 401, do 13.08.2007

9.6 07/POP-0486 (22850)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Lage Tuñas, José Manuel

Sobre as xestións realizadas pola conselleira de Pesca na súa visita oficial a Noruega

Publicación da iniciativa, BOPG núm. 403, do 06.09.2007

Retómase a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Ignacio Aymerich Cano, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para reducir a sinistralidade viaria en Galicia. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG)*. (Páx. 7.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 7.)

Réplica do autor: *Sr. Aymerich Cano (BNG)*. (Páx. 8.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 9.)

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D. Alberto Nuñez Feijoo, do G. P. Popular de Galicia, sobre a valoración da actual situación política galega. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Feijoo (P)*. (Páx. 10.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 11.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Feijoo (P)*. (Páx. 12.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 13.)

Pregunta ao señor presidente da Xunta de Galicia de D. Ismael Rego González, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as implicacións para a comunidade educativa da política que está a desenvolver o Goberno galego en materia e ensinanza de idiomas estranxeiros. (Punto oitavo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Rego González (S)*. (Páx. 15.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 15.)

Réplica do autor: *Sr. Rego González (S)*. (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Pérez Touriño*. (Páx. 16.)

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a adopción de medidas en defensa da flota bacallaeira galega. (Punto sexto da orde do día.)

A señora presidenta comunica que a esta proposición non de lei lle foi presentada unha emenda polo G. P. dos Socialistas de Galicia. (Páx. 17.)

Intervención do autor: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)*. (Páx. 18.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lage Tuñas (S)* (Páx. 20.) e *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 21.)

O señor Lobeira Domínguez (BNG) intervéñ para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 24.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D^a Susana López Abella, sobre a incidencia da contratación temporal en Galicia no salario bruto mensual e a perda de poder adquisitivo dos traballadores galegos. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. López Abella (P).* (Páx. 25.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Blanco Parga (BNG)* (Páx. 27.) e *Sra. Pérez Herraiz (S).* (Páx. 30.)

A señora López Abella intervén na rolda de peche. (Páx. 31.)

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Carme Cajide Hervés e dezaioito deputados máis, sobre a creación do Manual de apoio a cargos políticos locais, do Banco de boas prácticas da política pública municipal, así como do Foro de intercambio de boas prácticas da política municipal. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Cajide Hervés (S).* (Páx. 33.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. González Mariñas (BNG)* (Páx. 34.) e *Sr. Baamonde Díaz (P).* (Páx. 36.)

A señora Cajide Hervés (S) intervén na rolda de peche. (Páx. 38.)

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijoo e tres deputados máis, sobre a modificación do Decreto 124/2007, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, incorporando todas as recomendacións do ditame elaborado polo Consello Consultivo de Galicia. (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. López Besteiro (P).* (Páx. 39.)

Intervención dos grupos parlamentarios: *Sr. Lobeira Domínguez (BNG)* (Páx. 41.) e *Sr. Meijón Couselo (S).* (Páx. 43.)

A señora López Besteiro (P) intervén na rolda de peche. (Páx. 46.)

O señor Lobeira Domínguez (BNG) le o texto transaccionado da proposición non de lei documento número 11370. (Páx. 47.)

Votación do texto transaccionado, nos termos lidos, da Proposición non de lei (documento número 11370) do G. P. Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a adopción de medidas en defensa da flota bacallaeira galega: *aprobado por 73 votos a favor, ningún en contra e ningunha abstención.* (Páx. 47.)

Votación da Proposición non de lei (documento número 20587) do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.^a Susana López Abella, sobre a incidencia da contratación temporal en Galicia no salario bruto mensual e a perda de poder adquisitivo dos traballadores galegos: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación da Proposición non de lei (documento número (22090) do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a Carme Cajide Hervés e dezaioito deputados máis, sobre a creación do Manual de apoio a cargos políticos locais, do Banco de boas prácticas da política pública municipal, así como do Foro de intercambio de boas prácticas da política pública municipal: *aprobada por 38 votos a favor, 35 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Votación da Proposición non de lei (documento número 22579) do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijoo e tres deputados máis, sobre a modificación do Decreto 124/2007, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, incorporando todas as recomendacións do ditame elaborado polo Consello Consultivo de Galicia: *rexeitada por 35 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 48.)

Interpelación de D.^a Pilar Rojo Noguera e D. Diego Calvo Pouso, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería de Vivenda e Solo en relación cos prezos de vivenda e solo en Galicia. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Rojo Noguera (P).* (Páx. 48.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Solo (Táboas Veleiro).* (Páx. 51.)

Rolda dos grupos para fixar posicións: *Sra. Da Silva Méndez (BNG).* (Páx. 53.) e *Sr. Tojo Ramallo (S).* (Páx. 55.)

Réplica da autora: *Sra. Rojo Noguera (P).* (Páx. 57.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Vivenda e Solo (Táboas Veleiro).* (Páx. 58.)

A señora presidenta anuncia que a sesión se retomará ás catro e media da tarde, e suspende a sesión. (Páx. 60.)

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e cinco minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

A señora presidenta informa de que a pregunta do señor Orza Fernández non foi retirada como se anunciou anteriormente, senón que quedou aprazada para un próximo pleno. (Páx. 61.)

Interpelación de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e seis deputados máis, do G. P. Popular de Galicia sobre o nivel de cumprimento do recollido nos programas electorais do PSOE e do BNG en materia sanitaria e as propostas realizadas pola Xunta de Galicia para acadalo. (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Santalices Vieira (P).* (Páx. 61.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Rubio Vidal).* (Páx. 63.)

Rolda dos grupos para fixar posicións: *Sr. Ferreiro López (BNG)* (Páx. 65.) e *Sr. Pose Mesura (S).* (Páx. 66.)

Réplica do autor: *Sr. Santalices Vieira (P).* (Páx. 69.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Sanidade (Rubio Vidal).* (Páx. 70.)

O señor Mesura (S) intervéñ por alusións. (Páx. 71.) *Respóndelle o señor Santalices Viera (P).* (Páx. 72.)

Pregunta de D.^a María Modesta Riobó Dios, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a promoción social das persoas maiores. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Riobó Dios (BNG).* (Páx. 72.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar (Quintana González).* (Páx. 73.)

Réplica da autora: *Sra. Riobó Dios (BNG).* (Páx. 74.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar.* (Páx. 74.)

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e D. Enrique César López Veiga, do G. P. Popular de Galicia, sobre os motivos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para non convocar á TVG aos seus actos. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Calvo Pouso (P).* (Páx. 75.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar (Quintana González)*. (Páx. 76.)

Réplica do autor: *Sr. Calvo Pouso (P)*. (Páx. 76.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente da Igualdade e do Benestar (Quintana González)*. (Páx. 77.)

Pregunta de D. Xosé Ramón Paz Antón, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a repercusión da declaración de ben de interese cultural na protección, valoración e divulgación dos castros. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Paz Antón (BNG)*. (Páx. 78.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Cultura e Deporte (Bugallo Rodríguez)*. Páx. 79.)

Réplica do autor: *Sr. Paz Antón (BNG)*. (Páx. 80.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Cultura e Deporte (Bugallo Rodríguez)*. (Páx. 80)

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol, do G. P. Popular de Galicia, sobre as xestións realizadas e as canles previstas para evitar que se produzan erros, omisións ou confusións na interpretación da normativa aprobada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos que regula os períodos autorizados para a captura da nécora. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 81.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos (Gallego Calvar)*. (Páx. 82.)

Réplica do autor: *Sr. Balseiro Orol (P)*. (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos*. (Páx. 83.)

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P dos Socialistas de Galicia, sobre as xestións realizadas pola Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos na súa visita oficial a Noruega. (Punto noveno da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 84.)

Contestación da Xunta: *Sra. conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos (Gallego Calvar)*. (Páx. 85.)

Réplica do autor: *Sr. Lage Tuñas (S)*. (Páx. 85.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos (Gallego Calvar)*. (Páx. 85.)

Remata a sesión ás seis e corenta minutos da tarde.

Retómase a sesión ás dez e sete minutos da mañá.

A señora **PRESIDENTA**: Bos días.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Carlos Aymerich Cano, do G.P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para reducir a sinistralidade viaria en Galicia

A señora **PRESIDENTA**: Reanúdase a sesión cas preguntas ao señor presidente da Xunta de Galicia, comezando pola do señor Aymerich Cano, portavoz do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para reducir a sinistralidade viaria de Galicia.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Bos días, señora presidenta.

Señor presidente, neste verán que está a piques de rematar a sinistralidade viaria cobrouse en Galiza nos meses de xullo e agosto 66 vítimas mortais, un 24% máis que no mesmo período do ano anterior. De facto, e a respecto do verán de 2003, Galiza é a única comunidade autónoma que incrementa o número de mortos na estrada, e faino ademais de xeito substancial, 11 vítimas mortais máis que hai catro anos –un 20% de variación–, mentres que outras comunidades autónomas experimentan neste mesmo período de catro anos descensos do 35, do 71%, etc. Estamos falando de dados do informe feito público recentemente pola Dirección Xeral de Tráfico.

No que levamos de mes de setembro a tendencia non dá mostras de querer mudar, máis ben o contrario. Só nesta semana na que andamos as estradas galegas cobráronse xa catro vidas: dúas o luns día 10, en Carballo e na Merca, e dúas o martes día 11 en Caldas e no Val do Dubra.

E, desde logo, sabemos –e penso que aí coincidiremos todos– que a solución a este gravísimo problema non é fácil. É un problema que obedece a moitas causas: a sinistralidade viaria ten a ver co estado da rede viaria, ten a ver cos padróns culturais alimentados coa publicidade e de relación cos vehículos, ten a ver coa falta dun sistema de transporte

público, por exemplo no que atinxe ao transporte ferroviario de proximidade, e ten a ver tamén, loxicamente, con que as competencias en materia de tránsito e seguranza viaria sigan en mans estatais. Co que seguro que non ten a ver –e nisto estou certo que imos coincidir todos– é nin co pesimismo histórico nin con problemas psicolóxicos dos galegos, tal e como manifestou –eu entendo que tentando agachar a súa responsabilidade– o aínda director xeral de Tráfico, señor Pere Navarro.

E se as causas son moitas, a solución tampouco pode ser única. Haberá que actuar no campo da educación, haberá que actuar no campo da información, da publicidade, da conservación da rede viaria, da oferta de sistemas competitivos de transporte público, da sanción administrativa e penal. Non hai, desde logo, solucións máxicas.

Con todo, desde o Bloque Nacionalista Galego pensamos que a titularidade das competencias, e un exercicio desas competencias atendendo á realidade galega, é unha cuestión relevante, porque, desde logo, de nada serve que desde a Administración galega financie e elaborem os planes de seguranza viaria se ao fin é a Administración do Estado quen os segue..., quen segue a definir a política en materia de tránsito sen ter en absoluto en conta que en Galiza temos 30.000 núcleos de poboación –máis da metade dos núcleos de poboación de todo o Estado–, que temos 17.000 quilómetros de estradas, que temos unha climatoloxía, desde logo, moi diferente á doutras partes do Estado. E estas características nosas, estas características do noso país e da forma en que os galegos o habitamos e nos movemos por el, non son tidas en conta á hora de elaborar as políticas de tránsito estatais. Estas políticas feitas de costas á nosa realidade producen os dramáticos resultados que hoxe nos moven a preguntalle, señor presidente: ¿que medidas vai adoptar o Goberno galego pra reducir a alta sinistralidade viaria no noso país?

Moitas grazas.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor Aymerich.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Si, señoría, grazas.

Comparto coa súa señoría, e teño por certo que con toda a Cámara, a alta preocupación pola alta siniestralidade das nosas estradas e polo particular incremento neste mes de agosto e no inicio de setembro da accidentalidade, sen dúbida, no que, se facemos o cómputo anual, levamos neste momento as cifras de onte, antes de onte, 191 falecidos; o ano pasado levábamnos 190. Polo tanto, mantemos un nivel moi alto de accidentalidade, practicamente como o do ano anterior, pero cun incremento notorio nos meses estivais.

Comparto que non hai recetas máxicas. Comparto, pois, dúas das súas afirmacións centrais, e quixera engadir algo máis. O Goberno que presido, e dende logo, en todo caso, sempre o seu presidente, sabe que neste tema temos que manter o pulso firme, o compromiso pleno e a tenacidade constante como goberno, como liderazgo político e como sociedade para ganar esa batalla, que non vén de agora nin de antes de onte, senón que é certamente un dos temas que nos teñen que preocupar e me preocupan como país.

Por eso de xeito inmediato puxemos en marcha o primeiro Plan de seguridade viaria integral nesta comunidade 2006-2010, e o mantemos vivo, profundamente vivo. E lle quero dicir que necesariamente cada vez máis vivo e cheo de medidas, en todos os niveles: nas infraestruturas, nos vehículos e nos usuarios, en relación con tres grandes campos de actuación: a seguridade das infraestruturas e a mellora do transporte público, a necesidade de concienciar, de educar, de cambiar radicalmente a cultura da condución no noso país e tamén as medidas respecto a relación cos propios vehículos e o control do tráfico.

Estamos poñendo en marcha, puxemos en marcha, un plan con 74 medidas que afectan, como digo, ao fomento do transporte público, á mellora da seguridade viaria, das infraestruturas e dos vehículos, á potenciación da educación e da formación, ao impulso da formación viaria laboral, á conduta máis responsable e ao fomento das mesmas, ao apoio á investigación da seguridade viaria e á atención, nesa dirección.

Moi rapidamente, algunhas medidas últimas: dende logo, o grueso, gran parte delas, están destinadas a incrementar notoriamente e cambiar radicalmente a oferta da seguridade viaria nas nosas estradas, triplicando o número de vías de alta capacidade, engadindo seguridade, facendo máis de 50

quilómetros de variantes, mellorando a rede convencional de estradas, 1.270 quilómetros da rede galega e invertindo nela máis de 400 millóns de euros.

Lles podo dicir, señorías, que nos tres anos que restan do plan eliminaremos a totalidade dos puntos chamados negros, os tramos de concentración de accidentes das nosas estradas. Para eso estamos investindo seis veces máis que se investía no período anterior, e se comparamos o ano 2005 co 2007, exactamente cuarenta veces máis. E modificamos nun 60% os recursos destinados á conservación en seguridade vial.

Lle podo dicir á súa señoría que desde este verán, dende este verán, todas as actuacións nas estradas galegas van acompañadas, levan incorporadas, as medidas radicais de protección da seguridade dos motoristas. Estamos a repartir 80.000 identificadores e distintivos para protexer os peóns. Falamos de motoristas, falamos de peóns, falamos de mellora da accidentalidade nos puntos negros, que son elementos importantes na nosa inseguridade viaria.

Está en marcha un plan de potenciación do transporte público. Este presuposto contemplará medidas potentes en todas as direccións para mellorar a oferta de transporte público en todos os ámbitos e sectores. Estamos comprometidos coa creación dun ente ferroviario para Galicia e de Galicia, e que en Galicia naza un servizo de transporte ferroviario de cercanías, que non podemos todavía dispoñer del. E, como non, estamos traballando na Comisión Mixta de Transferencias para conseguir, efectivamente, esa transferencia que consideramos indispensable para que todos os recursos e esta política poda ser efectuada en clave de país, en clave de goberno, dende a nosa absoluta e plena responsabilidade na materia.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Para o turno de réplica ten a palabra o señor Aymerich Cano.

O señor AYMERICH CANO: Si.

Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, este Goberno está a traballar, está a traballar no ámbito das súas competencias e mesmo, alén das

iniciativas que vostede vén de mencionar, eu podería aínda mencionar outras como o Noitebús ou como vai ser ese sistema de transporte adaptado, que, con toda certeza, vai ter un impacto moi positivo non só na calidade de vida das persoas, senón tamén na seguranza viaria.

Mais o caso é que estas medidas e estas iniciativas fanse no ámbito das nosas competencias, e as nosas competencias como Goberno galego, como poderes públicos galegos, son aínda neste ámbito limitadas. E aí hai un traballo que é un traballo creo que do conxunto do Goberno, penso que do conxunto tamén do arco parlamentario, un obxectivo de país, que é, efectivamente, incrementar o noso poder de decisión, incrementar as nosas competencias tamén nesta materia tan fundamental.

Hai fitos, hai pasos dados por este Goberno, que eu non me resisto a lembrar. En novembro do ano 2005 o Consello da Xunta de Galiza aprobou un documento onde se identifican 70 espazos competenciais e, entre eles, desde logo, os relacionados co tráfico e a rede viaria, incluídas as competencias de vixilancia e de sanción que hoxe ostenta a Dirección Xeral de Tráfico e exerce a través da Agrupación de Tráfico da Guardia Civil. En xullo do ano 2006 remitíuselle un informe sobre transferencias en materia de tráfico á Secretaría de Estado de Cooperación Territorial e tamén ao Ministerio do Interior; un informe, por certo, centrado na comparativa da evolución da siniestralidade en Galiza e noutras partes do Estado, porque xa daquela —e falamos do ano pasado, podíamos ir tamén a series históricas— hai un diferencial que nós pensamos que ten carácter estrutural e que ten a ver precisamente con políticas feitas de costas a esa realidade.

Temos desde o 13 de xuño deste ano unha lei, a Lei de policía de Galiza, que aposta por unha policía galega integral e inclúe como competencia deste corpo a vixilancia e o control do tráfico nas vías interurbanas do territorio de Galiza, alén tamén das competencias en materia como policía xudicial para os delitos relacionados co tráfico.

En xullo deste mesmo ano, deste ano 2007, despois de que tomase posesión o novo secretario de Estado de Cooperación Territorial nomeado a instancias da nova ministra —da ourensá de nacemento— Elena Salgado, remitíuselle unha carta-resumo a este novo secretario de Cooperación Territo-

rial dos temas pendentes en materia de traspasos, entre os que desde logo se incluía o tráfico. Mais até o de agora non hai ningún avance significativo; non hai, por parte da Administración do Estado, neste sentido. Sabemos que non vai ser unha solución máxica ter as competencias nesta materia, mais estamos firmemente convencidos de que unha política integral galega preventiva e sancionadora tamén en materia de tránsito, elaborada polos poderes públicos galegos e aplicada por unha policía galega de natureza civil, vai ter un impacto moi positivo nestas dramáticas cifras coas que hoxe nos enfrentamos.

Entendemos no Bloque Nacionalista Galego que máis competencias e non máis guardias civís é o que Galiza precisa para comezar a atallar unha sangría diante da cal non podemos ficar indiferentes.

Estamos certos de que esta, como digo, é unha tarefa de goberno, unha tarefa de país, e que todos estamos comprometidos con este obxectivo.

Sabe, señor presidente, en todo caso, que pode contar co Bloque Nacionalista Galego para lograr canto antes —espere-mos que antes das eleccións xerais— estas transferencias.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Gracias, señor Aymerich.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Señoría, como ben lle dixen antes, é fundamental manter o criterio, a determinación e a tenacidade, a coraxe cívica cando se trata de combater unha das grandes lacras e cancro da nosa sociedade, ¿non? Creo que nesto estou seguro de que coincidimos e debemos de coincidir todos os democratas, toda a sociedade e toda a Cámara, e que, polo tanto, coincidimos. ¡É que é fundamental manter esa tenacidade! Non vamos a conseguir reducir substancialmente a accidentalidade se non mantemos criterio nun ámbito permanente no tempo: na educación e na formación viaria, na mellora da seguridade, no impulso ao transporte público, nas medidas tamén de prevención e disuación das condutas temerarias, no control e redución e penalización das mesmas. E Galicia aspira, e o quero reiterar... Unha vez máis vostede facía un

discurso sobre o que é todo o esforzo que vén facendo o Goberno que presido, en particular dende a área responsable, que é a Vicepresidencia, para conseguir, efectivamente, que Galicia poda xestionar integralmente o que ten que ver co tráfico e a seguridade viaria. Seguimos mantendo esa aspiración, traballamos nesa dirección, pero no ínterin debemos de seguir coordinadamente neste Estado das autonomías, que é o Estado constitucional e de dereito no que vivimos, poñendo todas as medidas de todas as administracións para conseguir reducir esta lacra.

E neso estamos, señoría, por eso é importante mellorar, ¡como non!, e implicar máis á Fiscalía e implicar máis á xusticia. Por eso é importante a creación de fiscalía especial, por eso é importante a modificación do Código penal, que está en todos. Por eso é importante ter máis coches camuflados e máis control nas vías públicas e na rede de estradas do noso país. Por eso queremos —e vai entrar de maneira inmediata— cincuenta novos guardias civís no sector do tráfico, para ter máis elementos de disuasión e de control no marco dun plan que aposta fundamentalmente polo transporte público, pola mellora da seguridade viaria, e no marco dunha política que queremos que todos eses recursos sexa xestionados dende a autoridade política do noso país, dende a Xunta de Galicia.

Comparto con vostede plenamente o interés, a insistencia, nesa iniciativa que demando como presidente da Xunta e que reitero como presidente da Xunta, pero debemos de seguir, e debemos de seguir traballando sen desfalecer, sen caer no pesimismo e sen traducir un mensaxe á sociedade de que namentras temos que quedar nunha situación de expectativa. Nada máis contrario á responsabilidade de quen ten que gobernar, señoría, por eso queremos conseguir no ano próximo que, ademais deses cincuenta que se deben incorporar inmediatamente, podamos chegar a ter unha plantilla de 1.050, porque este país a necesita. Lle pode causar moita gracia a algúns señores do Partido Popular, pero cando eles gobernaban non había os presupostos necesarios para eliminar os accidentes e os puntos negros, que aí quedaron; e para facer vías de alta capacidade, libres e sen peaxe, que non se fixeron; e para impulsar un transporte público que todavía non temos, pero que teremos señorías, que teremos con este Goberno.

Nada máis e moitas grazas.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor presidente.

Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Alberto Núñez Feijoo, do G.P. Popular de Galicia, sobre a valoración da actual situación política galega

A señora **PRESIDENTA**: Pasamos agora á pregunta formulada por don Alberto Núñez Feijoo, portavoz do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a valoración da actual situación política galega.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Núñez Feijoo.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor presidente, entramos no terceiro ano da lexislatura, quedan vinte meses, como moito, para as eleccións, sempre co permiso do Bloque Nacionalista Galego. Desde o principio, señoría quedou claro de que este Goberno non tiña un proxecto senón dous, de que non había un programa de Goberno senón dous, de que non había un líder senón dous, de que non había un presidente senón dous, e agora, no terceiro ano, creo que nadie en Galicia dubida de que non hai un goberno sinón dous gobernos.

Había xente que pensábamos que este problema deste Goberno enfermo se iba a solucionar co transcurso do tempo, é dicir, que o paciente iba a progresar favorablemente. Señoría, o paciente está evolucionando desfavorablemente. Señoría, a loita, a intriga, de noite e de día, sigue durante o terceiro ano desta lexislatura.

Mire, hai dúas características fundamentais do seu Goberno, a inevitable tendencia ao grotesco, e a segunda, a deformación sistemática da realidade. Permítame solamente poñer unhas exemplos dos últimos días, digo últimos días. Señoría, un membro dos que se senta nun banco azul lle dice ao seu superior xerárquico, que se senta ao seu carón, de que xa está ben e que deixe de dar mítines nas festas dos maiores. Automaticamente o voceiro do BNG lle dice que por que non pode o señor Quintana bailar todos os domingos cos maiores se vostede recibe tamén os colectivos das mulleres en Monte Pío.

Señoría, intentamos cambiar o horario de todos os galegos, non o conseguimos, e polo tanto a seguinte proposta é

que desde os tres meses aos tres anos hai que aprender e cantar o himno galego na escola. A señora de Educación timidamente dice que eso máis tarde. O señor Quintana lle dice a vostede que ten un problema de debilidad intelectual, e rso si, hai un concejal socialista na Coruña que dice que a proposta de coñecer obrigatoriamente o himno galego lle recorda a coñecer obrigatoriamente o Cara al sol. Señoría, deixen de utilizar o himno galego, que identifica a este país, deixen de utilizalo de forma partidista.

A área metropolitana de Vigo, señoría, ¡para que falar desto! Mire, non é que non estén de acordo entre ustedes, non é que non estén de acordo co Bloque, non é que non estean de acordo, é que non están de acordo entre vostedes, señoría. O señor Méndez Romeu, cuarenta concellos, o señor Abel Caballero, vinte e oito, agora ben, hai dous deputados nesta Cámara, que se sentan detrás das súas bancadas, que dicen que eles van apoiar a proposta da área metropolitana do señor Caballero e non a da Xunta de Galicia. Señoría, dous deputados socialistas, non os vou a nomear para que non se lle inicie un expediente disciplinario.

Señoría, ¿a loita entre os portavoces? Mire, “o Goberno pola mañá é oposición pola tarde”, Rego dixit. Oiga, “fartos da propoganda do PSOE”, Aymerich dixit. Rego lle contesta: “Mire, non admitimos leccións de sensatez”. E lle contesta Aymerich: “Estamos fartos de que PSOE trafique co voto dos emigrantes”. Señoría, este conflito ten a súa máxima expresión, hai unha folga dos conselleiros nacionalistas no consello e retiran do orden do día os temas dos nacionalistas no Consello da Xunta. Señoría, hai un paro no seu seno do Goberno, donde os membros do seu Goberno simplemente retiran do orden do día a súa proposta. Señoría, vostede preside o Goberno máis grotesco de Europa, e ese récord non llo vou a sacar.

E a segunda característica, a deformación da realidade. Ante todo esto ¿que dice o presidente?: Estamos gobernando con un grado especial de estabilidade, sosiego y prudencia. Estas diferencias forman parte de la normalidad de cualquier acción del Gobierno. Señorías, este xénero teatral xa está descrito, por suposto, foi un galego ilustre da Xeneración do 98, don Ramón María del Valle Inclán, o esperpento. Señoría, se don Ramón María del Valle Inclán estivera nesta Cámara escribiría o mesmo libro, o esperpento, pero lle mudaría o título (*Pronúncianse palabras que non se perci-*

ben.), lle mudaría o título. Tranquilo, señoría. En vez de “Lucas de Bohemia” escribiría “Sombras de Montepío”. (*Aplausos.*)

Señor presidente, dado que vostede non quere comparecer nin para falar da seguridade vial, negada a comparecencia da conselleira, e agora vostede como o señor Zapatero –estamos na Champion League das infraestruturas, señores do Bloque, non se preocupen–, pois agora vostede non quere eiquí falar de que pasou nesa xuntanza interesantísima donde se solucionou exclusivamente o transporte integrado. Señoría, ¿que pasou nesa xuntanza e nesa crisis entre vostede, o señor vicepresidente... –por certo, vostede necesitaba dous conselleiros para convencer o vicepresidente–, quere-mos saber que pasou, que se negociou, que se concretou. En definitiva, señoría, dea a cara por unha vez e explique a Galicia o Goberno enfermo que preside.

Moitas gracias, señor presidente.

A señora **PRESIDENTA**: Gracias, señor Núñez Feijoo.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño):... interesado por saber que pasa, no inicio deste curso. A verdade é que hai algunha novidade, agora me referirei a ela. Dese lado escasas, tamén comentarei algunha, porque a súa intervención, efectivamente, sigue entre o ripio e o des-piste, causando gracias e alegrías.

Bueno, iníciase o curso, iníciase o curso, cun presidente que comparece na Cámara, que se somete ao control da Cámara, a diferenza dos dezaseis anos anteriores, en que esto non sucedía. Así se inicia o curso, señorías. Iníciase o curso co inicio do curso escolar, un curso escolar en que, a diferenza de todos os anteriores, hai 145.000 familias neste país que non pagan un euro polos seus libros.

En todo o ensino obrigatorio, por primeira vez na historia, iníciase o curso, iníciase o curso escolar, onde todas as rotas de transporte e todos os rapaces e rapazas da nosa comunidade escolar teñen ao seu carón un acompañante no transporte, 2.012, hoxe todas as que o precisan, fronte o 6% da etapa anterior. Iníciase o curso, o curso escolar, o curso político, e todos os nenos de Galicia, en toda a educación,

dende os 6 anos reciben ensino dun idioma estranxeiro –de maneira preferente, porque así o demanda a sociedade, o inglés–, e o anticipamos a quen o demande xa dende os 3 anos. Iníciase o curso e por primeira vez na historia, en todos os colexios de Galicia onde hai comedor escolar, 60.000 nenos e nenas teñen comedor dende o primeiro día ata o último día, esa é a diferenza. E iníciase o curso cun ratio de ordenadores por alumno que é exactamente a metade de cando gobernaban ustedes, é dicir, duplicando esa ratio e mellorando profundamente as novas tecnoloxías e a igualdade na educación. Iso é como se inicia o curso, e vostede, para variar, metido na intoxicación, na rumoroloxía, e falando, en fin, dun goberno enfermo.

Enfermo quixera estar cando Galicia inicia o curso con máis forza, con máis peso e máis activa que nunca. Con máis forza porque estamos liderando o crecemento económico de España, polo tanto o europeo, creando máis emprego, con máis volumen de activos e ocupados que en toda a nosa historia e coa taxa de paro máis reducida desde hai vinte e cinco anos. Señor Feijoo, eso se chama estar máis forte, Galicia e os galegos. Iníciase o curso xustamente cun país onde por terceiro ano consecutivo –van dous en que está cumprida, e lle garantizo que este ano tamén– teremos o presuposto e os investimentos públicos que nunca tivemos cos seus gobernos de maioría absoluta, aquí e alá, o 8%. Iníciase o curso cunha comunidade que é pioneira e referencia en España na protección do territorio e na diversidade medioambiental e na aplicación das lexis sociais máis avanzadas. Así é como se inicia o curso político na nosa comunidade.

Acabamos de rematar dous anos de gobernanza enferma, segundo vostede, e este Parlamento –vostedes tamén– aprobamos un total de 32 proxectos lexislativos, 29 están operativos, a máis alta cota de iniciativa lexislativa nunca, de ningún Goberno, nesta Comunidade Autónoma, en relación con todos os anos da democracia. E iníciase o curso cun presidente que acaba de anunciar, en nome de todo o Goberno, que vamos a tramitar de maneira inmediata dez proxectos de iniciativa lexislativa, como é a Lei de servizos sociais, a Lei de saúde, a Lei de pesca, a Lei de augas, a Lei de residuos, ou a Lei da protección da paisaxe, por poñer algúns exemplos; ou a Lei de impulso e promoción da vivenda pública, pra facer aquilo que vostedes non foron capaces de facer en dezaseis anos de Goberno. Esa é a diferenza, hai un presidente que comparece, un goberno que se deixa controlar e se

somete a esta Cámara como nunca o fixeron vostedes, hai transparencia, e por certo, o Informe do Consello de Contas último acaba de poñer ao desnudo a súa herencia: caos, despilfarro e vulneración das normas. Esa é a diferenza entre vostedes e nós, esa é a Galicia [...]

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor presidente.

Para o turno de réplica ten a palabra o señor Núñez Feijoo.

O señor NÚÑEZ FEIJOO: Señora presidenta, moitísimas grazas.

Inicia o seu curso negándose o presidente da Xunta a comparecer para dar explicacións da crise de Goberno. Iníciase o curso negándose a conselleira de Política Territorial a comparecer para dicir que Galicia é a Comunidade Autónoma con máis accidentes e mortos en estradas de todo este verán en España. Iníciase o curso, señoría, cunha acusación dun gran alto cargo do Bloque Nacionalista Galego dicindo que a súa televisión é estalinista. Iníciase o curso, señoría, dicindo este alto cargo cesado, evidentemente, e acreditando que é estalinista porque fai gravacións ilegais entre membros da Administración e posteriormente se publican nos medios de comunicación. Iníciase o curso, señoría, preguntándonos todos se vostede tamén da instrucións para que se graven outras conversas de membros do seu Goberno, outras conversas de altos cargos do seu Goberno, conversas entre deputados desta Cámara... Señoría, ¿hai algunha gravación ilegal máis neste inicio de curso, señoría?

Iníciase o curso, señoría, iníciase o curso, con unha negativa unha vez máis a que se investigue 300 millóns de euros –da maior adxudicación que vostede fixo–, cunha desviación de 30 millóns de euros, 5.000 millóns de pesetas. Señoría, iníciase o curso e lle digo que hai tres persoas que saben o que pasou nesa autovía: a conselleira de Política Territorial, eu e vostede. Eu quero comparecer neste Parlamento para dicir por que eu non din esa autovía a unha oferta 5.000 millóns de pesetas máis cara, e lle pido que vostede explique a Galicia por que deu instrucións á súa conselleira de adxudicar unha autovía 5.000 millóns de pesetas máis cara. Iníciase o curso, iníciase o curso, señoría, dicindo que eu non teño ningún inconvinte en participar na Comisión da Cidade da Cultura, ¿e vostede? Señoría, iníciase o curso dicindo que nós votamos a favor en todas as comisións de

investigación e vostede votou en contra fai un ano, sen que se saiba por que morreu a xente e as 100.000 hectáreas calcinadas, e onte porque se saiba por que se dilapidaron, cunha presunta actuación de prevaricación –dígoos para que conste no *Diario de Sesións*–, 5.000 millóns de pesetas. Si vostede é un presidente transparente, diga a esta Cámara que está disposto a comparecer eiquí para explicar. Eu llo pido en nome da maioría deste Parlamento, señoría. (*Aplausos.*)

Señoría, iníciase o curso cun goberno enfermo, cun goberno deteriorado irremisiblemente porque ten un mal imposible de solucionar. Este Goberno está partido pola metade e non hai... imposible fisicamente que alguén poida funcionar partido pola metade, señoría. Solamente hai unha data que non sabemos, a enfermidade é irreversible, vostede preside un goberno enfermo, e a única data que vamos a coñecer nos próximos meses é a data de defunción deste Goberno enfermo que Galicia non se merece.

Moitas gracias, señoría. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Núñez Feijoo.

Lle prego ás súas señorías que manteñan silencio e escoiten respectuosamente a todos os deputados.

Moitas gracias.

Señor presidente da Xunta, ten vostede a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Señoría, iníciase o curso cun goberno que goberna, que cumpre e que puxo aos cidadanos no centro da súa atención e da súa preocupación. Iníciase o curso cunha oposición, unha vez máis, que amosa a súa inutilidade, a súa esterilidade, que se dedica a intoxicar, e hoxe a mentir nesta Cámara. E hoxe a mentir gravemente nesta Cámara, señor Feijoo. (*Aplausos.*) E o que é peor, a mentir, como acaba de demostrar, con pleno coñecemento de causa de por que miente. E a continuación me referirei a eso, teña vostede toda a seguridade. Pero si hai un goberno que cumpre, e o acabo de demostrar na intervención anterior e está aí, e os galegos ben o saben.

Señor Feijoo, vostede si que sabe de crisis. Crisis do seu Goberno entón e do seu partido. Agora non pode permitirse

engañar a ninguén, xa non engaña a ninguén, e lle pido que deixe de intoxicar, xa non de mentir, pero de intoxicar en calquer caso. Todas as galegas e os galegos temos na memoria a imaxe daquel setembro bochornoso do ano 2004, cando o Goberno galego do que vostede era vicepresidente estivo contra as cordas pola revolución interna dos chamados rebeldes de Ourense. Si, si, eses mesmos que agora están a carón do seu portavoz parlamentario, eses mesmos que se sentan a carón do seu portavoz parlamentario, a quen aproveito a ocasión para felicitalo no seu novo cargo, tras ese longo período de consultas, señor Feijoo, que parece necesitou para poder decidir a nomeación.

Falan de crisis, cando vostede accedeu ao Goberno despois da dimisión, o cese, de tres conselleiros, dun escándalo notorio en todo o país e dun Goberno roto e paralizado. Vostede si sabe de crisis, por eso non debería entrar no que está entrando, dende unha auténtica frivolidade e responsabilidade, que é a súa característica dende o seu lado. Por certo, vostede dirixe un partido que dá por amortizado ao seu candidato e que cada día aparece un novo sucesor. Por certo, incluído o propio presidente fundador do partido, que tamén se apunta a unha reflexión tan sesuda nesa dirección. Eso é o que hai, señor Feijoo.

Mire, fala vostede da televisión. Mire, na televisión o primeiro que quero dicir con claridade é que nunca o presidente da Xunta de Galicia vai a intervir nin intervirá, nin deixará intervir nunca, nunca –porque é a miña concepción democrática como presidente dun goberno dun país democrático–, na televisión, en ningún aspecto e en ningún sentido. E na mesma dirección, aí está a evidencia publicamente plantexada, corresponde a mesma [...] e o mesmo criterio ao vicepresidente da Xunta de Galicia, que está aquí nesta sesión de control. Si, señor Feijoo, ¿saben o que hai realmente?, que hai que ter respecto polos mecanismos institucionais, e lle pido ese respecto. Hai unha Comisión de control parlamentaria, hai un órgano de [...] do consello de administración, hai un presidente do consello e un director xeral. Eses son os mecanismos para plantexar todo o que queira plantexar coa televisión.

Eu lle teño que dicir tres reflexións políticas en relación coa televisión, dito o anterior. Considero que a sociedade galega aproba o cambio na Televisión de Galicia. Cando vostedes gobernaban, e cando a crisis do *Prestige*, a audien-

cia marchou espantada e abandonou a Televisión de Galicia por como manipulaban. Cando a crisis dos incendios, do pasado mes de agosto, a audiencia se volcou e seguiu os telexornais da información pública de Galicia. Están aí os datos, non fagan demagogia.

Mire, ese contraste entre o abandono e o seguimento que expresa que realmente hai unha televisión que informa, e informa dende a pluralidade, lle podo decir que o Telexornal 1 é o espazo informativo con máis cota de pantalla, máis seguido polos cidadáns, non polas súas historias, chegando a acadar o 30 e o 31% de seguimento, o máis alto de todas as televisións públicas e privadas en Galicia. Entre os vinte e cinco programas de televisión máis vistos, en dez ocasións figura xustamente o telexornal da televisión pública de Galicia.

Lle vou a dar algún dato máis. Se comparamos o período electoral último que acabamos de ter, as eleccións municipais, co período electoral equivalente das eleccións municipais cando gobernaban vostedes, lle direi que, cos datos nas mans, a presenza da Xunta de Galicia nesa precampaña electoral, con Fraga na presidencia, foi de dúas horas e corenta minutos, e coa presidencia deste Goberno, de unha hora e dous minutos, exactamente duplicaba a presenza do seu Goberno. Non digo que eso fora resultado da manipulación antes nin agora é positivo. É o resultado do exercicio da autonomía e do exercicio responsable, que vostede non entende, de quen dirixe e ten a responsabilidade de dirixir ese ente autónomo.

E, por certo, lle direi tamén que, se tomamos a referencia do último semestre de goberno de vostedes, o último semestre de goberno actual, o presidente Fraga estaba un 30% de veces máis tempo na televisión que pode estar o presidente actual. Eses datos corroboran, están aí á súa disposición, na sesión de control, nos órganos pertinentes, corroboran que hai unha cidadanía que está dando o respaldo a unha plural televisión e autonomía independente.

Bueno, vostede pasou a raia, cruzou a raia que nunca debiera haber cruzado, señor Feijoo, e veu a esta sesión parlamentaria a intoxicar e a mentir; a intoxicar e a mentir. A autovía do Barbanza —déixeme que lle fale, señor Feijoo; escoite, escoite tranquilo cun sorriso, que o vexo hoxe especialmente tenso; non sei como lle empeza o curso pero o

vexo especialmente tenso—... Mire, ¿sabe cal é a diferenza?, que hai un goberno, do que vostede era vicepresidente e responsable desa materia que agora cito, a política territorial e as obras públicas, que fixo o que son auténticas chapuzas mortíferas, que se chaman a vía rápida do Barbanza e a vía rápida do Salnés. E veu un goberno, que presidido, que mandou parar esas chapuzas para facer obras que poñen en primeiro valor a calidade e a seguridade viaria. Esa é a diferenza entre vostede e o Goberno que presidido. E vostede debería vir, se tivera o que ten que ter democraticamente, e asumir as responsabilidades políticas diante o que dice o Consello de Contas de caos e despilfarro pola súa xestión —a de vostedes— na Cidade da cultura, e pedir perdón e dar explicacións á cidadanía deste país como usted ten o coraxe de seguir manipulando e decindo como é capaz, baixo a súa responsabilidade, de pretender adxudicar unha autovía sen capa de rodadura drenante, cos pilares no centros da autovía e sen cunetas de seguridade. Unha adxudicación fraudulenta aos intereses da cidadanía deste país. *(Aplausos.)* E ten a cara de vir aquí a mentir e enganar. Non merece vostede estar donde está, señor Feijoo. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Gracias, señor presidente.

Lles prego silencio, por favor. Lles prego silencio. A non ser que queiran que llo diga un a un dos que están falando, que llo pida personalmente. O podo facer, que os estou vendo desde eiquí, como vostedes saben.

A pregunta agora...

¿Si, señora Cerquido?

Pregunta de D. Ismael Rego González, do G.P. dos Socialistas de Galicia, sobre as implicacións para a comunidade educativa da política que está a desenvolver o Goberno galego en materia de ensinanza de idiomas estranxeiros

A señora **PRESIDENTA**: A pregunta agora é de don Ismael Rego González, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as implicacións para a comunidade educativa da política que está a desenvolver o Goberno galego en materia de ensinanza de idiomas estranxeiros.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Rego González.

O señor REGO GONZÁLEZ: Moitas gracias, señora presidenta.

Señorías.

Señor presidente da Xunta de Galicia, un dos principais compromisos que os socialistas galegos asumimos cos cidadanos nas pasadas eleccións autonómicas foi unha aposta clara e decidida pola educación do noso país, como mellor mostra e como mellor forma de garantir a igualdade entre os nosos cidadanos e tamén como mellor forma de que o noso país acadara estándares de crecemento e de benestar acordes co mundo que nos rodea, e, polo tanto, señor presidente, de máxima capacitación sobre os nosos cidadanos.

Hoxe, estos días, está a iniciarse un curso [...] ben relevante, por certo, e que ensina con claridade o éxito –baixo o noso punto de vista– das medidas postas en marcha polo Goberno. Por primeira vez en bastantes anos iniciamos un curso escolar con máis docentes, con máis nenos e con máis nenas, pero tamén, o que é o máis importante, por primeira vez en moitos anos con máis profesores e con maior estabilidade no emprego desos profesores. Polo tanto, estamos diante dunha nova situación fruto, sin duda ningunha, dos dous anos de goberno e da estratexia que o propio Goberno puxo en marcha. Aumentáronse, sin duda –e vostede acaba de reflexalo aquí fai un momento–, unha cantidade importante de servizos á cidadanía, de mellora non solamente da oferta de servizos aos nenos e ás nenas e de capacitación tamén dos propios profesores senón tamén de medios e de recursos no propio sistema educativo.

Sin duda unha das cuestións relevantes nun mundo globalizado como no que vivimos é a capacitación en idiomas estranxeiros. Nos parece que afondar aí era un compromiso que vostede ten expresado con rotundidade nesta Cámara no debate de investidura e tamén tiña comprometido cos cidadanos durante a campaña electoral, e así aparece reflexado tamén no propio acordo de goberno. Nos parece que é unha aposta importantísima para que a nosa sociedade se mova en termos equiparables coas que nos rodean de forma internacional, dada a interdependencia económica e a todos os niveis do conxunto das sociedades. Polo tanto, señor presidente, nos parece da máxima relevancia a súa valoración sobre as implicacións para a comunidade educativa da polí-

tica que está a desenvolver o seu Goberno en materia de idiomas estranxeiros.

Nada máis e moitas gracias.

A señora **PRESIDENTA:** Moitas gracias, señor Rego.

Ten a palabra o señor presidente da Xunta.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Si, gracias, señoría.

Para o Goberno a educación é un factor, o primeiro factor de progreso, non só nun sentido individual, que o é, sen dúbida, senón, e principalmente, de desenvolvemento social e de construción dun país máis dinámico, máis emprendedor, aberto, cohesionado e ao mesmo tempo plural. Ese esforzo debe perdurar no tempo e neso estamos. Pero creo que xa se poden visualizar iniciativas moi importantes, como veño de reseñar, ao longo deste período de sesións. Exemplo desto diría, no terreno da igualdade, a gratuidade dos libros de texto, total e plena en todo o ensino obrigatorio; a apertura das comunidades... dos comedores, a toda a comunidade escolar durante todo o curso, durante todo o curso; a implantación da figura do acompañante escolar, un incremento orzamentario do 200% en relación co ano de inicio deste Goberno; o apoio ás novas tecnoloxías, duplicándose, duplicándose en dous anos a aposta por mellorar os centros educativos, incrementando o capítulo de obras nun 66%, os equipamentos nun 128.

Se queren que o resuma, e debo resumilo, direi que o gasto, o investimento educativo por alumno en Galicia, pasou en dous anos de 4.500 euros por alumno a 6.200. É o día de dicilo porque hoxe se inicia o curso escolar. Todo o barullo que aquí se monta ten como destino –ao meu entender– tapar, intoxicar e esconder a realidade dun país que está avanzando. Acabamos entre todos os cidadáns galegos de dedicar un 36%, un 37% máis de gasto á educación en dous anos, un esforzo que enuncia con claridade a vocación de progreso e de igualdade do Goberno da Xunta de Galicia. Esa aposta, sin dúbida –e agora me referirei a ela–, ten un campo central de actuación na educación de idiomas. O ensino temperán de idiomas en educación infantil, enviando cando sexa preciso, dende xa mesmo, a petición dos propios centros, un profesor itinerante cada catro unidades neste

curso. A partir deste curso que agora se inicia, como digo, estudarase a primeira lingua estranxeira dende os 6 anos, ata agora eran os 8, e ofertarase con carácter común en primeiro e en segundo de ESO unha segunda lingua estranxeira. Convocaremos 1.500 bolsas para estudar no estranxeiro nos meses do verán; un esforzo que sitúa a esta comunidade, si, nunha posición pioneira e á vanguarda do Estado. Non o fai ningunha comunidade autónoma como o fai a que presido, este Goberno da Xunta de Galicia.

Estamos incrementando de maneira moi substancial os medios e os recursos das escolas de idiomas para atender a demanda actual xa no conxunto da poboación. Para as escolas oficiais de idiomas son centros especializados, configuran un modelo único de centro público ensinante de idioma na Unión Europea dirixido ás personas que xa remataron a ensinanza obrigatoria.

Galicia contaba, contaba, cun total de 14 centros, 22 alumnos..., 22.000 alumnos. Agora direi en canto estendemos esa red de centros, en canto ampliamos a oferta e en canto incrementamos o profesorado e o alumnado, se me permite a súa señoría, no segundo turno de intervención.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor presidente.

Señor Rego, ten vostede a palabra.

O señor REGO GONZÁLEZ: Si, señora presidenta, moitas grazas.

Certamente, os datos que vostede acaba de ofrecer á Cámara, señor presidente, baixo o noso punto de vista, son para nós de alta satisfacción por unha razón: por un lado, sen dúbida, enséñan o que as medidas do Goberno foron no camiño acertado, que foi un grande éxito apostar pola educación, apostar polo investimento en educación, cumprir ese compromiso dado cos cidadáns, e xa era hora, señor presidente, de que isto, ademais, puidéramos aparecer Galicia e os galegos como unha comunidade punteira en materia de aposta polo sistema educativo e polo reforzamento da súa calidade.

Vostede sabe coma min, como saben todos os galegos, que agardamos moito tempo por esas medidas positivas que víamos que estaban adoptando en outras comunidades autó-

nomas do Estado español, e víamos como Galicia se quedaba atrás no tema dos libros de texto, no tema das bolsas para estudos no estranxeiro, no tema do acompañante escolar. Víamos como se estaba poñendo en marcha noutras comunidades autónomas de España e, desgraciadamente, aos galegos parecía que nunca podía chegar esa situación. Alégranos sinceramente que hoxe non solamente puidéramos demostrar que era posible, que Galicia tiña posibilidades de facelo e que solo faltaba un goberno comprometido con este tipo de iniciativas e comprometido cos seus cidadáns e co seu benestar e tamén co seu avance social.

Polo tanto, nos parece e animamos ao Goberno —xa lle adianto que vai a contar non solamente co apoio, senón co alento máximo do Grupo Parlamentario Socialista—, no apoio ao Goberno en todas estas iniciativas para seguir avanzando e para que Galicia se poña á cabeza unha vez máis tamén no eido educativo de todas as comunidades autónomas de España e das rexións máis avanzadas de Europa.

Eso para nós é o futuro e estamos seguros que tamén o é para vostede, como se ten demostrado en máis dunha ocasión.

Nada máis e moitas grazas.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor Rego.

Señor presidente da Xunta, ten vostede a palabra.

O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Pérez Touriño): Si, señoría.

Para dicir sinteticamente que este ano, este curso escolar que escomenza, Galicia poderá contar con nove escolas, nove centros novos en escolas oficiais de idiomas adicionais, con máis de 4.000 prazas máis de ensino de idiomas na nosa comunidade e con 54 profesores especializados en inglés, nativos, que se incorporarán a esas escolas oficiais de idiomas. Os actuais 14 centros vanse incrementar, como digo, en nove; isto nos permitirá ir a unha rede de 23 centros, que comezarán a funcionar este curso académico. Esta ampliación non é menor, permitirá ampliar de forma moi importante o ámbito do ensino de idiomas a unha poboación que reside en zonas afastadas das grandes cidades e que vai

a facer especial fincapé na lingua máis demandada, que é o inglés.

Ampliaremos a oferta e as novas linguas. Aínda que a principal demanda que teñan as escolas sexa o inglés, sabemos que existe un especial interés pola aprendizaxe doutras linguas nun país moderno e nunha economía interdependiente e global como a actual, tanto as máis próximas ao entorno europeo como aquelas directamente vencelladas polo pulo económico e a expansión da economía a países como os asiáticos.

Neste curso que comenza implantaranse as ensinanzas de chinés e xaponés na Coruña e en Vigo. Ademais a oferta de idiomas verase ampliada co italiano en Vilagarcía, o portugués en Tui e en Ferrol, que tamén é demandado especialmente.

Incrementamos o profesorado: dotación adicional de 54 profesores especialistas en inglés con destino ás escolas anteditas, o que vai a permitir ampliar as prazas e a calidade da enseñanza efectuada. Este incremento vén dado por un convenio formalizado entre a Consellería de Educación e Ordenación da Xunta e o Ministerio de Educación e Ciencia no marco do programa “Inglés para a xuventude”. Isto permitirá dar un salto no alumnado: o 18%, practicamente 19% de incremento de prazas; 4.000 prazas máis no curso escolar que se inicia.

Hai outras cuestións importantes adicionais para as escolas oficiais de idiomas, como centros especializados en linguas modernas, a través de acordos entre a consellería e a Secretaría de Política Lingüística, como na formación en lingua galega cara á obtención da acreditación en linguaxe administrativa ou na preparación para a obtención dos novos certificados denominados Celgas (o certificado de coñecemento da lingua galega). E estamos tamén establecendo convenios, entre outros co Consorcio do Audiovisual de Galicia, para obter unha formación específica en idiomas orientada a distintos colectivos profesionais.

En síntesis, señorías, estamos facendo un esforzo educativo sin precedentes na historia de Galicia para conseguir máis igualdade, para conseguir ganar esa batalla do multilingüismo pendente na nosa historia propia, para ganar a batalla da utilización masiva e razoable das novas tecnolo-

xías nos centros e para que Galicia salga das cifras ata agora inasumibles de fracaso escolar.

Espero que ben pronto os informes internacionais que aparezan den conta, estou seguro, da mellora xa nos niveis de éxito escolar por parte da nosa comunidade. Iso é facer país. A intoxicación e a rumoroloxía a deixamos para as bancadas do Partido Popular.

Moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor presidente.

Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. Bieito Lobeira Domínguez, sobre a adopción de medidas en defensa da frota bacallaeira galega

A señora **PRESIDENTA**: Pasamos ao punto 6.º da orden do día, de proposicións non de lei, comenzando pola do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a adopción de medidas en defensa da frota bacallalleira.

A esta proposición non de lei presentouse unha emenda, documento 23.403 do Grupo Parlamentario Socialista de Galicia.

(“Emenda de modificación:

Débase substituír o texto da parte resolutiva da Proposición non de lei polo seguinte:

‘O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a seguir traballando conxuntamente co Goberno de España diante dos organismos internacionais a prol da flota bacallaeira galega coa adopción das seguintes medidas:

1.- Solicitar o incremento da cota de captura de bacallau nas illas Svalbard a fin de mellorar a viabilidade da flota bacallaeira galega.

2.- Demandar a participación da Unión Europea na vixilancia conxunta da área de Svalbard co obxecto de garantir unha presenza comunitaria nas labores de inspección e vixilancia pesqueira.

3.- *Defender a vixencia dos Tratados Internacionais, apostando pola vía do diálogo como medio a través do cal mellorar a posición de Galicia e de España nas relacións soico-económicas mundiais. '.*")

A señora **PRESIDENTA**: Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, trae hoxe o Bloque Nacionalista Galego ao Parlamento de Galiza unha proposición non de lei referida ao segmento da flota pesqueira galega de altura que resultou historicamente máis agredida como consecuencia dunha serie de decisións políticas adoptadas desde Madrid e desde Bruxelas que provocaron o desmantelamento practicamente total deste segmento de flota. Fíxense vostés, nos últimos vinte e cinco anos Galiza perdeu o 93% do que no seu día foi a grande flota bacalloeira galega, o 93%. Por tanto, en só vinte e cinco anos fican en Galiza o 7% tan só das unidades operativas dos buques que conforman a flota bacalloeira galega; o resto das embarcacións, despegadas ou vendidas a outros países. Milleiros de traballadores do mar, milleiros de mariñeiros foron ao desemprego ou mesmo a se embarcar de calquer maneira en flotas con bandeiras de conveniencia ou noutros segmentos de flota.

En só vinte e cinco anos, por tanto, Galiza perdeu 150 buques que conformaban esta grande flota bacalloeira e 4.500 postos de traballo no mar. Só nesta flota do bacallau, e non falo do que significaba o correspondente continxente de traballo en terra.

Lamentamos, iso si, desde o Bloque Nacionalista Galego que o Partido Popular diante desta situación, que é obxectiva, defenda unha posición diferente, derivado dunha análise que, desde logo, nós non podemos compartir, entendendo desde o Partido Popular que son razóns de carácter biolóxico ou de escaseza de recursos as que teñen influído no proceso de desmantelamento deste segmento de flota, algo que nós non compartimos, por suposto, senón que o vinculamos a unha situación de subordinación de carácter político e mesmo ao singular status que ten o sector pesqueiro galego no contexto da política común de pesca da Unión Europea e que ten provocado situacións como estas.

Lamentamos, por tanto, que o Partido Popular vaia votar en contra desta proposición non de lei. Lamentámolo porque pensamos que sería bon que existira un pronunciamento unánime deste Parlamento por este motivo. Sabemos que o Partido Popular vai votar en contra porque consideramos que o Partido Popular é un partido coherente, que defende os seus principios e os seus valores de xeito coherente fóra de tacticismos oportunistas ou circunstanciais. E do mesmo xeito que unha iniciativa destas características foi votada en conta na anterior lexislatura, do Partido Popular, actuando daquela o señor Ruíz Rivas como portavoz en materia de pesca sobre esta mesma cuestión, e que dicía que o problema da flota bacalloeira galega viña derivada do cambio climático, da actividade humana a través da sobreexplotación e que os mariñeiros galegos que provocaban, que sufrían esta situación —estou falando do *Diario de Sesións*— dicían que cando rematan o seu período de traballo, saben que traballo non lles falta a todos aqueles que o queiran ter. Un mariñeiro que é recoñecido pode estar en calquer outra flota. E dicía, sobre a posibilidade de incremento de cota en Svalbard, que coa situación biolóxica desta pesquería non se pode manter esa petición se nos baseamos en criterios de pesca responsábel. Como supoñemos que o Partido Popular é un partido coherente nos seus principios, supoñemos que o feito de que naquel momento, cando votaron en contra o Partido Popular, tivera o Goberno español e tamén o Goberno de Galiza, non influirá nun cambio de posición. Por iso temos que lamentar de partida que o Partido Popular vaia votar en contra desta iniciativa por razóns de coherencia, de pura coherencia.

Porén, o Bloque Nacionalista Galego segue a defender o mesmo, segue a defender o mesmo, con independencia da cor política dos gobernos de turno. Tiñamos un problema e seguimos a ter un problema coa flota bacalloeira galega. O trato que recibe o sector pesqueiro galego no contexto da Unión Europea non é de recibo, non é de recibo. E non son razóns de carácter biolóxico ou de escaseza de recursos ou de cambio climático, non; son decisións políticas adoptadas de xeito consciente.

No seu día o ingreso do Estado español na Unión Europea supuxo entre outras cuestións converter a pesca galega en auténtica moeda de cambio fronte a outro tipo de intereses que o Estado español preferiu priorizar. E así seguimos a padecer unha situación que é inxusta e discriminatoria.

Fíxense vostés –e así o relatamos no texto da nosa proposición non de lei– se a vostés lles parece xusto o que nestes momentos está a acontecer coa nosa flota bacalloeira, a galega, no contexto de Europa comunitaria. En Groenlandia, que, por certo, como saben vostedes, é un territorio baixo soberanía danesa, mais que mantén un status especial fronte á Unión Europea, poden faenar buques daneses, alemáns e británicos. Galiza ten cota cero. Nas illas Feroe, tamén baixo soberanía danesa, poden faenar buques de Alemaña, Franza, Reino Unido e Dinamarca. Galiza ten cota cero. No caladoiro de Kattegat, buques con bandeira de Dinamarca, Alemaña e Suecia. Galiza, cota cero. Na zona III A do Mar do Norte, que son augas da Unión Europea, onde teoricamente todos somos iguais, poden faenar buques –fíxense vostés– de Bélxica, Alemaña, Dinamarca, Franza, Holanda, Suecia, Reino Unido e Noruega, que non forma parte da Unión Europa. Galiza ten cota cero. Prohibénnos incluso o acceso a augas comunitarias mentres é posíbel que buques pertencentes a estados extracomunitarios si poidan pescar no mesmo lugar onde nós temos vetada e prohibida a entrada. Na zona III BCD, tamén dentro de augas da Unión Europea, poden faenar buques de Dinamarca, Alemaña, Finlandia, Suecia, Letonia e Polonia. Galiza, cota cero. Na zona, no caladoiro de Skagerrak, buques de Bélxica, Dinamarca, Alemaña, Holanda e Suecia. Galiza, cota cero.

E logo din cos do Bloque somos antieuropeus; antieuropeus serán os que exclúen a flota galega como flota europea e, polo tanto, prohiben o seu acceso a caladoiros europeos, e, desde logo, cunhas regras de xogo que, francamente, non son de recibo. Galiza está exclusivamente excluída, non nos consideran na práctica frota comunitaria.

Consecuencia de todo este proceso: que a flota bacalloeira galega a día de hoxe só pode faenar cunha cota ridícula nun único caladoiro, arquipélago das Svalbard e adxacente o mar de Barents: quince buques, seis parellas e tres bous. Augas sometidas, as deste caladoiro, a un tratado internacional, o Tratado de París de 1920, e a un reparto de cotas no cal o 97% da cota de bacallau dese caladoiro repártese entre Noruega e Rusia e para Galiza fica o 1,5%; no único caladoiro no que nos permiten pescar a día de hoxe e que provoca que durante tres-catro meses os buques poidan faenar e o resto do ano fican amarrados a porto e os mariñeiros, os tripulantes galegos, buscándose a vida o resto do ano. Por tanto, non é problema de escaseza de recursos, é problema

de distribución política de cotas de captura e o rol de Galiza nese contexto.

Os problemas son coñecidos. No caso de Svalbard, Noruega ten actuado unilateralmente, non porque lle interese especialmente a pesca, porque ten cota de captura dabondo, senón por intereses petrolíferos e gasísticos descubertos nas súas propias augas, o cal ten provocado que, por exemplo, o pasado ano 2006 tres bacalloeiros galegos, o *Arousa Nove*, *Arousa Doce* e *Arousa Quince* foran apreixados, que 68 mariñeiros galegos foran retidos durante tempo no porto de Tronso, en Noruega, que este mesmo ano un buque vasco, mais con tripulación galega e con descargas no porto de Cangas, o *Bahía de Guipúzcoa*, fora tamén retido, e todo isto mesmo por entender desde a parte norueguesa que os coeficientes que miden a diferenza entre o peixe salgado e o bacallau en fresco non son os correctos e diferencias de interpretación entre o que é unha normativa española que legaliza eses coeficientes e unha normativa noruega que non coincide con eses mesmos criterios. ¿Quen paga a situación? A flota pesqueira galega, a flota do bacallau.

A proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego está orientada a enfrentar a problemática que padece a flota bacalloeira galega en tres vías fundamentais: a primeira, incrementar a capacidade produtiva e, por tanto, extractiva da nosa flota, facéndoa viábel e con garantía de futuro. Iso significa incrementar cotas de captura, facer que o Estado español e a Unión Europea negocien incremento de cotas de captura ou mesmo diversificación da actividade noutros caladoiros.

En segundo lugar, resolver o drama humano de moitos tripulantes. Son centos os tripulantes desta flota, e pensamos que hai fórmulas que poden provocar unha contratación de carácter máis estábel. Queremos lembrar, por exemplo, que non é o mesmo un mariñeiro galego embarcado nun buque bacalloeiro galego que un mariñeiro galego embarcado nun buque bacalloeiro vasco; inda que desenvolven o mesmo traballo no mesmo caladoiro están en situación contractual completamente diferente. Nós demandamos estabilidade de protección social no posto de traballo.

E, finalmente, o que fai falta tamén: pararlle os pés a Noruega, que non actúe unilateralmente, que deixe de acosar, de perseguir e de apreixar os buques bacalloeiros gale-

gos e que se ataña á legalidade internacional, que é o mesmo que dicir o Tratado de París, 1920.

Remato xa, agradecemos a emenda do Partido Socialista que, desde logo, vai servir para chegar a un acordo consensuado e, en todo caso, apelar, se é posíbel, á incoherencia do Partido Popular para que se sume tamén a un acordo que sería bon fose unánime polo ben da flota bacalloeira galega.

Grazas, señora presidenta. (*Aplausos*.)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Lobeira.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Gracias, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, diante desta proposición non de lei do Bloque Nacionalista Galego que vén de defender o señor Lobeira, manifestar en primeiro lugar que temos unha coincidencia de fondo en canto estamos a defender os intereses da flota galega dende a posición do Partido Socialista, pero tamén dende a posición dos gobernos de Galicia e de España, Goberno galego e Goberno español, que veñen traballando xa dende fai algún tempo na defensa da nosa flota.

Nós formulamos unha emenda, e tal como avanzaba o señor Lobeira seguramente non teremos dificultade para chegar a un acordo, dado que esa coincidencia de fondo nos permite poñer de manifesto o que é fundamental. Fundamental ao noso xuício é defender os intereses da nosa flota e, por tanto, solicitar un incremento da cota de captura de bacallau no arquipélago das illas Svalbard a fin de mellorar a viabilidade desta flota que veño de citar. Pero non só eso, senón tamén demandar pois esa participación da Unión Europea no que é a vixilancia conxunta na área de Svalbard co obxecto de garantir unha presenza comunitaria nas labores de inspección e vixilancia pesqueira. Precisamente, ¿para que? Precisamente para resolver esas dificultades que xurden nos criterios que trata de aplicar unilateralmente Noruega.

Dito esto, a min me gustaría facer algunhas puntualizacións co obxecto de que puidéramos conflúir todos nunha

mesma posición. O tope admisible de capturas, o TAC, do ano 2007 está en 410.000 toneladas; a Unión Europea ten un TAC de 15.457 e España de 7.006 toneladas. Polo tanto, temos que poñer encima da mesa algunhas cuestións que son importantes precisar.

Primeiro, a Unión Europea non fixa o TAC do que estamos a falar, nin a Unión Europea nos discrimina, basicamente porque a Unión Europea non é a que decide este TAC. Se decide nunha comisión mixta, como ben sabe o señor Lobeira, entre Noruega e Rusia, na que nesa comisión si participa a Unión Europea. O digo por precisar. Desde logo, isto non vai a ser un problema para defender a posición que xa está a defender o Goberno galego e o Goberno español, pero é importante. Quero dicir que non utilicemos sempre...; é dicir, eu podo entender, desde unha posición ideolóxica respectable, a non coincidencia en moitos asuntos da Unión Europea. Non é a nosa posición, é a doutros, pero, eso si, temos a metade exactamente, a metade da cuota da Unión Europea. Outra cousa é que nós temos unha coincidencia de fondo importante na necesidade e na oportunidade de incrementar esas cotas de captura de bacallau. Polo tanto, temos unha posición común en defensa dos intereses da nosa flota, por suposto, agora ben, non só iso é o relevante, o relevante tamén é cambiar, que é o que están a facer os gobernos de Galicia e España, cambiar a forma de traballar nos organismos internacionais. Porque solicitaba o señor Lobeira a introdución de determinados caladoiros na nosa flota, pero a actuación do Goberno de España cando gobernaba o Partido Popular, pola vía xudicial e non pola vía da cooperación, do diálogo, do entendemento, levou a que esa xudicialización ten un resultado final cunha serie de recursos que se plantexaron e todos eles cun resultado negativo. Ese resultado negativo fai que a día de hoxe teñamos serias dificultades.

Polo tanto, creo que é bo que precisemos, que precisemos o punto do que partimos. É dicir, un TAC de bacallau ártico que decide unha comisión mixta Noruega-Rusia e unha asignación á Unión Europea cunha cota proporcional en virtude do principio de estabilidade relativa, que pode ser cuestionable ou non, aquí non se fixo alusión a el, pero, dende logo, que é importante ter en conta basicamente porque se toman unhas decisións. A nós nos parece moito máis relevante, que a discusión do principio filosófico, nos parece moito máis relevante que consigamos mellorar a situación que ten a nosa flota.

Polo tanto, o incremento de cuota de capturas é necesario. E ademais teño que dicir que o Goberno galego ten feito traballo e xestión nesta dirección e o Goberno de España tamén. Agora, non debemos esquecer que nin o Goberno de España nin a Comisión Europea poden unilateralmente aumentar o citado TAC, e eso é unha realidade á que non podemos ser alleos.

Nós, desde logo, tamén vemos ben que a nosa flota poida traballar noutros caladoiros, aquí se fixo un relatorio de determinados caladoiros e de determinadas situacións. Por suposto que o Grupo Parlamentario Socialista considera positivo que poidamos explorar a entrada de España e de Galicia neses caladoiros, non só por unha única vía, senón tamén traballando no plano científico con campañas que tamén poden ir dirixidas nesa dirección.

E decía antes que a solución que adoptou o Goberno de España, cando gobernaba o Partido Popular, foi xudicializar estos conflitos. ¿E cal é a política que nós defendemos? A política que está levando adiante o Goberno de España e o Goberno galego. Teño aquí mesmo un acordo asinado polo Goberno de España e polo Goberno de Noruega de marzo do 2007 precisamente tendente a eso ao que facía alusión o señor Lobeira, a buscar puntos en común, vías de diálogo que permitan resolver as diferencias de criterio. E unha das decisións recollidas nese principio de acordo, nese protocolo, é, precisamente, crear un grupo conxunto entre os dous estados para resolver diferencias de interpretación e de criterio en torno á cuestión que nos ataña nas illas Svalbard. Polo tanto, se están dando pasos nesa dirección; se deron en marzo, se deron en xuño e se deron no mes de agosto coa visita da conselleira de Pesca do Goberno de Galicia a Noruega. No cal, pois seguramente no día de hoxe teremos oportunidade de coñecer máis en detalle ese traballo e esa visita, dado que este deputado ten formulado unha pregunta para coñecer as xestións que fixo a señora conselleira, pero creo que se está traballando na dirección, na dirección axeitada. Polo tanto, creo que incrementar a nosa participación pola vía do diálogo, pola vía da cooperación, pola vía do entendemento vai a dar cando menos moito máis resultado do que dou noutras épocas.

Por suposto que nós defendemos o Tratado de 1920 de París, o que non quita de que Noruega na práctica, como vostedes seguramente ben saben, non o acata. E eso nos leva

ás dificultades que veñen de ser relatadas. Agora ben, que a Unión Europea poida traballar para participar na vixilancia conxunta nesta área de Svalbard co obxecto de garantir, pois, a presenza nas labores de inspección pesqueira e de vixilancia sería un paso positivo para o conxunto da nosa flota.

Non quería deixar de aproveitar a ocasión para falar tamén das condicións laborais das nosa flota, ás que se referiu o señor Lobeira, e dicir que os socialistas apostamos por que haxa máis convenios colectivos. Pensamos que sería moi interesante que se impulsaran accións que melloraran a situación sociolaboral destes traballadores. Ao mellor non determinando, porque eu creo que hoxe non podemos determinar de qué xeito, de qué maneira, pero, dende logo, o que temos é que favorecer que haxa máis acordos laborais que permitan incrementar a calidade de vida destes traballadores. Eu creo que é algo que nos debe de unir a todos, aos tres grupos, aos tres partidos políticos que representamos nesta Cámara a todos os galegos e a todas as galegas. Penso que é posible que teñamos un acordo porque os gobernos galegos, o galego e o español, xa o están facendo e o están facendo na dirección aquí apuntada.

Polo tanto, máis alá das puntualizacións feitas, creo que é un bo momento para que as tres forzas políticas que están presentes na Cámara nos unamos en defensa da flota bacalladeira galega.

Nada máis e moitas gracias, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Lage Tuñas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Gracias, señora presidenta.

Señoras deputadas e señores deputados, señorías, quixera empezar a miña intervención en este pleno dicindo que lamento moito, en nome do Partido Popular, en nome do meu grupo, a falta de verdade que tuvo o presidente da Xunta en esta Cámara hoxe pola mañá ao afirmar que a ningún galego e a ningunha galega lle costaba un só euro os libros de texto. Eu, que son pai de familia, sei o que valen os

libros de texto. O que lamento eu, que non vaia ser que ao señor presidente da Xunta non lle coste nin un sólo euro, por eso ten el esa información, e ao resto dos galegos os teñamos que pagar. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Señor Balseiro Orol, o chamo á cuestión, o chamo á cuestión, porque me vai a permitir vostede que os seus asuntos familiares os trate en outro sitio e que non..., non fale doutra cousa que non sea a cuestión da que ten a proposición non de lei.

E, señor Diego Calvo, deixe de facer gestos, leva vostede de toda a mañán gesticulando. *(Murmurios.)*

Prosiga.

O señor BALSEIRO OROL: Gracias, señora presidenta.

Señorías, desde o Grupo Parlamentario Popular queremos indicar que compartimos a preocupación do grupo proponente ante a grave situación pola que está a pasar a flota bacallaeira. Neste senso xa anuncio que apoiaremos esta proposición non de lei con total lealtade e posto que existen puntos de acordo esenciais coas peticións da súa iniciativa, señor Bieito. Apoiamos a súa proposición non de lei tal como está, tal como está. Non vamos apoiar a enmienda do Partido Socialista porque non dice nada e é genérica. Espero que vostede sea leal a esta Cámara, seña leal aos problemas que está a ter a flota galega, e manteña a súa proposición de lei tal como a ten porque xa ten asegurado que a vai a sacar adiante co voto do Partido Popular. *(Aplausos.)*

O Partido Popular de Galicia esixeu no seu día un cambio de actitude do Goberno, tanto galego como central, de cara a recuperar o peso internacional e o respecto que o noso país e a nosa flota pesqueira demanda e merece. A Xunta de Galicia nin debe nin pode deixar de lado as preocupacións do noso sector pesqueiro, moito menos non debe asistir como convidada de pedra ao que pode ser o desmantelamento da flota bacallaeira galega ante o peche da pesquería e o acoso e os abusos que está a sufrir esta flota.

O departamento que dirixe a señora Carmen Gallego, e que vostede asesora, señor Lobeira, debe asumir as súas responsabilidades de abandonar a súa actitude e deixadez co sector muy grave nestes dous últimos anos. Non debemos

esquencer aquí que indica o propio texto da súa iniciativa que o ano pasado asistimos ao apresamento de varios barcos galegos polas autoridades noruegas, barcos que faenan nas augas das Svalbard, que son augas internacionais que se atopan suxetas ás previsións contidas no acordo internacional de 1920, baixo Tratado de París. Segundo este tratado, corresponde ao país de abandeiramento do barco tramitar os expedientes sancionadores, se é que son necesarios, nos posibles casos de pesca ilegal. Todo isto o saben as autoridades noruegas, o saben as autoridades españolas e o sabe o Goberno galego, pero desde aquí non se fixo ningún tipo de xestión práctica. Tanto é así que foron os propios armadores e as propias tripulacións as que veñen sucesivamente denunciando esta situación de inseguridade e abandono.

A todo isto débémolle sumar o peche da pesquería de bacallao en augas noruegas decretado o pasado mes de agosto, o 24-8-2007, pola Unión Europea, dado que España xa superou o seu cupo. Ningunha destas cuestións parece ter importancia suficiente para o Goberno galego, que rexeita poñer en marcha os mecanismos que sexa necesarios na defensa dos intereses da flota. Pasotismo dos gobernos central e autonómico, ambos, por certo, que o están a facer mal e contan a maiores co apoio e coa complicidade do Bloque Nacionalista Galego.

Déixeme decirlle, señor Lobeira, que o noso grupo entende que a iniciativa que nos presenta non é importante para o seu grupo. Entende o noso grupo que non é importante para o seu grupo, e voulle dicir por que. Facemos esta intervención porque xa fai máis de un ano, en concreto catorce meses, o 28-7-2006, desde que vostede rexistrou esa iniciativa neste Parlamento; catorce meses. Catorce meses que leva esperando a que o seu partido considere urxente manter este debate. Isto nos leva a pensar que vostede traballou pouco este verano, traballou pouco este verano, e tuvo que ir ao baúl dos recordos para cubrir o cupo que ten o seu grupo neste Pleno e rescatar esta iniciativa despois de tanto tempo. Actitude que nós rexeitamos, porque, tendo en conta a situación pola que está a pasar esta flota, merecía por parte do seu grupo moito máis respecto, salvo que vostede xogue a adivino; agora, se vostede vai ser o adivino deste Goberno, é moito mellor cerrar a porta e marchar para a casa. Ou salvo que xogue a futurólogo, que vostede xa sabía fai catorce meses os problemas que iba ter a flota neste momento. E se non ¿por que a meteu no rexistro do Parla-

mento e por que non se debateu esta proposición non de lei fai catorce meses? Ou salvo que vostede queira poñer unha política en práctica como as que están poñendo os seus socios de goberno na Autoridad Portuaria de Vigo, unha política de emprego ou unha política de vivienda protexida en esa ciudad, e estendela ao resto de Galicia, única e exclusivamente por eso.

Esto nos leva a pensar a actitude que nós rexeitamos. Non é normal que se trate unha proposición non de lei catorce meses despois de habela rexistrado no Parlamento. Pero no obstante analicemos o seu contido. A finais do mes de xullo de 2006 vostede fixo unha presentación desta iniciativa en rolda de prensa e afirmou que demandaría a comparecencia da Consellería de Pesca para que dera contas das accións emprendidas desde o Goberno galego e co obxecto de marcar unha posición de país. Como a señora conselleira de Pesca non compareceu por este asunto, cousa que xa poñíamos en dúbida daquela posto que a señora conselleira de Pesca non compareceu neste Parlamento nunca no que vai de lexislatura a petición súa nin do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ¡nunca!, poñíamolo en duda. E desde o Grupo Popular non temos constancia de que se marcara unha posición de país, tal e como demandaba vostede e o seu grupo.

Por eso o Grupo Popular pregunta aos grupos que apoian a acción do Goberno, ¿cal foi a posición de país que marcou o Goberno de Galicia neste asunto, neste asunto concreto? Moito nos tememos que unha vez máis, e neste asunto, asistimos a unha mostra de incapacidade do actual Goberno da Xunta de Galicia, que nada fixo neste tema. E, que saibamos, este Goberno está formado por Partido Socialista e Bloque Nacionalista Galego, e, en consecuencia, ambos partidos son responsables desta situación.

Señor Lobeira, recentemente a señora conselleira estivo en Noruega, recentemente. Non sei se o invitou a vostede a ir. Ao mellor vostede asesora nada máis que para os temas de Galicia, para os temas exteriores non lle deixan asesorar. Xa lle adianto de antemán que o Grupo Popular non fomos a Noruega coa señora conselleira porque non nos invitou, se non, houbéramos ido; se non houbéramos ido alí, se non houbera invitado. Houbéramos ido alí e houbéramos sacado bastantes mellores resultados que sacou na visita que fixo a señora conselleira. E digo isto porque hai fotos que o

demonstran, pero, que saiba este grupo —e logo terá vostede a oportunidade de aclarar esta cuestión—, non transcendeu aos medios de comunicación que se falara sobre este asunto, que se falara sobre a crisis e o acoso da flota galega. ¿Non cre que perdemos unha gran oportunidade? ¿Non cre que era o momento preciso para falar desta cuestión? ¿Cal é a razón pola que a nosa conselleira, o noso Goberno de Galicia, renuncia a defender os intereses da flota galega en Noruega? ¿Cal é esa razón?

Coincidimos con vostede unha vez máis en que non se está a defender esta flota. Vostede o dice na exposición de motivos da súa iniciativa: As empresas armadoras da nosa flota apresada en Noruega afirman que tiveron que defenderse solas. Os gobernos de España e de Galicia que as deixaron desamparadas. Señor Lobeira, está moi ben que agora o seu partido se interese pola situación do sector bacallaeiro, pero vostede, que tanto asesora a esta conselleira, esíxalle que se posicione; posiciónense vostedes e posicione o seu grupo. Nós xa o fixemos, e o Partido Popular de Galicia xa estivo demandando unha intervención inmediata dos gobernos galego e central fai catorce meses —o tempo que leva a iniciativa admitida en este Parlamento— e facémolo hoxe, apoiando a súa iniciativa, facémolo hoxe. O Grupo Popular como unha forza coordinada, sensible ás preocupacións do sector e preocupado pola supervivencia da flota bacallaeira galega, cree que o Goberno debe esforzarse en buscar solucións ante a incerteza que provoca a actuación das autoridades noruegas e ante as consecuencias de peche da pesquería. E débese tomar as rendas do asunto da negociación.

Señor Lobeira, para terminar, vostede espero que non faiga unha política partidista, unha política de rodillo e unha política de rizar o rizo. Co apoio do grupo maioritario desta Cámara, vostede ten a súa iniciativa, se a deixa estar tal como está, aprobada, polo ben da flota. Porque a iniciativa que presentan os socios do goberno con vostedes non dice nada, unha emenda genérica, única e exclusivamente, e sin concretar nada. A súa si, e nosoutros compartímolos con vostede e co seu grupo. Sabemos o problema que ten esta flota e nosoutros non facemos coma vostedes, non a emendamos porque xa tiñamos pensado apoiala desde o primeiro, polo cual espero, por lealdade á flota bacallaeira galega, por respecto á flota bacallaeira galega, que vostede manteña a proposición non de lei, que a poidemos aprobar, e polo ben do

sector, polo ben das personas que se dedican a esa pesquería, ten o noso apoio.

Moitas gracias, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Balseiro.

Turno de peche para o señor Lobeira.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Obrigado, señora presidenta.

É espectacular o señor Balseiro, absolutamente espectacular. Ten a virtude de regalarnos un sorriso nunha mañán como esta, porque, insisto, eu nunca outra cousa vin na vida como este señor. Vou intentar ir por orde, teño apenas catro minutos e medio.

Primeiramente agradecerlle ao Grupo Socialista o apoio e, iso si, cun matiz. Obviamente somos forzas políticas que temos consideracións diferentes a respecto do que significa a Unión Europea para unha nación como a nosa. E, desde logo, a nosa posición –e eu creo que está contrastada por máis de vinte anos de integración do Estado español na Unión Europea– é que nós pensamos que, efectivamente, a Unión Europea e o que significa a política común de pesca e o seu inserimento do sector pesqueiro galego no seu seo, pois pensamos que si discrimina ao sector pesqueiro galego. Non se trata só do caladoiro de Svalbard, mar de Barents, trátase de que si, por exemplo, no tema do bacallao e da flota bacaloeira, a Unión Europea asina un acordo pesqueiro con Groenlandia, territorio baixo dependencia danesa, poden pescar outras flotas comunitarias e a galega non. ¿En base a que? Ao que en Europa denominan dereitos históricos. Eles din, e é falso, que os galegos nunca pescamos bacallao en Groenlandia. Meu pai foi hai cuarenta anos, e tantos e tantos buques galegos, cando iban a Terranova, e antes e despois, pero eso está documentado, claro. Por tanto nós iso, por suposto, non podemos asumilo.

Pero, indo ao fondo da cuestión, eu deduzo da intervención do señor Balseiro que, en base ao que hai pouco tempo neste mesmo Parlamento, con maioría absoluta no seu día do Partido Popular, defendeu o señor Ruíz Rivas como portavoz daquela de pesca do Partido Popular, que todo aquilo variou. Por exemplo, o señor Ruíz Rivas dicía que non era

posíbel aprobar esta iniciativa do BNG porque o cambio climático provocou unha escaseza de recursos de bacallao. Deducimos que o cambio climático xa está superado desde que o Partido Popular perdeu a maioría absoluta no Parlamento galego e nas Cortes do Estado; deducimos que, efectivamente, xa non hai escaseza de recursos; deducimos que os mariñeiros agora si precisan de protección social, si de fórmulas de contratación. É espectacular o Partido Popular. Eu, desde logo, agradézolle ao señor Balseiro que faga tanto seguimento das roldas de prensa e da presentación de iniciativas do Bloque Nacionalista Galego, di moito del que teña como referencia sempre ao Bloque Nacionalista Galego neste tipo de cuestións. En todo caso, señor Balseiro, o que lle recomendo, como sempre, xa llo dixen unha vez, é que actúe con máis cautela en temas do Regulamento desta Cámara, sempre mete a pata. Como cando facía esas solicitudes de comparecencia de conselleiros coa súa firma só, e logo lle dicían que non. Este tipo de cuestións. Mire, o BNG, grazas ao Regulamento imposto no seu día polo Partido Popular, non pode solicitar en Pleno comparecencias de conselleiros e de conselleiras, non pode. E que neste Parlamento se poden presentar comparecencias en Pleno ou en Comisión, en Comisión si podemos. Non, é que este señor non se enteira, non se enteira, non sabe como funciona un Parlamento. ¡Que non é un concello, que é un Parlamento! En Comisión si podemos presentar, e apresetouse, e vosté dixo que nunca a conselleira de Pesca comparecera no Parlamento a iniciativa do BNG, e eu dígolle que si. Que non faga como a última vez, que fixo o ridículo aquí no Parlamento falando dunhas cousas que logo tivo que pedir perdón e excusas na Comisión de Pesca porque metera a pata, porque metera a pata. Non quede ben co seu público, fale con rigor da actuación política do Partido Popular nesta Cámara.

E ademais voulle... ¡Ah, bueno!, dixo vostede, afortunadamente, que, se deixamos así a proposición non de lei, pois resulta aprobada polo Partido Popular. Eu voulle dar unha mala noticia, señor Balseiro, unha moi mala noticia, o que dixo o señor Núñez Feijoo hoxe pola mañán, que falaba desde a maioría parlamentar, é falso. A maioría parlamentar non é o Partido Popular, o Partido Popular é a minoría parlamentar. Non pode aprobar o que queira o Partido Popular porque non é maioría, a maioría é esta parte da Cámara. E nós, desde logo, desde o Bloque Nacionalista Galego, si queremos consensuar dentro da maioría parlamentar unha transacción que sexa útil e satisfactoria reciprocamente para

os dous grupos da maioría parlamentar. Invitámolo a que vostede reconsidere a posición que mantivo sempre o Partido Popular votando en contra historicamente –e temos exemplos non de agora, de hai anos, do que foi a flota bacallaeira galega para o Partido Popular nesta Cámara– e que, efectivamente, se sumen.

¿Que non queren votar a favor disto? Non pasa nada, gañarían en coherencia, porque foi o que fixeron sempre, e poden saír despois da Cámara e din que votan en contra polo cambio climático.

Obrigado, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Lobeira.

Proposición non de lei do G.P. Popular de Galicia, por iniciativa de D.^a Susana López Abella, sobre a incidencia da contratación temporal en Galicia no salario bruto mensual e a perda de poder adquisitivo dos traballadores galegos

A señora **PRESIDENTA**: Pasamos á seguinte proposición non de lei, do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a incidencia da contratación temporal en Galicia no salario bruto mensual e a perda de poder adquisitivo dos traballadores.

A esta proposición non de lei non se lle teñen presentado emendas.

Para formulala ten a palabra a señora López Abella.

A señora LÓPEZ ABELLA: Moitas gracias, señora presidenta.

O Grupo Popular trae hoxe a debate unha cuestión que nos preocupa profundamente, como é o poder adquisitivo das familias galegas. Por eso nos sorprende que o presidente do bigoberno mentira á Cámara cando dixo que nin un só euro costarían os libros de texto ás familias galegas. Como se nota que el non ten que pagar os libros de texto. Pero si ao Grupo Parlamentario Popular lle preocupan estas cuestións, así como a necesidade de adecuar as medidas que debe implementar o Goberno galego ás necesidades do mercado de traballo na nosa comunidade.

Máis dun terzo dos desempregados en Galicia teñen unha relación laboral eventual. A Seguridade Social en base ás cotizacións cuantifica que os traballadores temporais cobran ata un 44% menos que os fixos. Así a nosa comunidade ten un índice de precariedade que supón máis do dobre da media dos países da Unión Europea, onde só un 13,8% de cada cen contratos son temporais.

Esta elevada taxa de temporalidade ten como consecuencia os baixos salarios en Galicia. Segundo o INE, o salario bruto mensual galego está en 1.322,5 euros, un 14,8% por debaixo da media de España, que se sitúa en 1.553 euros. A este problema, señorías, hai que engadir a perda de poder adquisitivo dos traballadores galegos, como dicíamos. Segundo un informe do IES á Escola de Dirección de Empresas da Universidade de Navarra, o salario medio de Galicia é actualmente máis baixo que en 1997. Descontando o efecto da inflación, os galegos cobran agora un 1% menos que fai dez anos. E temos que dicir, polo tanto, señorías, para non ser responsables, que a economía das familias si que vai mal, a economía das familias galegas.

De media, cada familia galega paga 341 euros máis en impostos en 2007, e a súa maior parte procede impostos indirectos, os máis regresivos e insolidarios. O custe da hipoteca media en Galicia medrou por riba do 26%. Por tanto, tamén nos sorprende a afirmación do conselleiro de Economía, quen di que a crisis hipotecaria afecta menos aos galegos que ao resto de España.

Evidentemente, a perda de poder adquisitivo. Unha familia galega ten que gastar 120 euros máis ao mes para manter o mesmo nivel de consumo. Dúas de cada tres familias galegas non poden aforrar. O pesimismo instálase nos fogares galegos. Hoxe aos galegos cústalles máis chegar a fin de mes que hai dous anos, e esta é unha realidade que arrojan os datos.

Analizando a 31 de xuño, cunha taxa de actividade do 54,39%, Galicia sitúase 4,47 puntos por debaixo da media do Estado, onde ese indicador acadaba o 58,86% ao remate do segundo semestre deste ano. Segundo a última entrega da enquisa de poboación activa, a insuficiente incorporación de poboación activa ao mercado laboral se convertiu no principal escollo para o crecemento do emprego en Galicia. Mentras no conxunto do Estado a poboación activa rexistra un

crecemento interanual do 3,3%, en Galicia esa evolución limitouse a 1,4%. Este diferencial de crecemento supón un serio toque de atención e, de non correxirse esta tendencia, os datos podían ser máis negativos a medio prazo.

Cabe recoñecer, señorías, que o mercado laboral de Galicia presenta unha dinámica positiva cun crecemento constante do emprego dende 1997, e este bo comportamento do emprego nos dous anos de Goberno bipartito débese –e isto é unha realidade irrefutable– á inercia herdada do Goberno anterior. Pero esa dinámica se enfrenta a un horizonte pesimista derivado da insuficiente incorporación de poboación activa ao mercado laboral, da destrución de emprego industrial e da anunciada desaceleración da actividade relacionada coa construción residencial. Como exemplo, decir que o número de ocupados medrou un 4,2% no ano 2000 e un 3,3% en 2003; mentras que a poboación activa medrou a un ritmo de 2,6% e do 4% respectivamente. Pola contra, no ano 2006, aínda que o número de ocupados medrou un 3%, os activos incrementáronse só un 1,4%.

Lamentamos que o Executivo bipartito teña anulado algúns dos programas que xa estaban en marcha e ofrecían resultados sumamente satisfactorios, como o Plan Labora, orientado a facilitar aos mozos un primer contacto co mercado de traballo unha vez rematados os seus estudos, cun grado de inserción laboral próximo ao 60%.

¿Que propuxo o bipartito, señorías, como alternativa? Se leva falando da posta en marcha de varios programas, pero hasta agora nada de nada, nada de nada. Por certo que o Partido Socialista e o Bloque Nacionalista Galego se cansaron de repetir e de reiterar que, froito das políticas laborais do Partido Popular, miles de galegos emigraban ano tras ano, facendo desto unha cuestión electoralista. Pois lles dou datos, señores e señoras deputados. Segundo o INE, no ano 2006, 42.111 galegos e galegas asinaron un total de 74.793 contratos laborais fóra de Galicia; mentras que, neste período, 27.350 traballadores procedentes doutras comunidades autónomas asinaron un total de 33.190 contratos na nosa comunidade. O saldo negativo é obvio, agora nos preguntamos si este non é un problema para o bigoberno.

¿Que medidas están poñendo en marcha? ¿Non é un problema agora para vostedes, señores socialistas, señores do Bloque Nacionalista Galego, a realidade que reflicten os

propios medios de comunicación? *La Voz de Galicia*, 5 de agosto: *Galicia perdió en un año 11.985 jóvenes en edad de trabajar entre los 20 y 29 años*. *La Voz de Galicia*, 3 de setembro: Case 75.000 galegos marcharon durante o último ano a traballar en outras comunidades.

Pero é que lle teño que dar máis datos sobre a inacción da Xunta de Galicia. O nivel de execución orzamentaria, de programas como a mellora e o fomento da empregabilidade, non chegaba en abril ao 3,7%. No programa de integración laboral de colectivos desfavorecidos, o nivel de execución era do 0%. E iso que debemos ter en conta que o paro crece entre os estranxeiros en Galicia un 11,3% nun ano; o paro entre o colectivo de emigrantes creceu ata un total de 5.082 persoas. En canto á formación profesional de desempregados do Fondo Social Europeo, o nivel de execución presupostaria, señorías, foi do 3,8%, e en gastos comprometidos tan só un 14%. En canto á mellora da cualificación no emprego, 0% de execución. ¿Que significa isto? Inacción da Xunta de Galicia e da Consellería de Traballo.

Señora presidenta, o Executivo bipartito se dedica a alimentar a súa autocompracencia con investimentos millonarios en publicidade institucional, eso o vemos todos os días, pero non se preocupa dos problemas reais de Galicia, dos problemas reais das familias, e xa o vimos hoxe á mañá coa intervención do señor presidente da Xunta de Galicia.

Fronte ao esforzo propagandístico do bipartito hai que recordar a elevada precariedade do mercado laboral de Galicia, que presenta unha taxa de temporalidade do 33,7% no sector privado e se eleva ata o 34% no caso das mulleres. No mes de xullo deste ano, dos 91.161 contratos laborais asinados, o 90% foron temporais, o 90% foron temporais. E hai que falar da crecente destrución de postos de traballo que se está a rexistrar no sector industrial de Galicia. Nos dous últimos anos, entre o segundo trimestre de 2005 e o mesmo período de 2007, Galicia perdeu 5.400 empregos no sector industrial, rachando así unha tendencia de crecemento continuado do emprego nesa rama de actividade durante os exercicios anteriores. Mentras ao rematar o segundo trimestre de 2005 Galicia contaba con 216.500 empregos no sector industrial, esa cifra reduciuse a 211.100 ao finalizar xuño deste ano.

Por certo, hai unhas semanas que se presentaba un informe, 2006-2007, do indicador del clima empresarial gallego,

no que participa a Universidade da Coruña, e que mide a percepción dos empresarios de Galicia sobre a evolución da economía galega. Pois ben, segundo os datos deste informe, dende o 2005 ata o ano 2007 a confianza das empresas galegas vai decrecendo paulatinamente, vai decrecendo paulatinamente. O estudo mide anualmente o segmento do mundo empresarial entre as 2000 empresas principais de Galicia en relación coa evolución da economía galega. Polo tanto, é evidente que algo está fallando: a execución de medidas axeitadas, a excesiva propaganda e un deixarse ir por parte da Consellería de Traballo. E que está claro que non se están enterando dos problemas reais das familias galegas e dos traballadores galegos e das traballadoras galegas.

En Galicia, cos gobernos do Partido Popular, lideramos propostas de cambios lexislativos e laborais xerais para reducir a temporalidade ante o Goberno central, pero independentemente destas iniciativas deben fomentarse medidas compensatorias propias para evitar que este problema se incremente en Galicia.

Por todo o exposto anteriormente, o Grupo Parlamentario Popular de Galicia presenta para —esperamos— a súa aprobación unha serie de medidas, como é establecer un estrito control sobre o correcto emprego das fórmulas de contratación temporal; mellorar os procedementos de inscrición e clasificación dos demandantes de emprego, adecuando a formación dos demandantes ás necesidades do mercado de traballo; mellorar os sistemas de orientación laboral e potenciar os sectores emerxentes; mellorar a distribución, que cremos que non se está facendo unha distribución axeitada das oficinas de emprego, buscando un maior achegamento destas aos usuarios ou potenciais usuarios, e incrementar as oficinas de emprego existentes atendendo a criterios de necesidades territoriais para acadar a total accesibilidade dos usuarios ás mesmas e non atendendo a criterios políticos partidistas.

Desexamos que esta iniciativa, señora presidenta, sexa aprobada por unanimidade polo ben do mercado laboral galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señora López Abella.

Rolda de intervención dos grupos parlamentares, empezando, en primeiro lugar, pola intervención do Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, o señor Blanco Parga.

O señor BLANCO PARGA: Moitas grazas e bos días, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, antes que nada saudar este novo galeinicio do período de sesións, especialmente ás dúas novas galedeputadas galegas neste noso galeparlamento nacional.

Indo ao tema, despois de... Non é galáctico, é de galego. Galácticos son vostedes, nós somos galegos e galegas. Galácticos son os que andan buscando un país, quero dicir que nós xa o temos, por fortuna, e querémolo.

Na exposición que motivos que presenta hoxe a deputada señora López Abella, indo ao fondo do tema, introduce unha afirmación que, como todos vostedes coñecen, a deputada López Abella rexistra moitas iniciativas, e é unha afirmación que repite constantemente, porque eu creo que é unha consigna que ela di, que pon en valor as políticas feitas polos gobernos do PP nestas materias, sempre o pon en valor. En concreto di, leo textualmente: En Galicia, cos gobernos do PP, lideramos propostas de cambio lexislativo laboral xerais para reducir a temporalidade ante o Goberno central.

Neste caso, logo falaremos dos éxitos desa política dos que fala o PP, neste caso quero felicitar especialmente á deputada do Grupo Parlamentario Popular, López Abella, porque ela rexistra esta iniciativa en maio deste ano e posteriormente o seu partido matriz, o partido nodriza que teñen en Madrid, que é quen manda, cópialle o discurso e agora en agosto, cando sube o paro, nun discurso que xa vai ser repetitivo en todo o proceso electoral, agora o seu partido en Madrid di que o incremento do paro do mes de agosto significa que o PSOE dilapidou a herdanza boa da xestión económica dos anteriores gobernos do PP. Ou sexa que aquí estamos, ou están, os que levan esta materia, dilapidando a herdanza. Tamén hai que cuidar as herdanzas, que só se teñen unha vez na vida. Por eso eu me alegro como galego que neste caso, que neste caso, unha deputada galega vaia por diante do seu partido en Madrid. Me gustaría que esto

fose unha liña a seguir de futuro, porque sería polo ben da nación galega.

En calquera caso, xa que falou vostede de que as familias galegas pagan moitos impostos, e concretamente impostos indirectos, que son máis regresivos, eso xa non casa, aí xa fallou a respecto do discurso que está dando o señor Raxoi, de que quere rebaixar os impostos directos, os máis progresistas; os máis progresivos. Si pero, chámeo por teléfono e corríxao, porque eu estou máis de acordo co seu discurso.

A respecto do que fixo o PP nestes anos, rapidamente, porque o tempo sempre é breve. No ano 1980, na Galiza había personas asalariadas, entre a poboación activa, o 47,8%. A súa aportación ao PIB era do 48,3%. Vinte anos despois do ano oitenta, o ano 2000, case todo con gobernos ou desgobernos do PP, a poboación activa pasa do 47,8% –asalariada, poboación activa asalariada, do total da activa– ao 68,1%, sube case vinte puntos fundamentalmente polo desmantelamento do sector da agricultura galega, fundamentalmente. É un proceso que se está dando en moitos países e tamén na Galiza, pero sube case vinte puntos, en vinte anos, de poboación asalariada. Porén, no tema da aportación ao PIB baixa do 48% ao 44,9%. Quere dicir, as rendas salariais efectivas baixan en vinte anos, pero baixan moitísimo, do ano 1980 ao ano 2000. Podemos dicir en termos coloquiais que un traballador antigo, un traballador que hoxe teña 55 anos, 58, no sector, ten ou tivo na súa vida laboral mellores condicións laborais que ten hoxe un mozo. E esa tamén é unha herdanza desgraciada, colectiva, que lle deixamos á mocidade galega. E isto pasou con gobernos do PP.

Pero mesmo vostede pon un exemplo, o Plano Labora, que di o primeiro contacto da mocidade galega. Só un contacto, ¿eh?, non chegou a máis; un contacto, un breve contacto. O Plano Labora, que foi moi triunfalmente vendido polo PP e hoxe repetiuno –Programa Labora, xuventude con experiencia–, para menores de 25 anos, retribucións: bolsa durante a etapa formativa, 6 euros/día; Cando se traballaba, o 75% do salario mínimo interprofesional. Pero o que era peor, traballaban un ano e non tiñan dereito a desemprego; traballo en precario. Eso é o que vendía o Partido Popular.

Pero é que mesmo os resultados son escandalosos. No 2001 o 24,35% da mocidade galega estaba en paro. No 2004,

co Plano Labora, aumentou o paro do 26% ao 29% na mocidade galega. E, por certo, eso serviu para que moitas administracións públicas, nomeadamente concellos, cubrisen postos que tiñan que cubrir con personal fixo a través do Plano Labora.

Tamén aumentou a temporalidade aí. En calquera caso, non só miramos para o retrovisor, pero si hai que dicilo porque vostede o pon na súa iniciativa, senón miramos para diante, e o BNG para nada está satisfeito coas altísimas taxas de temporalidade que existen no mercado laboral galego. Mesmo podemos coincidir con referencias dadas, que efectivamente a temporalidade galega está entorno ao 35%, catro puntos por riba da media estatal; 21 puntos por riba da media europea. E consecuencias, que aquí algunhas se dixeron e que outras non se dixeron, pero nós tamén queremos aportar: baixos salarios, mesmo tamén para os contratos indefinidos, non solamente para os temporais, o que pasa é que os temporais a respecto dos indefinidos aínda os teñen máis baixos. Ademais a temporalidade crea outros problemas engadidos: baixas pensións, as máis baixas do Estado; emigración de xente moza; converxencia pasiva, que logo falaremos do tema de converxencia pasiva; sinistralidade, un tema desgraciadamente de total actualidade no mundo laboral galego polo que está pasando, un ano dramático para o mundo laboral galego a respecto de accidentes. Está comprobado que un traballador temporal ten máis risco de sufrir un accidente, cada once anos, e un traballador fixo cada 25. Converxencia pasiva: Galiza no ano 2006 incrementa a poboación nun 0,2%, porén o Estado aumenta o 1,7%. Quere dicir que Galiza tiña a respecto do Estado, no ano 2005, o 6,3% da poboación e no 2006 ten o 6,2%; baixamos peso a respecto da poboación do Estado, e eso é converxencia pasiva; aumentamos per cápita porque cada vez somos menos. E somos menos por un estrato máis sangrante, que é o da mocidade. Nós non negamos que siga existindo emigración da mocidade na búsqueda de traballo, nós non o negamos, pero cando eso se planteaba aquí e gobernaba o PP –ou desgovernaba o PP– na Xunta de Galiza e viñan os compañeiros e compañeiras do BNG plantear esto aquí, ¿sabe que dicía o PP?, que eso non era emigración, que eso non era emigración, que viaxaban, ían coñecer mundo a Canarias. No, pero gobernaban vostedes e era o que dicían Pero nós mantemos antes e dicimos hoxe que eso sigue sendo emigración. (*Murmurios.*)

E denuncia tanto este deputado que unha información taxativa que acaba de ler aquí a señora López Abella é taxativamente unha pregunta que ten rexistrada este deputado a semana pasada. Ou sea, non é que o diga aquí senón que hai que ir ao que está rexistrado. E está rexistrado, señora López Abella, porque [...] está rexistrado por este deputado nunha pregunta ao Goberno a semana pasada a respeito deste tema, a respeito deste tema. Díciámolo antes e dicímolos hoxe eso e mantémolo. Tamén vamos a matizalo pero mantémolo. E é certo que o paro aumentou no mes de agosto, que é un mes que non debera aumentar seguindo a tendencia. Tamén é certo que aumenta nun sector basicamente, nos servizos, pero na construción hai un problema aí ou pode apuntarse un problema.

¿Mais cal é a solución a este tema? Porque aquí todo o mundo aplaude moitas cousas e logo vamos ver o leite que nos dá aos galegos e ás galegas. Aí cando se asinou o acordo para a mellora e crecemento do emprego polo Ministerio de Traballo e polos axentes sociais –estatais, por suposto, non van ser outros–, os axentes estatais e a patronal, foi aplaudido por todo o mundo. Era para converter emprego fixo... ou sea, emprego temporal en fixo. Agora mesmo os sindicalistas e sindicatos e tal recoñecen que a reforma laboral non é a panacea, que é preciso un cambio do modelo de crecemento e non crecer só no sector da construción. Agora o recoñecen. É o modelo instruído e mantido polos gobernos do Estado –os máis carcas e os máis progres–, a respecto do sindicalismo, o que dá ao sindicalismo estatal a capacidade real de asinar acordos, para o Estado, homoxéneos, que veñen discriminando historicamente a clase traballadora galega, a clase traballadora galega. Mesmo o acordo asinado este ano no mes de febreiro, o acordo [...] para a negociación colectiva do 2007, limita o incremento dos salarios galegos –de todo o Estado, pero por suposto os galegos– ao 2%. Se nós partimos dunha situación de desvantaxe obxectiva, se seguimos co incremento lineal do 2%, esa desvantaxe irá aumentando, que de feito está aumentando, que de feito está aumentando. E ese é o modelo que implantaron no Estado uns e outros, uns e outros.

Por eso ás veces se dan situacións que contradín mesmo as directivas estatais. Recentemente vimos a folga dos compañeiros e compañeiras do metal de Vigo, a folga dos compañeiros da recollida de lixo, que rebentaron esas directivas estatais porque son insufribles para moitos salarios. Efecti-

vamente, a media de salarios galegos é unha media moi baixa, 1.300 euros. Pero temos moitísima xente moza que está nos 800 euros, nos 700 euros. Eso é moitísimo, quero dicir eso é normal, é coloquial. Entón esa xente rompe os acordos que veñen impostos do Estado, folga do lixo, folga do metal, e se chega a incrementos mesmo do 10%, por enriba do 2%, porque non se soporta xa no nivel de vida. Aquí hai datos que se diron, pero bueno, non vou entrar neles.

A aposta do BNG porque o tempo se me remata, e vai no acordo de Goberno: marco galego de relacións laborais. Centrar a negociación colectiva na nación galega, nas condicións da clase traballadora galega. Está comprobado que os convenios de empresa que non dependen de convenios de sector nin de convenios centralistas, os convenios de empresa de media teñen un 10%, un 20% máis de incremento salarial retributivo que a respecto de convenios do sector; unha xornada inferior nunhas trinta horas menos anuais; e a contratación indefinida [...] entre o 60% e o 70% superior aos convenios do sector ou convenios de grupos de empresa ou convenios centralistas. Por eso a resolución do Partido Popular nos parece totalmente light, non aporta nada, esto xa se está facendo con carácter xeral, aumentar as oficinas do INEM, o tema dixital das oficinas do INEM, o control dos contratos... O que hai que centrar é a aposta que ten este Goberno, no seu acordo de goberno polo BNG e polo PSOE, de marco galego de relacións laborais, darlle contido e facer nese marco, eses interlocutores, capacidade de negociar para a realidade laboral galega, non para outra. Nós temos na Galiza nada máis que hai 67 empresas que superan os 500 traballadores e traballadoras; temos unha fragmentación tamén empresarial grandísima; e para eso hai que negociar, pero aquí, non alí; e non hai outra solución. O outro é unha cortiña de fume para dicir que se fai, para non facer, e realmente o que hai que centrar é a negociación colectiva nas maos, deixala nas maos da propia clase traballadora galega, dos seus sindicatos, nomeadamente o sindicalismo nacionalista.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas.

Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra a señora Pérez Herraiz.

A señora PÉREZ HERRAIZ: Gracias, señora presidenta.

Despois do paseo virtual pola apocalipse que fixo a señora López Abella, algúns comentarios previos.

Sobre o pesimismo, onde está instalado é no Partido Popular, que se ve na oposición por moito tempo. Dixo que a evolución do emprego era boa desde 1997, non dixo que sempre por baixo da media estatal ata o cambio do Goberno, hasta que con este Goberno cambiou a tendencia. Ata hai pouco negaban a marcha de xoves, agora din que é histórica. Póñase de acordo consigo mesma, só consigo mesma.

Sorprende unha certa desorde e incoherencia entre exposición de motivos, parte dispositiva e a intervención, na que introduce o tema dunha iniciativa prevista para mañá nunha comisión sobre integración laboral de inmigrantes.

E sobre propaganda, señora López, creo que é máis correcto que o Grupo Popular non diga nada.

Xa lle adianto que imos rexeitar a súa proposta. É certo que propón cuestións sensatas, pero as propón cando xa están previstas polo Goberno, xa se están a desenvolver, e mesmo esas previsións foron consensuadas cos axentes sociais, o que lles dá máis garantías e estabilidade.

Tamén é certo que eses acordos do diálogo social son consecuencia da situación do mercado laboral que atopou este Goberno, da situación que deixou o Goberno anterior. Situación consecuencia de moitos anos de goberno; na nosa opinión, de mal goberno.

En concreto, as súas propostas están previstas no acordo sobre o novo modelo de servizo público de emprego de Galicia, que previamente fai unha análise da situación laboral que atopou o Goberno e pon en evidencia características do mercado laboral galego como a porcentaxe de paro de longa duración, menor incremento de ofertas de emprego a través do servizo público que no Estado. No ano 2004, as ofertas de emprego en Galicia foron un 15% máis baixas que en 1997 e 1994. Perdón, foron un 15% máis que en 1997, e no Estado o incremento respecto ao mesmo ano foi do 60%. A escasa intervención no mercado laboral do Servizo Público de Emprego; de 934.000 altas laborais, só 33.000 atoparon emprego a través do Servizo Público de Emprego. A

proporción de contratos indefinidos, etc. Ten vostede razón, a situación non era boa e todo apunta a que o Servizo Público de Emprego non estaba a funcionar axeitadamente e precisaba melloras; melloras que se acordaron cos axentes sociais e que se están a desenvolver.

Respecto da parte dispositiva da iniciativa, o primeiro punto é unha das funcións da Inspección de Traballo e Seguridade Social, e a súa efectividade está a ter resultados como o incremento da conversión en indefinidos de contratos que non o eran; por exemplo, no sector do siderometal, en Pontevedra, 900.

A mellora de procedementos de inscrición e clasificación de demandantes de emprego tamén están previstas no citado acordo, que ademais explicita que esas funcións serán competencia exclusiva da Administración.

No desenvolvemento do citado acordo se prevé que a finais deste ano todos os demandantes de emprego teñan establecido o seu nivel de empregabilidade e de dispoñibilidade en cada ocupación na que se inscriban. Prevé tamén o acordo a mellora do sistema de formación para a adecuación da formación dos demandantes de emprego ás necesidades do mercado de traballo, con programas como o de formación en alternancia e coa posta en marcha do salario de inserción laboral.

A mellora dos sistemas de orientación laboral tamén se está a facer. Desde 2006 hasta marzo de 2007 fixéronse en Galicia máis de 70.000 procesos de orientación laboral, triplicando os procesos de orientación que se estaban a facer anteriormente.

Sobre o incremento e mellor distribución das oficinas de emprego é o que se está a facer desde o verán de 2005. Polo tanto, non entendemos moi ben a motivación dunha iniciativa que solicita melloras na ordenación do Goberno sobre o mercado laboral, melloras que xa previu este Goberno e que, coa súa iniciativa, unha vez máis poñen en evidencia as debilidades neste tema do Goberno anterior.

Facendo unha análise da exposición de motivos di que o Partido Popular promoverá, cando goberne, propostas lexislativas ante o Goberno central para reducir a temporalidade. Teño que recordarlle, por exemplo, que o ano 2006 o actual

Goberno socialista, e tamén previo consenso cos axentes sociais estatais, aprobou unha modificación do Estatuto dos traballadores que prohibe o encadenamento de contratos temporais. Isto, entre outras medidas, fixo que a porcentaxe dos contratos indefinidos sobre os totales subira casi tres puntos os últimos tres anos –entre o 2005 e o 2007–, mentras os tres anteriores –entre 2003 e 2005– somentes subira dúas décimas. Parece que a intervención do actual Goberno central mellora a situación.

En Galicia a porcentaxe de contratos indefinidos do último mes de xuño, sendo baixa, foi bastante máis alta que todos os anos anteriores. A contratación indefinida en España e en Galicia está aumentando, ten que seguir a aumentar, pero está claro que imos avanzando. Esta análise está feita cos datos dos contratos rexistrados.

É certo que temos que mellorar a estabilidade laboral e que a nosa posición relativa respecto ao conxunto de Europa en estabilidade laboral non é boa, pero estamos mellorando. Non somos capaces de cambiar unha realidade de moito tempo en dous anos, pero evolucionamos positivamente.

Se analizamos a evolución da temporalidade segundo o INE, temos información desagregada desde 2005; e entre o segundo trimestre de 2005 e o de 2007 a taxa de temporalidade en Galicia baixou 2,5; e, por primeira vez, temos unha taxa de temporalidade máis baixa que o conxunto de España, 31,85, e Galicia, 31,58. Repito, queremos seguir a mellorar pero o estamos a facer.

Tamén quere falar sobre o salario bruto anual. Facendo a análise de soldos e salarios anuais, o 2006 en Galicia foi 16.549 e en España 19.399, máis baixo é certo. Se analizamos a evolución entre o ano 2000 e o 2006, en Galicia subiu 10,57 e en España 13,06; e isto porque hasta o 2005 sempre foi maior o incremento en España que en Galicia, hasta o 2006, que por primeira vez en Galicia subiu un punto máis que en España. Polo tanto, outro parámetro no que parece que a evolución é boa e que as medidas que se tomaron polo actual Goberno inciden máis favorablemente que as do Goberno anterior.

Fai tamén referencia a un informe da Escola de dirección de empresas de Navarra, pero fai unha análise sesgada e non

reflexa toda a información. Convén ter en conta que este estudio –para centrar un pouco o tema– se fai cos datos da EPA, cos que xa acabamos de facer unha análise. Este estudio, entre outras cousas, di que o poder adquisitivo dos salarios en España está como en 1997 e que os incrementos compensaron a inflación. Supoño que recorda que a maior parte do tempo entre 1997 e a actualidade, tanto no Estado como en Galicia, gobernou o Partido Popular. E Galicia, a pesares de que sigue a ter o salario máis baixo das seis comunidades que analiza este estudio, non todas, como acabamos de ver, porcentualmente o ano 2006 evolucionou mellor que o conxunto do Estado. Polo tanto, agora, con este Goberno, esa diferenza empeza a diminuír.

Seguindo o mesmo estudio, que elabora un indicador para avaliar a calidade do emprego que denomina ILCA (Indicador Laboral de Comunidades Autónomas) tamén se pode ver que Galicia está por riba da media: 75,7 Galicia, 75,5 a media das comunidades que analiza; que, repito, non son todas, son somentes seis. Tamén di que, xunto con Andalucía, son as únicas capaces de reducir en termos interanuais o número de persoas sen emprego, que baixa o paro a menores de 25 anos, que baixa a temporalidade, etc. Polo tanto, vostede saca un dato e o descontextualiza dun estudio global, no que se reflicta unha realidade diferente á que vostede traslada.

Repito, ten moito retraso solicitando o que xa se está a facer e ademais nos di –por suposto, xa o sabíamos– que a situación na que deixaron o mercado laboral era moi deficiente. Non entendemos o interés do Grupo Popular en poñer en evidencia as debilidades da súa formación cando eran Goberno.

Máis nada, moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señora Pérez Herraiz.

Turno de peche para a autora da iniciativa, señora López Abella.

A señora LÓPEZ ABELLA: Gracias, señora presidenta.

As debilidades que temos os galegos precisamente son fruto das debilidades da propia Consellería de Traballo, señora Pérez Herraiz.

Mire, léolle a realidade: Tres de cada dez parados en Galicia levan máis de dous anos sen traballar; o 40% dos desempregados da Comunidade galega non traballa, como mínimo, dende fai un ano.

Pero tamén lle podo dar máis datos. Dice un experto profesor de Economía aplicada da Universidade de Vigo que a nova forma de facer a EPA permitiu amplificar o éxito nas cifras de emprego tanto en España como en Galicia; o cambio de metodoloxía reduce hasta un tercio o paro galego. Isto é a realidade, isto é a realidade.

Por certo, señora Pérez Herraiz, preocúpense vostedes dos seus propios problemas, dos problemas do Partido Socialista, que dos nosos xa nos encargamos nós. E ademais dicen por aí que teñen certas hipotecas.

En fin, sinto moito, señoría... Por certo, non escoitou vostede ao señor Blanco Parga, non o escoitou, porque vostede puxo como algo exitoso a reforma laboral que eu mesma critiquei e aquí, e resulta que o señor Parga está de acordo comigo, tamén criticou esa reforma laboral, que non fora a solución, e o recoñecen os sindicatos. Polo tanto, vexo certa diverxencia nos socios de Goberno nesta cuestión tamén. Sinto moito, señoría, que non apoién esta iniciativa, ben é certo que a vostedes lles chega co Plan de emprego do alcalde de Vigo, con eso lles é suficiente, está claro. Pero ese plan de Vigo, que favorecer ao parecer a familiares –señor Gallego– de cargos do PSOE, non satisface a esta usuaria da Coruña que lle chama ao Servicio Galego de Colocación servicio fantasma. Pero non é a única que está preocupada de como funciona o servicio. Dice: “Un familiar que acaba de terminar sus estudios universitarios acudió el pasado lunes a su oficina del Inem para solicitar una cita en el Servicio Galego de Colocación, organismo público que en Galicia realiza el servicio de intermediación entre oferta y demanda de empleo, así como orientación laboral. La respuesta del funcionario fue que volviese dentro de dos semanas para ver si entonces podía obtener la cita, ya que en ese momento el Servicio estaba paralizado. Cual fue nuestra sorpresa al descubrir que lleva así desde el mes de abril de este año. ¿Será que el crecimiento espectacular del empleo en Galicia ha relajado tanto a nuestros gobernantes hasta el punto de dejar sin funcionamiento un servicio público durante cinco meses?” Esta non é a única queixa.

En fin, non entendo, non entendo, señorías, non entendo, pola contra, a postura do Bloque Nacionalista Galego. Non o entendo, porque o señor Blanco Parga non fai moitos días, a través dunha pregunta escrita, eu o leo a vostede tamén e con moitísima atención, con moitísima atención, mostraba a súa disconformidade ca situación do mercado laboral, e estaba sorprendido ante unha nota informativa emitida pola Consellería de Traballo onde falaba de actuacións específicas para a incorporación de traballadores de fóra de Galicia no mercado laboral galego. Pon en cuestión o señor Parga a Consellería de Traballo por non aplicar medidas específicas para rematar con unha das eivas do mercado de traballo. Dice: “Nada se di das medidas específicas para rematar con esta vaga migratoria e evitar que unha parte da mocidade galega teña que seguir emigrando para traballar e mellorar a súa situación económica”. Aquí se facía referencia aos anos de Partido Popular, pero é que vostedes levan gobernando dous anos, levan gobernando dous anos e non progresan adecuadamente, señora Pérez Herraiz. Non progresan adecuadamente e llo está decindo claramente o seu socio de goberno, o señor Blanco Parga, que lle pregunta ao señor conselleiro nunha pregunta que se está a facer, cal é a valoración sobre os datos do Inem a respecto deses indicadores do mercado laboral en Galicia. Non están a traballar coordinadamente, e é verdade que existe unha gran diverxencia.

Eu non entendo como o señor Blanco Parga non vai apoiar esta iniciativa, pero, claro, xa o dixo o señor Aymenrich, a veces hai que votar cousas que a un non lle gusta. Claro, é posicionarse a veces diferentemente. Sigán por ese camiño, xa saben o que dixo o ilustre estadista don José Blanco sobre as hipotecas. Claro que non se refería ás hipotecas das familias galegas senón ás hipotecas das familias socialistas.

Nada máis, señora presidenta. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señora López Abella.

Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D.^a María del Carmen Cajide Hervés e dezoito deputados máis, sobre a creación do Manual de apoio a cargos políticos locais, do Banco de boas prácticas da política pública municipal, así como do Foro de

intercambio de boas prácticas da política pública municipal

A señora **PRESIDENTA**: Pasamos agora á proposición non de lei presentada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia sobre a creación do Manual de apoio a cargos políticos locais.

A esta proposición non de lei non se lle presentaron emendas.

Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Cajide Hervés.

A señora CAJIDE HERVÉS: Grazas, señora presidenta.

Señorías, a política local é o instrumento capaz de transformar positivamente a realidade, é ou pode ser o instrumento máis eficaz para transformar modelos inxustos noutros máis esperanzadores, porque a Administración local é a base fundamental para sentar calquer outro tipo de política, ademais da propia: autonómica, estatal, europea. Pero precisa de brazos que axuden a conseguir o obxectivo. Precisa de todos eses concelleiros e concelleiras, alcaldes e alcaldesas que sinten e creen nos seus pobos e que contan coa súa xente como o seu mellor recurso. Precisa que eses cargos teñan autonomía suficiente para unha xestión axeitada ás necesidades dos seus pobos.

A proposición non de lei que hoxe teño a honra de presentar en nome do Grupo Parlamentario Socialista está precisamente nesa liña. Esta PNL ten como obxectivo dotar aos cargos públicos locais de ferramentas que lles faciliten a autonomía necesaria para o desenvolvemento axeitado do seu cargo, tanto de goberno como de oposición.

O actual Goberno da Xunta de Galicia dende os distintos departamentos que o conforman, e especialmente a través da Consellería de Presidencia e a súa Dirección Xeral de Administración Local, está prestando unha especial atención ao tecido local da nosa Comunidade, con numerosas accións dirixidas a este mundo. Concretamente, neste ano, no ano 2007, téñense celebrado unha serie de xornadas divulgativas sobre os distintos aspectos de actualidade e interese para as nosas entidades locais en torno ao seu funcionamento, as novidades normativas que lles afectan, e o emprego da sina-

tura electrónica na tramitación telemática. Nesa mesma liña presentamos esta PNL instando a Xunta de Galicia a levar a cabo tres actuacións concretas.

Como primeira propoñemos elaborar un manual de apoio a cargos políticos locais no exercicio das súas funcións, que recolla temas en torno á organización e funcionamento dun concello: o seu marco xurídico, o sistema de relacións con outras administracións e outras materias que poidan ser de interese para o desempeño do seu cargo.

Tamén propoñemos crear un banco de boas prácticas da política municipal; con elo pretendemos motivar aos representantes locais facilitándolles unha serie de recopilación de boas prácticas xa contrastadas que sirvan de estímulo para o desempeño das funcións do seu cargo, así como de apoio ao persoal ao servizo destas administracións.

E, por último, propoñemos un foro de intercambio de boas prácticas da política municipal, un espazo de expresión e comunicación, aportación de ideas, sensibilidades e obtención de información de compañeiros e compañeiras que traballan pola mellora do sistema democrático local e polo fortalecemento dos seus gobernos.

Señorías, as persoas que tivemos o privilexio de ser concelleiros ou concelleiras dos nosos pobos sabemos que a política local pode ser a máis bonita, pero, sen dúbida, tamén a máis dura. A máis bonita por gozar desa proximidade que che facilita estar cerca do problema e axudar directamente as persoas afectadas. E a máis dura porque, ás veces, tendo a responsabilidade non contas cos medios necesarios para resolver o problema que tes diante. En todo caso, a Administración local goza desa proximidade que permite detectar os problemas e coñecer de primeira man a realidade na que viven as persoas dun pobo, permite coñecer os problemas e tamén deseñar as solucións con máis posibilidade de acerto. Claro que esa proximidade da que falamos foi tamén a que fixo que os concellos galegos asumiran servizos que son competencia doutras administracións, algo que lles supuxo aos responsables locais un esforzo engadido, tendo que buscar recursos para que funcionaran axeitadamente eses servizos.

Señorías, hoxe os socialistas vimos amosando, ao longo da nosa historia como partido, unha clara vocación muni-

palista. Quero aproveitar esta intervención para expresar no nome do meu grupo parlamentario o noso recoñecemento cara o papel dos concellos na construción da democracia, no desenvolvemento constitucional, no progreso económico e na modernización da xestión pública. Dende aquí os nosos mellores desexos a eses concelleiros e concelleiras, alcaldes e alcaldesas que están iniciando a lexislatura e que van afrontar as respostas de futuro desta nova etapa de cohesión social ou de desafíos como a inmigración, a integración cidadá e a convivencia, a nova etapa da ordenación do territorio e o crecemento sostible; tamén da loita pola igualdade entre mulleres e homes e a loita contra o cambio climático.

Das 3.847 persoas elixidas como concelleiros e concelleiras nas eleccións locais do 27 de maio de Galicia, un gran número inicia a súa traxectoria política neste mandato. Todas esas persoas, que seguro chegan con gran ilusión e compromiso, tamén chegan con dúbidas de como desempeñar as súas funcións, especialmente os concelleiros e concelleiras de concellos pequenos, que son a maioría; 257, de 315, teñen menos de 10.000 habitantes, o cual supón que sobre o 72% exercen o cargo en concellos pequenos. Está claro que neses concellos van atoparse con moitas limitacións de persoal técnico e doutras ferramentas de apoio necesarias para resolver as cuestións diarias do seu cargo.

Ben, señorías, grazas ao esforzo de todas estas persoas que dende as primeiras eleccións municipais no ano 1979 veñen desempeñando o cargo de concelleiros e concelleiras e alcaldes e alcaldesas, contamos cunha administración local consolidada. Consolidada pero, como ten comentado nesta Cámara o señor Méndez Romeu, conselleiro de Presidencia, con moitas carencias, porque dende o Goberno do Estado e da Xunta de Galicia houbo etapas nas que non se apostou con firmeza por dotar e facultar os concellos galegos como precisan.

Pero vou a centrarme na etapa actual, na que, dende esa forte convicción municipalista dos e das socialistas, o Goberno do presidente Rodríguez Zapatero, ao longo desta lexislatura, entre outras cousas aumentou por enriba do 12% a dotación presupostaria á financiación dos entes locais. Do mesmo xeito, co actual Goberno galego o 20 de maio de 2006 asinábase o pacto local, dando así resposta case inmediata ao compromiso adquirido polo presidente Emilio Pérez Touriño no seu discurso de investidura.

Podemos decir que esa data será histórica para o municipalismo galego. Ese día abriuse unha etapa ilusionante para os gobernos locais do noso país. Sabemos que queda por diante un longo camiño por recorrer, pero polo de pronto xa podemos falar de importantes avances no cumprimento deste pacto local en ámbitos, por exemplo, como a educación. En xeral este Goberno está cumprindo co compromiso do impulso ao municipalismo; está dando un paso sólido en dirección a fortalecer a autonomía municipal e o funcionamento dos concellos.

Señorías, pídolles que apoien esta iniciativa, coa que pretendemos reforzar os piares da Administración pública galega, que estou segura que redundará no beneficio de toda a nosa cidadanía.

Moitas grazias. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazias, señora Cajide.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra o señor González Mariñas.

O señor GONZÁLEZ MARIÑAS: Gracias, señora presidenta.

No noso grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego miramos con evidente simpatía esta iniciativa que acaba de defender a deputada Carmen Cajide porque compartimos con ela e co seu grupo parlamentar a importancia, en efecto, como ela expresaba, de que a Administración local funcione, funcione ben, funcione eficazmente, e que nela se vaian consolidando ademais as boas prácticas administrativas, ao igual que a Lei 4/2006, de transparencia, da nosa comunidade, establece para a Administración autonómica. Aproveito para reiterar o noso desexo, desexo do Bloque Nacionalista Galego, de que o ámbito de aplicación desta lei chegue axiña a incluír a Administración local. Xa é coñecida da Cámara a nosa idea de internalizar na Comunidade Autónoma a Administración local, esa é a nosa concepción, e, xa que logo, esa extensión desta lei, da eficacia da vinculación desta lei, sería moito máis doada desde esa concepción.

Dende logo, combater o segredo administrativo coa transparencia, combater moitas veces a probable bisoñez coa experiencia, combater tamén a improvisación cunha boa

gobernanza dos asuntos locais, son obxectivos non digamos xa desexábeis senón absolutamente imprescindibles para identificar, para construír e para consolidar unha administración moderna, responsable, unha administración que, como dicimos a cotío e como di tamén a propia exposición de motivos desa Lei de transparencia e boas prácticas, pois ten que ser cada día máis diáfana na xestión, máis profesionalizada, polo tanto máis eficaz na resolución dos conflitos e na prestación dos servizos que ten encomendados, sen esquencer en modo algún esa función de palestra da democracia que ten sempre a Administración local.

Pois ben, aquí podemos ter algún problema, un problema que, desde logo, non é privativo do noso modelo, nin sequer do ámbito local, senón que dáse en todos os niveis; refírome a esa consabida tensión entre representatividade e eficacia, moi propia do sistema democrático. Vai de seu, neste sentido, que se pode ser un dignísimo representante público sen ter unha formación especializada, sin ser experto en leis, sin ser un xurista ou sin ter a necesidade dunha experiencia determinada ou específica e ampla en calquera ámbito de actuación ou da lexislación, pero tamén é evidente que desde os poderes públicos se deben artellar medidas para que os representantes democráticos pois non teñan, na medida do posible, pois eivas, dúbidas, que poidan dificultar a súa actuación. Certamente que as formacións políticas poden e deben contribuír a esta tarefa, pero non está tampouco mal que os poderes públicos teñan tamén esa sensibilidade.

E doutra parte acontece ademais que a Administración municipal pois é a primeira palestra para moitas vocacións políticas, e non resulta infrecuente —como dicía a deputada Carmen Cajide— que se chegue a ela, que se poda chegar, orfo de experiencia, orfo dalgúns coñecementos necesarios sobre o funcionamento da cosa pública, e probablemente isto se xeraliza e agrava no ámbito local.

Con efecto, como moitas das súas señorías seguro que coñecen, un recente estudio da Femp, da Federación Española de Municipios e Provincias, que abrangue todo o Estado e que abrangue temporalmente desde 1991 ata o día de hoxe, pois hai datos realmente moi importantes, moi interesantes, como que o 25% dos representantes locais —falo do ámbito estatal— non teñan estudos, ou se os teñen son simplemente estudos primarios. Evidentemente, isto non menoscaba en absoluto o seu valor e dignidade da súa fun-

ción democrática, pero debe ser un dato que probablemente teñamos que ter en conta.

E tamén outro dato que entendo moi significativo neste sentido, que é a grande taxa de renovación da representación local. Hai que ter en conta que a porcentaxe de eleitos locais que chega por primeira vez a un concello é nada menos que do 46%, do 46%. Xa que logo, non é difícil facer unha aplicación destes datos a Galiza para sacar algunhas conclusións oportunas, como que aproximadamente 1.500 dos nosos concelleiros estarían nesta situación de presumíbel falta de experiencia.

Polo tanto, isto é o que late detrás desta iniciativa parlamentar e, desde logo, alude a esa conveniencia, mesmo necesidade, de poñer en práctica determinadas accións para que estes representantes dispoñan canto antes dunha información e dunha formación suficiente que lles proporcione esa experiencia elemental da que carecen moitas veces ao comezar a súa función democrática.

Polo tanto, diríamos que hai que, aludindo a esa vella disquisición, non sei se filosófica, de que hai que completar o xenio co oficio, bueno, isto é realmente moi importante, e nós entendemos, en efecto, desde o noso grupo, que é moi conveniente que os electos locais coñezan cando menos o réxime xurídico con carácter xeral dos entes públicos, os procedementos administrativos, as formas de contratación pública, mesmo tamén a distribución das competencias entre os distintos órganos e niveis políticos, o réxime das autorizacións, das concesións, das licencias urbanísticas, do persoal local, a estrutura dos orzamentos; en fin, o papel dos distintos órganos, como se distribúen os asuntos entre o Pleno e o alcalde, a Comisión de Goberno e, dende logo, o réxime de intervencións, o réxime de votacións, e tamén lóxicamente a participación cidadá. Evidentemente, trátase dunha información que ten que ser unha información técnica, con total asepsia política, claro é, se hai esta intervención dos poderes públicos.

Entendemos desde o BNG que estes e outros rudimentos son obviamente imprescindibles para cumprir correctamente esa función representativa. E, naturalmente, non parece conveniente que estes electos teñan que investilos os seis ou sete primeiros meses de exercicio representativo nunha tarefa de formación autodidacta. Repito que no ámbito nos con-

cellos, como dicía a deputada autora da iniciativa, especialmente nos concellos pequenos, que son moitos en Galicia, pois esta necesidade é moi notoria. Entendemos que todo isto sintoniza perfectamente ademais coa filosofía do pacto local, onde entendo que poden encaixarse sen ningún problema, perfectamente, este tipo de accións.

Xa que logo, estamos a prol desta iniciativa, e probablemente sexa preciso concretar algunhas cuestións: se se debe facer un manual ou pola contra diversos prontuarios por materias, pero, en calquera caso, hai experiencias en algunhas comunidades autónomas, probablemente tamén na nosa exista algunha experiencia neste sentido, e doutro lado pois parece que ese manual de apoio aos cargos electos está xa en elaboración pola Dirección Xeral de Administración Local da Xunta e que, polo tanto, estará preparado axiña.

Naturalmente que queda en mans desta iniciativa, se é aceptada –nós ímola apoiar–, pois determinar con precisión, como ten que ser ese banco de boas prácticas da política municipal, que hai que entender por este foro de intercambio, que entendo que é unha idea interesante na liña que xa expresou a deputada Carmen Cajide.

En definitiva, e para rematar, señores deputados, nós entendemos, desde o Grupo do Bloque Nacionalista Galego, que é unha idea axeitada, unha idea conveniente, e polo tanto imos apoiar esta proposición nos seus propios termos.

Máis nada, presidenta. Moitas grazas.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor González Mariñas.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Baamoonde Díaz.

O señor BAAMONDE DÍAZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Bos días, señoras e señores deputados.

Tócanos agora tratar unha iniciativa do Partido Socialista. Eu diría que o único que merece salvarse dela pois é a boa intención, a vontade e o traballo da señora Cajide, quen tan dignamente a defendeu. Pero polo máis, permítanme que lles

diga que en realidade esta iniciativa, si pode ser calificada de algo, é de monumento á estulticia política.

Falan dun tema extraordinariamente importante e grave, como é a relación coa Administración local, e traen aquí unha iniciativa etérea, que non serve para nada e que en realidade simplemente é un xesto de cara á galería.

Que é etérea, a eso xa nos teñen acostumbrados. No país pasan moitas cousas, pero os grupos que apoian o Goberno pois moitas veces cobran protagonismo parlamentario falando de cousas escépticas. A xente preocúpalle moitas cuestións, preocúpalle, por exemplo o tema do tráfico, pero vostedes eluden dar explicacións, aínda que hoxe fixeron ese paripé da pregunta dun grupo do Goberno á outra parte do Goberno para que lles explique qué pasa aí arriba. Á xente preocúpalle que pasa con ese AVE, que antes non chegaba nunca e agora se cae a cachos; pero aquí derrúbase a parte máis importante do viaduto máis importante do AVE galego e naide dice absolutamente nada. Á xente preocúpalle, evidentemente, as cousas da economía, que xa dicía o presidente que iba moi ben. Nos números altos irá moi ben, pero o que é no peto da xente empeza a ser extraordinariamente preocupante; as hipotecas achican espacio peligrosamente en ese peto. Si falamos das cousas de comer, pois miren o que pasa co leite, que a este paso vai haber que aumentar os tetos das vacas para ter abondo. E si falamos do precio da fariña, da fariña do pan, desgraciadamente en ese tema do precio empeza a aparecerse á fariña de Oubiña. *(Aplausos.)*

Pero claro, miren vostedes, estas cousas que pasan ao Goberno non lle preocupan porque está demasiado ocupado en resolver os problemas do propio Goberno. Falar destas cousas o único que faría sería aumentar a brecha que existe entre esos dous microgobiernos autistas que nos toca padecer. Seguramente por esa razón o presidente, como non lle importan as cousas da xente, non se acaba de enterar pois desas promesas que fai de libros de texto, que promete gratuidade e logo non se entera de que hai que pagar unha parte importante deles. Eu lle recomendo, de todos modos, que vaian reconvertindo esa cuestión, porque esos problemas do Goberno galego seica xa empezan a preocupar á sociedade deste país, que empeza a darse conta de que vostedes faltan ao mandato que lles encomendaron, gobernar en comunión de intereses en beneficio de todos os galegos. E o que fai

cada un dos grupos que forman o Goberno, en realidade, é ver cal deles pode mamar máis dos peitos da cabritiña do poder.

Digo, señorías, que esta é unha moción que non serve absolutamente para nada. Non serve para nada, en primeiro lugar, porque nada dice. Falan vostedes de un manual de apoio, de un banco de boas prácticas, de un foro de boas prácticas, pero quédase todo en mera retórica. O que fan tamén, por certo, moitas veces, pura retórica para esconder a falta de solucións; pura imaxinería para esconder a falta de imaxinación; pura grandilocuencia para aparentar que fan o que non fan.

Vir a estas horas a falarlle á Administración local de que as solucións dos seus problemas pasan por un manualiño de apoio que xa veremos como o artellan, pero as estanterías dos concellos xa están cheas dese Manual del concejal, Manual de Urbanismo, Manual de Hacienda y otras cosas. Falarlle de un banco que non é precisamente de cartos, é dun foro de comportamientos celestiais, a min me parece que aos señores concelleiros e aos alcaldes que lles sona un pouquiño a música celestial e un tanto a aquilo do parto dos montes.

Digo que é unha iniciativa que serve unicamente para a galería. Non explicaron vostedes para que a traen realmente a esta Cámara esa iniciativa. Eu creo que a traen fundamentalmente por dúas razóns. En primeiro lugar, para tapar a mala conciencia que vostedes teñen na súa relación coas administracións locais, coas corporacións locais, cos concellos de Galicia. E, en segundo lugar, que a traen pois loxicamente para maior gloria do Goberno de Galicia, para facer algo que lles gusta moito. Parece, parece que queren vostedes impoñer, ou falan de que os concellos necesitan un código ético, un código deontolóxico de comportamento, e aparecen vostedes como os promotores, como se foran os gardiás, como se foran os paladíns do comportamento ético en Galicia. Pero ningunha desas dúas cuestións serve absolutamente para nada porque vostedes non teñen credibilidade ningunha para impoñelo.

Miren, se falamos da relación cos concellos, pois, evidentemente, os alcaldes e concelleiros, cada vez que tratan con vostedes, loxicamente o primeiro que se lles vén á memoria é a falta de confianza, o descrédito total e absoluto que teñen as relacións entre a Xunta de Galicia e a Administración local.

Fala a señora Cajide do pacto local, que venderon con bombo e platillo e de maneira rimbombante ao principio da lexislatura. ¿E que pasa, preguntamos nós, con un pacto local que practicamente no 99% está sen cumprir? Está sen cumprir porque, loxicamente, a vostedes non lles interesa a iniciativa de ese cumprimento. ¿Como lles vai interesar si cada vez que chocan coas administracións locais o que sacan por diante é precisamente o recelo hacia elas? Miren o que pasou co lume. Os alcaldes e concellos de Galicia axudáronlles loxicamente –valla a redundancia– a quitar as castañas do lume; o precio que lles devolveron vostedes foi o de botarlles a culpa do lume e retirarlles todas as competencias, ou todas as que puideron, en relación con esa materia.

Falan vostedes, fala o señor vicepresidente, de facer unhos convenios cos concellos en materia de servicios sociais, pero, por si acaso, a participación minoritaria queda en maus dos concellos, non vaia ser que estropeen o plan.

Sacan recentemente tamén outro invento retórico, o Plan de reequilibrio territorial, pero no máis puro principio do absolutismo: todo para el pueblo, pero sin el pueblo. Vostedes tamén fan o mesmo: todo para os concellos pero sin contar absolutamente, para nada, coa voz dos concellos na elaboración dese Plan de reequilibrio territorial.

Dícnos que queren promover a formación. ¡Oiga!, o exemplo non vai nesa dirección, señora Cajide. Pregúntelle ao señor conselleiro, ao señor Romeu, por que reduciu máis do 50% os cursos da Escola Galega de Administración Pública, precisamente os que incidían en ese tema de formación. Pregúntelle por que eliminou o Centro de Estudios de Administración Local. Pregúntelle que é o que pinta a Dirección Xeral de Administración Local, un organismo que leva dous anos desaparecido en combate, que non ten absolutamente ningunha iniciativa e que, loxicamente, debiera de decir algo en relación con esta materia. Por eso digo que non teñen vostedes credibilidade para falar da formación.

Pero miren vostedes, se queren impoñer un código ético, loxicamente impoñelo non poden porque a Administración Local ten a mesma lexitimidade que pode ter este Parlamento, que é a base da elección directa polos cidadáns, que nombran os alcaldes e os concelleiros, ante os cuales son as únicas persoas que teñen que responder, loxicamente, unha cor-

poración local. Polo tanto, para falar dun código ético hai que ter autoridade moral para impoñelo.

¿E ten autoridade moral este Parlamento para facer esa imposición? ¿E ten autoridade moral o Goberno que vostedes lle encargan a elaboración desos instrumentos? Se facemos un repaso a eso de que el movimiento se demuestra andando, veremos facilmente que non. ¿Que lles vamos a poñer como exemplo? ¿A lei de transparencia? Pero será a transparencia translúcida que inventaron ustedes, que deixa pasar a luz, pero que non deixa ver nada do que pasa detrás deso. ¿Que lles vamos loxicamente a vender? A xestión que fan dunha televisión, que a teñen convertida en espectáculo mediático, pero non pola súa programación senón polas loitas de intereses e de protagonismos entre as dúas partes do poder.

Vamos a falar desa ética das comisións de investigación que vostedes venderon a bombo e platillo e que resulta que é investigar aos mais pero eludir, evitar e escapar da investigación que nos realicen a nós. ¿Quen os vería a vostedes tro-
nar se nós facemos o que fixeron vostedes co lume ou o que acaban de facer agora mesmo co Barbanza? ¿Que lles vamos a vender, a ética dese alcalde de Punxín, que distingue entre bos e malos según o color político que teñen? ¿O do alcalde de Vigo, que converteu a Autoridade Portuaria nun auténtico patio de monipodio? (*Murmurios.*)

¿Que lle vamos a falar dos incumprimentos reiterados que vostedes fan? Miren, dicen os paisanos por aí, hai un vello dito que dice aquilo dos políticos: prometer, prometer, hasta meter y, una vez metido, nada de lo prometido. (*Risos.*) Vostedes fan algo moito máis raro que eso, non é que incumplan sistematicamente o que prometen, é que hasta prometen o que incumplen. E si non pregúntenlle ao alcalde –iba dicir socialista– ao alcalde pseudosocialista de Lugo e a don José Blanco, que un incumple reiteradamente temas como o auditorio, a ponte, [...], e o outro venos a cumprir reiteradamente como grandísimas promesas do incumplimento.

Por eso non nos pidan que apoiemos esta iniciativa. Sexan vostedes serios, señora Cajide. Tómeo vostede en serio, como ben dice. Eu sei que vostede sinte a Administración local, entón faigan o que teñen que facer, aumenten a súa dotación de fondos, respecten a súa autonomía, realicen autenticamente esos cursos de formación. Non me fai-

gan aquilo que decía o Arcipreste de Hita: *Conozco a muchos curas que en sus predicaciones desprecian el dinero y también las tentaciones. Y al fin por el dinero otorgan los perdones, absuelven los ayunos y ofrecen oraciones.* Vostedes fan igual, dicen unha cousa e fan a contraria.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Baamonde.

Turno de peche da señora Cajide Hervés.

Ten a palabra.

A señora CAJIDE HERVÉS: A verdade, señor Baamonde, felicítoo, porque lle aplaudiron máis os seus compañeiros que o seu máximo dirixente, que é o señor Feijoo, ¿eh? A verdad é que... debeu estar genial, porque tuvo un gran aplauso.

O que me parece triste é que vostede houbera sido alcalde. (*Risos.*) (*Aplausos.*) Iso é que... De verdad, é triste que usted houbera sido alcalde porque non o parece para nada, para nada. Vostede si que non sinte a Administración local, nin vostede nin os seus. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Está clarísimo, non creen na Administración local.

Mire, vou a empezar decíndolle que, despois de firmar o pacto local, o señor Crespo, que precisamente non é do noso partido, é do seu, decía despois de firmar o pacto local: *En definitiva, el futuro precisa de ayuntamientos independientes que no estén tutelados.* O sea, que antes hasta o señor Crespo creía que os ayuntamientos estaban tutelados. (*Aplausos.*) Nós queremos ayuntamientos independentes, queremos uns concellos independentes, e cremos que para elo temos que ter concelleiros e concelleiras e alcaldes e alcaldesas competentes, ¿eh? Pero non falamos dun código ético, nós aquí non estamos falando para nada de dirixir a ninguén, iso facíano vostedes. (*Murmurios.*) Nós estamos falando de personas, mulleres e homes, competentes para resolver os problemas dos seus pobos, e temos que utilizar –utilizar, enténdame, no bo sentido da palabra– a Administración local para sacar a Galicia de donde a deixaron vostedes. (*Aplausos.*)

Estamos no bo camiño porque temos un presidente que cre precisamente na Administración local; (*Murmurios.*) e

temos un conselleiro que cre na Administración local, e un pacto de goberno e uns socios de goberno que creen na Administración local, ¿eh? (*Aplausos.*) aos cuales lle agradecemos, lle agradecemos, unha, o seu tono –agradézcolle, señor Mariñas, personalmente o seu tono–, pero ademais agradecemoslle que apoién esta iniciativa, e con elo están demostrando que de verdade creen na Administración local e nesas mulleres e homes que fan un gran esforzo. Porque, como decía vostede, hai moitos –e eu sei, é dicir, tócame directamente–, hai moita xente que fai un gran esforzo, porque cando empeza non teñen os coñecementos básicos –e sei de boa tinta porque o vivín eu–, pero con vontade nesta vida faise todo. Pero tamén teñen que ter vontade o resto das administracións para apoiar a toda esa xente que fai un gran sacrificio, porque moitas veces non está nin sequera na súa trayectoria personal pois meterse na política local. Pero porque creen nos seus pobos –como dixeran xa na iniciativa–, porque creen nos seus pobos e porque queren resolverlle os seus problemas métese na política local e precisan dese apoio, que non é un código ético, é un manual de apoio, enténdano, ¿eh? E me parece que o expliquei, ou polo menos intentei explicar, na miña exposición. Non é un código ético; nós non queremos dirixir, queremos apoiar, que é totalmente diferente. E a Administración local ten que estar dotada de todas esas ferramentas, como están xa noutras comunidades autónomas; pero aquí perdemos dezaseis anos e por eso a Administración local estaba anclada. Agora, cando o Goberno está nesta bancada, cando precisamente ese pacto funciona e temos un goberno que funciona, é cando a Administración local vai axudar a cambiar Galicia.

Ben, eu díciolle que parece mentira que vostede fose alcalde, e que tamén parece mentira que vostede, co seu talante, fixera este tipo de intervención. De verdade, porque eu considero que ten, ou nós consideramos –coincide... outras persoas do meu grupo coinciden comigo– de que vostede realmente ten outro talante. Eu penso que lle teñen que ir moi mal as cousas para que hoxe veñan aquí pois, non sei... e faga semejante intervención vostede. Que perda toda esa... Eu non creo... Penso que vén máis ben, non sei, dirixido. Porque algunha sensibilidade debe de ter, lle debeu de quedar, do seu paso polo Goberno local e do seu paso como alcalde, porque realmente é un papel difícil. É difícil estar en política, pero é difícil estar na política local, e vostede teno que saber ben. Porque moitas veces nin siquiera é recoñeci-

do socialmente a súa labor. A labor desta xente que o deixa todo.

E bueno, como creo que rematei o meu tempo, vou a deixalo porque, de todas formas, eu creo que nin siquiera vale a pena perder moito tempo, perder moito tempo, con este debate que non ten sentido de ningún tipo. De verdade, non ten sentido. O que ten sentido é a iniciativa, é o apoio á política local.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señora Cajide.

Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Alberto Núñez Feijoo e tres deputados máis, sobre a modificación do Decreto 124/2007, polo que se regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, incorporando todas as recomendacións do ditame elaborado polo Consello Consultivo de Galicia

A señora **PRESIDENTA**: Última proposición non de lei, sobre a modificación do decreto 124/2007.

A esta proposición non de lei non se lle presentaron emendas.

Para formulala ten a palabra a señora López Besteiro.

A señora **LÓPEZ BESTEIRO**: Señora presidenta, moitas gracias.

Señorías, o 29 de xuño se publicaba o Decreto 124, que regula o uso e a promoción do galego no sistema educativo, e saíu, a pesares do intento do Grupo Parlamentario Popular, sen consenso, por primeira vez en moitos anos neste país. E o decreto pretende desenvolver a Lei de normalización e o Plan de normalización que foron aprobados e impulsados polos gobernos do Partido Popular. Pero ten, señorías, eivas moi serias e non se axusta de ningún xeito ao ditame do Consello Consultivo, que é o órgano de interpretación lexislativa de Galicia, equivalente ao Consejo de Estado, e que di claramente que este decreto non se axusta a dereito. O recoñece a propia Xunta, que en vez de dicir “de acordo co Consello Consultivo”, di “oído o informe do Consello Consultivo” no ditame. Pero especialmente grave é esta falta de con-

senso e este incumprimento do ditame, porque afecta a todo o sistema educativo e aos dereitos dos alumnos, dos pais e dos docentes de Galicia.

Señorías, eiquí todos defendemos os dereitos das linguas. O outro día defendíase nesta Cámara, na Comisión, os dereitos da lingua mapuzugún ou mapuche. Nos parece máis ou menos ben, pero o que é certo é que os dereitos lingüísticos non poden nunca nun país democrático estar por riba dos dereitos das persoas: dos nenos, dos pais e dos profesores. En Galicia, país democrático, a realidade social amosaba que se utilizaban alternativamente e indistintamente o galego e o castelán sin ningún problema, ás veces incluso en conversas galego-castelás, en conversas bilingües. Pero especialmente grave é o que di este dictamen.

En primeiro lugar, hai que dicir que o dictamen foi aprobado por unanimidade de todos os membros. En segundo lugar, que di claramente que o decreto non é conforme a dereito. En relación cos artigos 8 a 12 di que establecen unha porcentaxe de mínimos do 50% da docencia en galego e en castelán, pero que non hai ningún límite ou tope máximo. Que o proxecto lingüístico do centro, que se contempla nun dos artigos, pode desvirtuar a natureza do modelo e convertilo nun modelo diferente, de inmersión obrigatoria –son palabras do dictamen– para os centros, podendo comprometer o equilibrio entre o ensino en castelán e galego e, polo tanto, as competencias lingüísticas en ambas as dúas linguas. Outro aspecto importante é que o uso obrigatorio do galego nas materias que se imparten en lingua galega por parte dos alumnos di textualmente: “non ten cobertura legal, de acordo cas resolucións do Tribunal Constitucional”. E conclúe que non é conforme a dereito e que, por tanto, establécese unha situación de inseguridade xurídica importante, o que nos parece a nós que non desexable para Galicia, que non é desexable para o sistema educativo e que é inasumible nun asunto desta relevancia.

Por isto, desde o Grupo Parlamentario Popular pedimos no seu día que se recolliesen estas garantías do dictamen, e non o conseguimos no seu momento, e por iso seguimos tentando que se recollan agora. Pedimos que a Xunta reforme o decreto para recuperar o consenso lingüístico. Non se enganñen, señorías, desde o Grupo Parlamentario Popular e desde os gobernos populares de Galicia sempre defendimos e sempre defenderemos o galego xunto co castelán, nun clima de

convivencia pacífica entre as linguas, xunto co impulso necesario da lingua galega en todos os ámbitos da sociedade. Digo en todos os ámbitos da sociedade, pero non a costa exclusivamente dos nenos, nunca a costa dos dereitos dos nenos, nunca xerando conflitos con profesores e con pais, e tamén con alumnos, e nunca xerando conflitos entre as dúas linguas oficiais de Galicia.

E non só defendimos isto por responsabilidade democrática, que tamén, senón por respecto ao galego. Flaco favor lle faremos á nosa lingua se a convertimos en patrimonio de algúns, en instrumento ideolóxico de outros e en signo de identidade duns cuantos. O galego é de todos os galegos, é a lingua cooficial, co castelán, de Galicia e debe ser impulsada e promovida por todos e entre todos. E deso algo sabemos os populares, algo sabemos da cohabitación que durante estos anos existiu e da tranquilidade que existiu entre o galego e o castelán. Seguimos defendendo e pedindo consenso, pero, ¡ollo!, consenso con garantías. A garantía de total equilibrio na distribución horaria, equilibrio tamén, na educación infantil, da proporcionalidade, que se debe de manter igualmente nos centros con proxectos plurilingües. Porque, si non hai proporcionalidade na docencia, non hai garantías de competencia lingüística por máis que se diga, e se permite a deriva hacia un proxecto de monolingüismo. Segundo, a garantía de que na educación infantil os alumnos serán acollidos na lingua materna. O di a Lei de normalización lingüística no artigo 13: A lingua materna que determinen os pais, como se viña facendo habitualmente. E non o que se recolle no decreto, que se lle engade o que opinen os estudos e os expertos nomeados *ad hoc*. Garantía de liberdade de uso das dúas linguas polos alumnos en redaccións, exames, etc., excepto, loxicamente, en as materias que son de lingua castelá e de lingua galega, para defender a liberdade e para evitar nalgún caso tentacións de modificar os hábitos lingüísticos á forza, e me entenden. Porque, miren, si o galego se convirte en algo imposto, acabará sendo algo odiado, polo menos por algúns.

¿Por que, señorías, a liberdade con que todos os galegos nos expresamos e nos defendemos se está sentindo agora por algúns como imposta, como reducida? Pénseno, señorías. Nosoutros apostamos de xeito irrenunciable pola promoción do galego. Conquerimos, mentras gobernamos, avances importantes sin necesidade de crear conflitos, sin necesidade de buscar... –iba a dicir guerras e quero suavizar–, sin

necesidade de provocar choques idiomáticos innecesarios. Pero, eso si, negámonos a ser utilizados por ninguén –neste caso por unha parte do bipartito– para tratar de frenar as esixencias da outra parte. Nosoutros cremos que eso non é posible, nosoutros cremos que eso non é desexable e nosoutros cremos que o consenso é imprescindible. Pero o consenso, señoras e señores, con garantías.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas grazas, señora López Besteiro.

Intervencións dos grupos parlamentarios, empezando, en primeiro lugar, polo Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego.

Señor Lobeira Domínguez.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Señoras deputadas, señores deputados, temos hoxe neste Parlamento un debate ben interesante suscitado polo Partido Popular e, ao tempo –tamén o temos que dicir–, un debate ben triste. Debate ben triste porque hoxe formalízase xa en sede parlamentar a renuncia oficial, o divorcio do Partido Popular, co Plano xeral de normalización da lingua galega, votado no seu día por el mesmo, e oficialízase tamén o aliñamento do Partido Popular de Galiza –perdón, do Partido Popular en Galiza– coas teses máis reaccionarias e antigalegas da dirección do Partido Popular en Madrid e dos seus satélites mediáticos, desde as súas atalayas radiofónicas ou de prensa escrita, que lle ditan ordes que logo son convenientemente e obedientemente acatadas por vostés, deputados e deputadas do Partido Popular, aquí tamén neste Parlamento. E o máis grave de todo isto, no contexto dunha ofensiva absolutamente brutal contra os sinais de identidade lingüísticos e culturais que nos conforman como pobo diferenciado e que logo explicarei.

É difícil de entender, desde unha posición galega e democrática, a posición e a proposta do Partido Popular que hoxe se debate neste Parlamento, polas seguintes razóns. En primeiro lugar, señoras e señores do Partido Popular, porque os propios datos estatísticos oficiais fan de que o actual

sistema educativo en Galiza non é quen de garantir a competencia lingüística dos nenos e nenas, mozos e mozas, que pasan por ese sistema educativo. Oficialmente –non é un invento do BNG–, un de cada cinco mozos entre 14 e 19 anos non teñen competencia lingüística, son incapaces de manter unha conversa en galego. Por tanto, mozos e mozas que pasan polo actual sistema educativo. Máis incumprimento dos compromisos adquiridos a nivel internacional polo Estado español en materia lingüística ou, en concreto, a Carta europea de linguas, a chamada Carta europea de linguas rexionais e minoritarias, subscrita polo Estado español, mesmo co Goberno de Aznar, e que mereceu no último Informe do comité de expertos do Consello de Europa unha opinión absolutamente demoledora no caso galego sobre o fracaso do modelo de política lingüística impulsada desde o Goberno de Manuel Fraga Iribarne, co resultado práctico de perda de falantes, nomeadamente na xente máis nova, a que se incorpora e pasa polo sistema educativo galego. Iso parece ser que o Partido Popular o valora positivamente. Queren tornar ao modelo anterior, un modelo de perda de falantes, un modelo onde o sistema educativo existía como elemento tamén desgaleguizador. Entraban nenos e nenas falando en galego, saían mozos e mozas, mesmo en moitos casos sen competencia lingüística en galego. Non o dicimos nós, dío o Consello de Europa.

En segundo lugar, aínda nos din, aínda nos din que este decreto rompe o equilibrio lingüístico, rompe o consenso e significa a imposición, a imposición do galego, e rompe o equilibrio. ¿Que equilibrio, señores do Partido Popular, que equilibrio lingüístico? É que neste país, neste ano, por se non o saben, houbo xente que perdeu o seu posto de traballo por atreverse a falar en galego. Este ano neste país houbo xente condeada por desacato a un xuíz por atreverse a falar en galego nun xuízo. Neste país hai xente que se atreveu a intentar casar en galego, casar en galego en Pontevedra, Ferrol ou na Coruña, e puxéronlles un intérprete na súa propia terra. E fálannos de equilibrio.

Miren os medios de comunicación, moitos deles ben subvencionados para promover o galego, e moitos deles incorporan menos galego que hai trinta anos. Intenten ir a un espectáculo, ao cinema a mirar un filme en galego, a ver se son capaces. E fan de equilibrio entre as linguas. O que hai é un proceso acelerado de perda de falantes no idioma propio de Galiza, no único idioma propio de Galiza, según di o

Estatuto de autonomía de Galiza no artigo 5: “O idioma propio de Galiza é o galego”. E, por riba, en termos democráticos, é o idioma maioritario deste país. Por iso falaba antes que desde un punto de vista galego e democrático non é entendíbel esta posición.

Por iso, por iso, porque non hai equilibrio, cando o novo Goberno de Galiza intenta pór en marcha medidas que poñan en valor a nosa lingua, a nosa cultura, o que somos, e ademais cun exercicio de dignidade e sen complexos, a partir de aí, dese momento, ábrese a caixa dos tronos, absolutamente, e comezan os ataques en boa parte desde o Partido Popular, en concreto de Madrid, e desde medios de comunicación –insisto, atalaya radiofónica e prensa escrita–, actuando tamén desde alá.

Decide, por exemplo, o Goberno de Galiza pór en marcha unha rede galega de ensino infantil, as galescolas, ¡que tanta falta fan neste país!, ¡que tanta falta fan!, e automaticamente xa din que os mandilóns se convirten en uniformes identitarios para adoutrinar aos nenos galegos. Propoñemos desde este Parlamento todos os grupos convenios de colaboración co Bierzo ou con outras comunidades de fala galega, e chámannos imperialistas. Mentras o Instituto Cervantes non ten problema en subvencionar o español en Marrocos, en Porto Rico, en Estados Unidos, en Filipinas ou onde faga falta. A nós chámannos imperialistas.

Acusan á Consellería de Medio Rural, ¡fixense vostés!, de desviar cartos destinados á extinción de incendios para a galeguización de lápidas. Hai hemerotecas, e isto nos últimos meses. Son os que din, os mesmos que din que o himno nacional, o himno galego, con máis de cen anos de existencia, e aprobado por lei deste Parlamento, din que é un himno racista e xenófobo, da autoría dun tal Arturo Pondal, ¡tan listillos estes señores!

E se o vicepresidente da Xunta de Galiza, o señor Anxo Quintana, propón algo tan normal como que a sociedade galega coñeza o himno –e, por certo, neste Parlamento a algunhas señorías falta lles fai tamén–, caricaturízase esa posición falando de que a proposta pasa para que os nenos entre seis meses e menos de tres anos aprendan o himno.

Mire, son moitos ataques. Nós estamos blindados porque sabemos de onde veñen. Agora, para nós o máis grave, o

máis grave e o que máis nos doe, é que eses ataques teñen tamén no propio país aliados e valedores. Iso é o que máis nos doe como galegos. E, dígolles máis, non se confundan, señores do Partido Popular, non son ataques contra o nacionalismo galego, son ataques contra este país: contra a nosa lingua, contra a nosa cultura e contra o que somos nós. Iso é o que lles molesta, o que somos, e que manteñamos sinais de identidade que nos conforman e conformaron historicamente como pobo diferenciado. Son os mesmos que lle están a dicir ao señor Núñez Feijoo que agora o seguinte paso, unha vez que se desmarcaron do decreto, porque tamén me criticaron por iso, agora o seguinte paso ten que ser que Núñez Feijoo fale en español neste Parlamento. ¿Ou somos parvos? ¿Ou iso non se escoita? ¿Ou non o entrevistaron tamén por esa razón?, ¿eh? Son os mesmos que defenden que, efectivamente, no Dicionario da Real Academia Española da Lingua a acepción “galego” ten que estar vinculada á definición de tonto e tateo, os mesmos que dicían que, efectivamente, antes galego era sinónimo de bruto e mozo de cuerda nese mesmo dicionario. Eses son os ataques que se reciben, e o que máis nos doe é que eses ataques teñen aquí valedores obedientes e submisos a esas posicións.

Eu dígolles que non hai nada peor nesta vida que renegar da terra na que se naceu e do pobo ao que se pertence. E lamentabelmente neste país temos moitos exemplos de xente que renegou do seu país, de xente que pensaba que, efectivamente, ser galego non era nada, era o peor que había. Ese concepto de autoodio, que éramos un pobo inútil, que para ser algo na vida tiñamos que renunciar ao que somos e, efectivamente, renegar do noso país e da nosa lingua, e, a poder ser, ter acento madrileño ou andaluz, e así tiñamos posibilidades de triunfar.

Ese autoodio que nos inculcaron cun idioma como o noso, perseguido historicamente, humillaron a xeracións enteiras deste país, conculcaron o dereito inalienábel que teñen os nenos e nenas de Galiza a recibir ensino na súa propia lingua, e provocaron –insisto– un divorcio absolutamente brutal entre a realidade obxectiva lingüística do país e un sistema educativo de costas absolutamente á nación que teoricamente debía servir para formar.

Eu, desde logo, non son máis galego ca ninguén. Aquí todos somos galegos e galegas. A diferenza, señoras do Partido Popular e señores, está en que hai algúns que exercemos

politicamente como galegos, sen complexos e con dignidade, e hai outros que politicamente exercen ou preferen exercer como valedores de partidos con liñas ideolóxicas que negan a existencia de Galiza como pobo diferenciado e con entidade propia.

Remato xa.

Nós temos dereito a que o galego sexa a lingua vehicular do ensino. Hai doutrina do Tribunal Constitucional, hai sentenzas do Tribunal Constitucional. Vostés agárranse a un Consello Consultivo que, desde logo, non é unha institución nin neutra nin imparcial nin obxectiva, foi escollida dixitalmente por Manuel Fraga Iribarne e ten ditames que non son vinculantes. Iso que vosté leu, oído o Consello Consultivo, é o que figura literalmente na lei do Consello Consultivo de Galiza. E fronte a ese Consello Consultivo, onde, por certo, non nos enganemos, tamén hai algún inimigo acérrimo e declarado do idioma galego, porque o hai, fronte a iso, existe tamén mesmo doutrina constitucional que no caso catalán e noutros corrobora a posibilidade de que o galego, neste caso, sexa lingua vehicular do ensino. A min esto da liberdade dos nenos e das nenas é que me produce risa. A min gustárame que fixeran un referendun, ¿verdade?, nas aulas e dixeran: A ver, nenos, ¿quen quere recibir ensino en galego? Habería votacións, pero inmediatamente despois supoño que dirían: ¿quen quere aulas de matemáticas? A ver cal era o resultado en aras da liberdade. ¿Quen quere aulas de informática? ¿Quen quere aulas de historia? E ao final probablemente habería aulas de ximnasia exclusivamente. Iso si, en galego. *(Risos.)*

No, no porque hai unha cuestión, hai unha cuestión. *(Aplausos.)* Xa remato, señora presidenta. Este decreto, que foi desde logo a única norma da que eu teño coñecemento, polo menos desde que son deputado –e van xa once anos–, que gozou dun proceso exemplar de tramitación, de negociación e de consenso, non coñezo outro decreto con ese proceso, ate a última coma, que recolle mesmo ao final de forma literal algo que daquela o Partido Popular estaba a favor, como o mínimo do 50%, aprobando o Plano xeral de normalización da lingua galega, foi un decreto que gozou do apoio e que goza do apoio e da defensa –fixense vostés– de todos os sindicatos de ensino dos profesores, da Confederación Galega de Ampas de centros públicos, da Federación Española de Relixiosos do Ensino Centros Católicos, das

organizacións estudiantís, das organizacións de renovación pedagóxica, e así sucesivamente. A inmensa maioría da comunidade educativa deste país aposta por este decreto. ¿E fronte a este decreto quen quedan? Quedan vostés, señores do Partido Popular, os seus xefes de Madrid, eses satélites desde atalaias radiofónicas e demais...

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Lobeira.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ:... que combaten –xa remato–, ...combaten este decreto.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Remato cunha cuestión que pensamos que é o noso deber recoñecer.

O noso apoio, o noso impulso, o noso recoñecemento e parabéns do Goberno de Galiza, en concreto da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, e do resto de membros do Goberno de Galiza por este decreto que pensamos é un paso adiante moi necesario, sobre todo restituír unha situación de xustiza que tanta falta facía no sistema educativo galego.

Moitas gracias, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Meijón Couselo.

O señor MEIJÓN COUSELO: Moitas grazas, señora presidenta.

Cita previa: Curso 2007-2008, 26,4 millóns de euros para programa de gratuidade de libros de texto; 140 euros, 25.000 pesetas casi, para cada alumno de primaria; 35.000 pesetas, 210 euros casi, a alumnos de secundaria. Afecta a 216.000 alumnos, 145.000 familias cunha media de 200 euros, e será por eso ao mellor que a Federación de Usuarios e Consumidores do Estado calificou a Galicia e Aragón como as comunidades onde o principio de curso é máis barato. Por certo, Galicia e Aragón comunidades comandadas por sendas conselleiras socialistas. *(Aplausos.)* Entendo, señora Besteiro, que non se referira vostede a eso.

Ben. E, señora Besteiro, lamento ter que dirixirme a vostede nesta iniciativa, igual que lamentaría ter que dirixirme ao señor Castro, porque durante o traballo de consenso do texto a súa postura foi quen de recibir os parabéns de quen lles fala; posición moi distinta da que agora, por desgracia, exhibe o Grupo Parlamentario Popular, que sinceramente me parece hipócrita e desvergonzada, en tanto que é manipuladora da realidade ou de intento, polo menos, de manipular a realidade.

A primeira falacia é afirmar, a primeira falacia é afirmar que este decreto conta con informe en contra do Consello Consultivo. Este decreto non, o texto que se levou ao Consello Consultivo si, o texto non. Perdón, o decreto non. Tanto é así que o texto final, o aprobado no decreto 124, reflicte nin máis nin menos que unha treintena de cambios respecto do texto que chegou a ese Consello Consultivo, cambios que loxicamente teñen a súa orixe maioritaria nas suxerencias dese ditame e tamén non poucas suxerencias de última hora do propio Partido Popular.

Por suposto que si –e hai que dicilo alto e claro–, a Consellería de Educación tivo en conta o informe do Consello Consultivo –por certo, órgano consultivo non vinculante–, e este decreto tamén, por certo, se publicou con todos os parabéns de corpus xurídico da Xunta de Galicia.

Señora Besteiro, vostede sabe que facer esa treintena de cambios non foi ningunha tarefa fácil, e non foi tarefa fácil porque partíamos de algo tremendamente importante, que era un consenso –xa non sei se chamarlle suposto consenso–, un consenso das tres forzas políticas do arco parlamentario. Por certo, consenso que parte ante todo dunha gran xenerosidade por parte da conselleira de Educación, que acude ás tres forzas e as chama para que, igual que o plan, o fixéramos entre todos; xenerosidade, por certo, coa que tamén se achegou a esa mesa o sector do nacionalismo.

O pasado 22 de febreiro, en rolda conxunta que fixemos os tres grupos parlamentarios e a Consellería de Educación, vostede, señora Besteiro, decía deste texto que responde a unha comunidade na que existen dúas linguas cooficiais e unha convivencia pacífica entre o galego e o castelán. Tamén decía vostede que o decreto pretende a adquisición equilibrada de competencias en galego e castelán. Decía: Non vai haber rexeitamento porque o decreto é aplicación

dun plan apoiado no seu día por todas as forzas políticas e, polo tanto, o noso grupo sempre apostou por ese consenso. Parece que esa aposta mudou moi rapidamente, ¿eh? E tamén decía que este texto era garantía do equilibrio entre as dúas linguas cooficiais e do respecto á lingua materna, sexa o galego ou o castelán. As hemerotecas están aí.

Empezarei, por certo, por este último punto: O profesorado usará na clase a lingua materna predominante entre o alumnado e tamén terá en conta a lingua de contorno. Exactamente o mesmo texto que aprobamos os tres grupos coa consellería, exactamente igual. Certo é que agora se lle engade un segundo punto a ese artigo, donde se dice que será o claustro quen determine esta función... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) –espere, espere– ...en función do proxecto sociolingüístico. E que ten que ser aprobado ademais polo Consello Escolar do centro, donde está toda a comunidade educativa, cunha serie de indicadores. ¿E sabe vostede por que se engadiu ese punto? Polo informe do Consello Consultivo. Polo informe do Consello Consultivo, (*Aplausos.*) que decía: razóns de seguridade xurídica... Dí o informe, léao ben: Razóns de seguridade xurídica esixen precisar neste precepto o procedemento e órgano competente para determinar a lingua predominante, e polo tanto se establece un órgano: o claustro e o consello escolar. Eso porque o indica o informe do Consello Consultivo.

Fala tamén... No consello escolar, señora Besteiro. Fala tamén na súa parte propositiva da liberdade de uso das dúas linguas por parte do alumnado, independentemente das linguas nas que se imparta a materia.

Señora Besteiro, a memoria sería flaquear, ou abondamos un mea culpa que, repito, non creo que sea seu.

No texto consensuado figuraba xa que nas áreas, materias ou módulos impartidos en lingua galega promoverase que o alumnado utilizará con carácter xeral o galego. Creo, se non recordo mal, que foi a última reunión donde entendimos que abondaba con poñer: “utilizará con carácter xeral”. Me dirá que non. Bueno, sería opinable.

As razóns creo que están acordes, de entrada, co sentido común e coa máis elemental pedagogía. Si no Plan de normalización, no Plan xeral de normalización aprobado por todos, aprobamos que en galego se impartan distintas áreas

e que os materiais curriculares sexan tamén nese idioma, parece natural, convinte, desexable e coherente co plan que os alumnos tamén empreguen nas súas manifestacións o mesmo idioma. Xa que logo, por qué o de con carácter xeral. ¿Por qué colocamos o de con carácter xeral?

Dous son os motivos para ese: “con carácter xeral”. Por un lado, que seguramente aparecerán casuísticas individuais ou incluso grupais que aconsellen aos docentes, como profesionais nos que este grupo confía absolutamente, modular ou adaptar a aplicación da norma a tales circunstancias. Pero, en segundo lugar, tamén para salvar calquera tacha de posible vulneración legal. Por certo, tal e como utilizaron vostedes no Decreto 247/95, donde utilizaron tamén a fórmula de “con carácter xeral”. O que a vostedes lle valía non lle pode valer ao resto.

Pero tamén teño que dicir, señora Besteiro, e este punto é interesante, me parece que algo se refería a el o señor Bieito Lobeira, que no ano 1996 o Tribunal Supremo xa indicaba que non cabe ligar o debate do deber de coñecer o galego –baleiro estatutario [...] polo Consello Consultivo; estatutario hasta que cheguemos a algo– coa problemática da enseñanza. Non cabe ligalo. É máis, sinala o Tribunal Supremo que no marco alumno-centro escolar, contidos e vehículos de ensinanza si se pode xustificar ese deber, que é o que se fai.

Entremos agora na cuestión dun 50% en galego, 50% en castelán. Remarcan vostedes total equilibrio, dando a entender –cun argumento, permítame dicirlllo, me parece que bastante pobre– que tal equilibrio é simplemente unha cuestión cuantitativa: invertir exactamente os mesmos tempos en galego que en castelán. Parece pedagoxicamente moito máis sensato o Plan xeral, que foi aprobado tamén por vostedes. E o Plan xeral di que o sistema estará máis ou menos equilibrado canto máis cerca estemos do obxectivo que queremos acadar; isto é, a competencia lingüística óptima nos dous idiomas nos niveis que correspondan. De aí que o plan fale con bo criterio de alomenos un 50% da docencia. O que importa é o resultado final; isto é, que a competencia lingüística sexa igual nos dous idiomas. E tanto é así que, en aras de reforzar o consenso acadado entre os grupos, optamos por incorporar a literalidade do propio plan como anexo. Vostede, señora Besteiro, o sabe ben.

En canto xurdía a mínima posibilidade de desacordo entre os grupos e a consellería acudíamos inmediatamente á redacción do plan xeral, porque era un campo de xogo que todos estabamos daquela de acordo en respectar. Sabemos que agora non é así, e creo sinceramente que, efectivamente, podemos certificar que vostedes queren cerrar e salirse fóra dese plan. Serán logo os consellos escolares, onde toda a comunidade educativa está representada, os que aprobarán o proxecto lingüístico máis axeitado, proxecto lingüístico que avaliará, por suposto, a Consellería de Educación.

Pero, por si esto non abundara, vostede non leu unha parte importante do informe do Consello Consultivo, que di así: Cando fala da porcentaxe de distribución de materias que se impartan nunha ou noutra lingua, indica claramente e literalmente que constitúe unha opción normativa que neste caso parece usada de modo ponderado no proxecto. Indica que constitúe unha opción normativa usada de modo ponderado no proxecto. Amén de reseñar que, aínda que pode resultar opinable o criterio establecido, non suscita cuestión de legalidade. Eso dío o informe do Consello Consultivo.

Señores e señoras deputadas do Partido Popular, con este decreto non se persigue establecer en que idioma imos falar os galegos e galegas. Neste terreno xoga, e sempre xogará, como non podería ser doutra maneira, a liberdade individual de cada un. Con este decreto o que queremos é garantir o obxectivo de que os nosos mozos e mozas acaden unha competencia lingüística semellante tanto en galego como en castelán, amén das competencias tamén desexables en idiomas estranxeiros e nas que este Goberno non escatima esforzo, como ben sinalaba neste mesmo pleno o seu presidente.

Queremos mozos e mozas que á parte de en linguas estranxeiras se formen con competencias lingüísticas de excelencia tanto en galego como en castelán, o cal implica necesariamente contar dende a Administración coas medidas necesarias para poder logralo –punto cuarto da súa iniciativa–, e as temos. Primeiro foi o Plan xeral de normalización, hoxe contamos tamén co decreto. Vostedes estiveron no plan e resulta incoherente e irresponsable que non se sumen a este decreto. Romperon un consenso de case vinte e cinco anos en materia lingüística dende a lei de normalización do ano 1983. Non é un tema menor nun país no que a convivencia, a tolerancia e a concordia en materia lingüística é o que desexan a gran maioría dos seus cidadáns. Importar conflitos

doutras partes do Estado, sementar crispación e intolerancia non parecen as mellores fórmulas de apostar por Galicia. “A defensa do galego é algo moi serio. Debe levarse a cabo sen falsidades nin demagoxias baratas”, Manuel Fraga *dixit*. Eu me apunto a esas verbas. Vostedes veñen de [...] ante a sociedade dunha gran democracia interna no seo do seu grupo parlamentario ante posibles inxerencias mesmo de fóra de Galicia do seu propio partido.— Señor Ruíz Rivas, eu tamén aproveito para felicitalo.—Pois ben, convidámoslles a seguir exercendo esa independencia e que deixen de atender a quen pretendan instrumentalizar a Galicia na procura de intereses alleos que nada teñen que ver con nós. Súmense de novo a un consenso en materia lingüística no que sempre deberon permanecer, asegúrolles que serán benvidos. Permítame finalizar cunha cita de Carlos V: “*Quod linguas cales tot hominem vales*”, tantas linguas falas, tantas persoas vales.

Máis nada e moitas gracias.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Meijón.

Turno de peche para a autora da iniciativa, a señora López Besteiro.

A señora **LÓPEZ BESTEIRO**: Gracias, señora presidenta.

Señor Lobeira, mire, xa estamos un pouco fartos e tamén acostumbrados ás súas bravatas, e non nos asustan a ningún, Nos preocupan os seus complexos, porque vostedes ven enemigos en calquer persoa que non lles dice amén ao que vostedes deciden que é a verdade. ¡Ollo con eso, que é moi grave! (*Aplausos*.) E, mire, estamos fartos, e creo que a conselleira tamén e, dende logo, os docentes de que vostede lles bote a culpa ás escolas e aos profesores de ser ignorantes e de desgaleguizar o sistema educativo. Dígallo a eles, dígallo a eles.

Señor deputado do PSOE, cita previa: os libros de texto non son gratuítos, son un préstamo, son un préstamo, e este ano están pagando os pais (*Murmurios*.) —pregúntelle aos pais— entre 50 e 100 euros cada un —pregúntelles a eles— en función dos niveis. Polo tanto, dígalle ao señor presidente que pida perdón e retire vostede, retire vostede o de desvergonzados, pídlle que o retire, pídlle que o retire porque é grave, e recoñeza eiquí que hai dez propostas que se trasla-

daban do dictamen do Consultivo que nosoutros puxemos sobre a mesa e que non se aceptaron, dez propostas.

Miren, señorías, os bipartitos non nos poden dar leccións de defensa do galego (*Risos*.), nosoutros podemos darlles leccións de estilo, de estilo de defensa do galego, de incentivar o galego desde a liberdade, de promover o galego en convivencia pacífica co castelán, sen imposicións nin autoritarismos, con impulsos positivos, con presupostos, con diñeiro, con seriedade e con consenso, e así o amosa toda a historia dos gobernos do Partido Popular.

Estilo. Fíxémolo, señorías, sen divisións internas, sin que, como pasa agora, unha alma deste bipartito lle esté tirando das orellas a outra alma todos os días, que esa é a máis perfecta definición do inferno. (*Murmurios*.) Para os que nos cren, dáme igual; pero, mire, xuntos, apretados e enfrontados, esas son as almas no inferno. Fíxémolo sin encontronazos permanentes, sin buscar patrimonio propio do que é patrimonio de todos os galegos, a lingua, e se non... (*Aplausos*.), ¿por que a señora conselleira lle ten que pedir sentatez na educación infantil ao vicepresidente da Igualdade e por que ten que salir decindo que os contidos en educación infantil do señor vicepresidente do Benestar os decide ela, porque son a súa competencia? Ese é seu estilo, señorías.

Miren, eu non quero facer unha guerra, porque nosoutros buscamos consenso. Pero, ¿vostedes queren dar exemplo de respecto polo galego? Pois miren, moi claro, procuren que os nenos non aprendan nunca o verbo florido do señor Touriño, procuren que non imiten as cacofonías dalgúns conselleiros e que falen en galego, iso é respecto. E eu denuncio eiquí que este decreto permite unha deriva hacia o monolingüismo, creo que hacia a inmersión e, dende logo, a imposición de o galego. E miren, ¿por que o digo? Eiquí fábase de equilibrio, de proporcionalidade e de garantir competencias. Miren vostedes o equilibrio deste ano que permite o decreto: estes son os libros en galego dun curso determinado; este é o libro en castelán. (*Murmurios*.) Este é o equilibrio, isto é garantir competencias.

E, miren, todo o demais se queda calado en canto a esto. Nosoutros... ¿Que rompemos nosoutros o consenso? ¿Quen rompeu o consenso —e o teño datado— cando se nos envía un borrador ás 12 da noite decindo que temos que dar a respos-

ta ao día seguinte ás 9 da mañá porque vai ao Consello da Xunta? ¿Iso é espírito de consenso? ¿Quen racha o consenso? Pois racha o consenso aquelas personas que enganán decindo que eles son os responsables da política lingüística e que teñen o respaldo do señor Touriño e que despois se plegan, se plegan ás imposicións dun modelo lingüístico da outra alma do Goberno. Nosoutros seguimos ofrecendo consenso, cas catro garantías da proposición de lei: lingua materna en educación infantil determinada polos pais e non por órganos externos; proporcionalidade e equilibrio —e non o que acabo de ensinar— para garantir competencias; liberdade dos alumnos, que é liberdade constitucional, para dirixirse os profesores na súa lingua, con excepción do castelán en castelán e do galego en galego, e lle recordo o artigo 13 da Lei de normalización lingüística. O outro son as presións e as hipotecas, e nosoutros non nos queremos deixar utilizar de xeito enganoso para frenar, para frenar as presións do BNG, porque eso sería enganar a todos os galegos.

Miren, pasamos dun tempo...

A señora **PRESIDENTA**: Vaia rematando, señora Besteiro.

A señora LÓPEZ BESTEIRO: ... —remato agora mesmo— en que se falaba en galego e en castelán con liberdade a que algúns teñan a sensación de vixilancia e de policía, e se non que llo pregunten ao valedor do pobo que acabamos de designar eiquí entre todos. Pero, miren, houbo un tempo xa lonxano —a señora presidenta e ao mellor eu o recordamos, e algún máis, dende logo— no que cando se falaba en galego nos colexios se nos castigaba. Non invirtamos os termos, fóra fanatismos, *vade retro* fanatismos, señorías e señora presidenta. (*Aplausos*.)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias. Moitas gracias, señora López Besteiro.

Bueno, procedemos á votación das proposicións non de lei. Pechamos as portas. Comenzamos...

Señor Lobeira... Denlle voz ao escano do señor Lobeira para que nos lea o texto transaccionado do documento 11370.

O señor LOBEIRA DOMÍNGUEZ: Obrigado, señora presidenta.

O texto transaccionado di o seguinte: “O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a traballar conxuntamente co Goberno español a fin de defender perante a Unión Europea e outros organismos internacionais a posta en marcha das seguintes medidas:

1. Solicitar, no tocante á capacidade extractiva,

a) o incremento da cota de bacallau nas illas Svalbard, zonas I e IIb do CIEM, a fin de mellorar a viabilidade da flota bacalloeira galega

b) diversificación de novos caladoiros con acceso a cupos de pesca de bacallau.

2. Demandar a participación da Unión Europea na vixilancia conxunta na área de Svalbard co obxecto de garantir unha presenza comunitaria nas labores de inspección e vixilancia pesqueira en cumprimento do Tratado de París, 1920.

3. Pór en marcha medidas de mellora da situación socio-laboral e de protección social dos tripulantes desta frota así como de impulso e negociación dun convenio colectivo galego neste sector”.

Máis nada, grazas.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Lobeira.

Imos a votar, por tanto, este texto transaccionado.

Votamos.

(*Votación.*) (*Pausa.*)

Presentes na Cámara, 73; votos afirmativos, 73.

Queda aprobado por unanimidade este texto transaccionado.

Señor Balseiro, ¿para que quere a palabra?

O señor BALSEIRO OROL: Déanlle voz ao escaño do señor Balseiro. Servicios da Cámara, denlle voz ao escaño do señor Balseiro Orol, por favor.

O señor BALSEIRO OROL: Señora presidenta, en base ao Reglamento desta Cámara, eu había anunciado a posición do Partido Popular e cambiamos o voto, e quería explicar o voto do Partido Popular nesta proposición non de lei que acabamos de votar agora mesmo.

A señora **PRESIDENTA:** Moi brevemente, por favor, jeh!

O señor BALSEIRO OROL: Ben, lamentamos profundamente desde o Partido Popular de Galicia que o Bloque Nacionalista Galego, tendo a garantía de sacar a proposta que traía inicial...

A señora **PRESIDENTA:** Perdón, señor Balseiro, explique por que vostedes votan a favor.

O señor BALSEIRO OROL: Si, por eso. *(Risos.)* Lamentamos profundamente que houberan cambiado o texto, que o houberan reducido, e facémoslles un ofrecemento, dado que o Bloque Nacionalista Galego, que quedou como un partido residual nesta Cámara...: que cando teñan que pedir a comparecencia do lapsus que tuven eu...

A señora **PRESIDENTA:** Pero, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL:... cando teñan que pedir a comparecencia nesta Cámara da conselleira falen con nós, que podémolos apoiar.

Gracias. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA:** Bueno, se o seu grupo se dá por explicado, eu tamén. *(Risos.)*

Pasamos a votar o documento 20587, que é unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 73; votos afirmativos, 35; negativos, 38.

Queda, por tanto, rexeitada esa proposición non de lei.

A señora **PRESIDENTA:** Votamos agora o documento 22090, que é unha proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista. Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 73; votos afirmativos, 38; negativos, 35.

Queda, por tanto, aprobada esta proposición non de lei.

E votamos finalmente a Proposición non de lei do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre a modificación do Decreto 124, que se acaba de debatir agora.

Votamos.

(Votación.) (Pausa.)

Presentes na Cámara, 73; votos afirmativos, 35; negativos, 38.

Queda, por tanto, rexeitada esta proposición non de lei.

Interpelación de D.^a Pilar Rojo Noguera e D. Diego Calvo Pouso, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería de Vivenda e Solo en relación cos prezos da vivenda en Galicia

A señora **PRESIDENTA:** Pasamos agora a substanciar as interpelacións, comezando pola do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre as medidas adoptadas e previstas pola Consellería de Vivenda e Solo en relación cos prezos da vivenda en Galicia.

A señora **PRESIDENTA:** Para formular a interpelación ten a palabra a autora da mesma, a señora Rojo Noguera.

A señora ROJO NOGUERA: Gracias, presidenta.

Bos días, señorías, conselleira.

Ben, xa no derradeiro mes de xaneiro o Grupo Parlamentario Popular presentaba esta interpelación na que o que quería era poñer de manifesto a súa preocupación pola alarmante situación que se estaba a dar en relación cos prezos da

vivenda en Galicia, e onde se sinalaba con datos difundidos polo propio Ministerio de Vivenda que Galicia foi a comunidade autónoma que máis subiu o prezo da vivenda no ano 2006, cun case 13% de media fronte a un 9% de subida media a nivel nacional. Pero desgrazadamente para os galegos e as galegas hoxe, algúns meses despois, podemos non só seguir a falar da escalada disparada dos prezos da vivenda nos mesmos termos, senón cuns datos aínda moito máis negativos, porque a situación en Galicia non só non mellorou senón que empeorou dun xeito grave...

A señora **PRESIDENTA**: Perdón un segundo, señora Rojo Noguera. Lles prego que guarden silencio porque non se escoita.

Pode seguir.

A señora **ROJO NOGUERA**: Gracias, presidenta.

E a pregunta que nós nos facemos, conselleira, e que coidamos debería de facerse este bigoberno pois coidamos que é moi sinxela: ¿vostedes cren que os cidadáns galegos teñen hoxe máis ou menos oportunidades de acceder a unha vivenda que fai dous anos? ¿Vostedes cren que os galegos e as galegas viven hoxe mellor ou peor que fai dous anos? Sinceramente, eu creo que a resposta todos a temos moi clara e, sen dúbida, os galegos e as galegas, e sobre todo os máis novos, teñen moitas máis dificultades para acceder a unha vivenda que as que tiñan fai dous anos, e os datos, xunto coa propia realidade, así o reflexan, aínda que algúns non o queiran recoñecer.

O índice xeral de prezos de vivenda –publicado, como vostede sabe, cada tres meses polo ministerio do ramo– revela que nos últimos tempos Galicia continúa encabezanando o listado das comunidades máis alcistas. O primeiro semestre de 2007 pechouse na nosa comunidade cun crecemento do prezo da vivenda dun sete e medio por cento respecto ao mesmo período do ano anterior, dous puntos por enriba da media española. Lugo acadou exactamente o 8,7%. Mercar unha vivenda en Galicia neste momento implica destinar a esta finalidade o equivalente ao soldo íntegro de oito anos de traballo, feito este que, ademais, vese agravado polas sucesivas subidas dos tipos de interese nas hipotecas, que, para unha familia media, se traduce nun sobrecoste adicional de arredor de 1.010 euros máis este ano

respecto ao anterior nos pagos que ten que afrontar. E non se pode esquecer que, según tamén datos do propio INE, a suba dos intereses está a encarecer a hipoteca media galega nun 20%; e, por tanto, hoxe os cidadáns galegos pagan ao redor de 150 euros máis ao mes que no ano 2005. Iso explica que case 11.000 galegos teñan renegociado as condicións da súa hipoteca no último ano, o dobre que hai vinte e catro meses e que os créditos que se formalizan teñan prazos cada vez máis longos.

Polo tanto, conselleira, este escenario explica que os galegos consideren as dificultades para o acceso á vivenda, xunto co paro e a sanidade, como os problemas que máis lles preocupan neste momento. E iste escenario implica tamén, loxicamente, que a Xunta non pode permanecer impasible ante a situación descrita. Vostede..., á Comunidade Autónoma galega correspóndelle en exclusiva as competencias en materia de vivenda, e non se pode olvidar da grande importancia do sector da construción para a economía galega e as súas previsibles consecuencias sobre o paro. Porque francamente, conselleira, a este grupo, ao Grupo Parlamentario Popular, nos sorprende a súa pasividade, a pasividade do bigoberno da Xunta, ausente e enfrontado, en permanente crisis, e sen preocuparse por atender os verdadeiros problemas que preocupan á xente, porque tanto o Partido Socialista como o seu partido, o BNG, levan todo o verán tirándose os trastos á cabeza en relación cos temas máis variopintos. Pero nembargantes e sorprendentemente non escoitamos nin unha soa declaración neste tempo nin medidas favorables ou non en relación con iste tema. Nin o presidente, nin siquiera vostede, que seguiu de vacacións, inmutáronse ante unha situación que foise agravando nestes últimos meses.

Sinceramente semella que os problemas de vivenda que están a afectar de xeito grave a miles de galegos non vai con vostedes. ¿É que iste Goberno non está preocupada, conselleira? Porque creo que non teño que recordarlle que a vivenda é unha cuestión básica para o benestar dos cidadáns galegos e que mesmo vostedes declararon en numerosas ocasións como un dos seus eixes de goberno a política de vivenda. Por tanto, creemos necesario que nos explique neste Parlamento os seus plans inmediatos –se é que os ten– para tentar de corrixir esta situación. Que non é que lle botemos a vostedes só a culpa, pero que si que é certo que está derivada en parte e, dende logo agravada en Galicia, pola escasa ou

nula actividade desenvolta por esta consellería nos dous anos do Goberno bipartito.

E, conselleira, queremos decirlle tamén que estamos cansos de políticas de anuncios; anuncios e máis anuncios que polo momento non chegaron a materializarse e que nalgún caso cremos sinceramente que non significaron máis que unha verdadeira tomadura de pelo a todos os galegos e que buscan unicamente propaganda. Queremos, os galegos que- ren e necesitan, plans reais e non plans virtuais como aos que nos ten vostede acostumados, porque non se pode vivir máis tempo de intencións. ¿Onde están os feitos, conselleira? ¿Que fixo vostede en dous anos? Nós o que queremos é que, por favor, llo explique aos galegos, porque o único que xa teñen claro todos é que o gran logro deste bipartito nestes dous anos de goberno consistiu en converter a Galicia nunha comunidade, nunha das comunidades con maior incremento do prezo da vivenda, a pesares de que estaba situada entre as dúas menos alcistas cando vostedes asumiron o Goberno. E iste foi o seu gran logro, conselleira: dilapidar a gran herencia que lle deixou o Goberno do Partido Popular.

E, fronte a esta realidade constatable, diga vostede con que nos atopamos. ¿Cal é a política de vivenda que puxo en marcha este bipartito? Porque prometeron 25.000 vivendas de protección, delas 7.000 en aluguer no pacto de goberno para esta lexislatura, pero hoxe é máis difícil acceder a unha vivenda que en 2005 en Galicia. Galicia é a comunidade, como xa lle dixen, na que máis se encareceron os pisos neste tempo, donde máis subiu a vivenda —cinco puntos por enriba da media nacional nestes últimos anos—, eliminaron programas como a bolsa de aluguer ou a hipoteca xoven, programas orientados á xente moza, desprezando que máis de 7.000 xóvenes son propietarios gracias a este programa. Freouse a rehabilitación de vivendas, porque por moito que vostede fale de que quere incentivala, explique, diga cómo, cunha redución dun 40% no presuposto —si, conselleira— destinado a axudas para a rehabilitación de cascos históricos e de un 10% en núcleos rurais. Eso se pode comprobar. E non só se constrúe menos vivenda, porque unha cousa é que vostede esté empezando agora a licitar algunha vivenda, senón que son incapaces de adxudicar as vivendas que están rematadas. Seguimos a esperar polas vivendas de Santiago de Compostela.

A lentitude da súa consellería na tramitación administrativa raia xa a inmoralidade, conselleira, e é esixible maior

dilixencia na súa burocracia interna. ¿Como é posible que sexa tamén a súa consellería unha das que encabezan o rán- quing cun dos niveis de compromiso presupostario máis baixo? Estamos a falar dun 2,9% de obrigas, datos dados pola propia Xunta de Galicia, conselleira. ¿Como pode ocorrer que a escasa capacidade de xestión leve á súa conselle- ría a rematar o primeiro trimestre do ano sen gastar un só euro nun programa como o de fomento da calidade da viven- da que vostede tratou de vender como unha das novidades da súa consellería? ¿É que xa non sabe para que serve este pro- grama? Nin un só euro, conselleira. Pero, claro, non traba- llan porque unha parte importante do seu tempo a perden en liortas internas, desacordos e líos de competencias que demostran un día tras outro que non son un goberno senón dous. E o peor é que non son vostedes unha unidade na acción política senón dous con intereses moi diverxentes e ás veces contrapostos. Porque lonxe de complementarse e de coordinarse, como é a súa obriga, dedican o tempo a meter- se a zancadilla, a ver que competencias se poden pisar —eu creo que nin os nenos de un colexio se pelexan tanto—, en vez de traballar para ofrecerlle un proxecto serio aos gale- gos. Non poden, pois, estrañarle, conselleira, as críticas que está vostede a recibir dos diferentes axentes que operan en Galicia no sector da vivenda. Si, conselleira, están nos medios de comunicación. Algúns desos sectores mesmo lle deron o seu apoio nun inicio, cando chegou vostede á con- sellería. E hoxe están a manifestar o seu descontento pola ausencia de políticas reais e concretas do seu departamento e polas dudas tamén que está vostede a xenerar con algúns dos anuncios que fai.

En definitiva, conselleira, a situación que se está a dar en Galicia cremos que ten que facer reaccionar a este Goberno. Consideramos que vai sendo hora xa de que o presidente e a súa conselleira —sobre a que hoxe xa sabemos todos os gale- gos que non ten autoridade e que nin sequera pode despachar con ela— presenten propostas construtivas e non virtuais; que se vexan xa os seus feitos, conselleira, e que redunden en beneficio de todos os galegos; que reaccionen, porque estamos ante unha lexislatura que, como siga así, estamos convencidos de que vai a ser unha lexislatura perdida en materia de vivenda.

Por iso presentamos esta interpelación, porque queremos que nos diga aquí os seus plans. Pero tamén queremos enga- dir que para tratar de compensar a seca de ideas que padece

este bigoberno o PPdeG, o Partido Popular de Galicia, está disposto e continuará a facer propostas como as que fixo fai uns días mesmo o noso presidente; propostas positivas que favorezcan o acceso dos galegos a unha vivenda digna en condicións axeitadas. Porque cremos tamén, conselleira, que é necesario axudar neste momento a moitos galegos e a axudarlles a tratar de minimizar os efectos da crise hipotecaria sobre moitísimas economías familiares, porque cremos que debemos traballar nos temas que realmente preocupan aos cidadáns.

Pedimos, pois, lle pedimos a vostede, pedimos a este bigoberno responsabilidade e implicación e pedimos sobre todo actuacións e proxectos concretos e non políticas de anuncios que se demostra que non sirven para nada, e ademais porque os galegos non o merecen.

Máis nada e moitas gracias. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA:** Moitas gracias, señora Rojo Noguera.

Ten a palabra a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E SOLO (Táboas Veleiro): Señora presidenta, señoras e señores deputados, pregunta o Grupo Parlamentar Popular, o grupo da oposición, polas medidas adoptadas polo Goberno galego nos últimos meses para favorecer o acceso a unha vivenda aos cidadáns deste país. Bueno, ¿que estamos facendo? O que non fixeron vostedes. Paso a relatar.

En primeiro lugar, o Goberno galego, a instancias da Consellería de Vivenda e Solo, impulsou unha modificación da Lei do solo de Galiza –que será aprobada pola Cámara antes de finalizar este ano– que inclúe os seguintes cambios substanciais: en primeiro lugar, duplicar a reserva de solo para vivenda protexida, pasando dun 20% a un 40% en todos os concellos de máis de 20.000 habitantes, e ata un 30% no resto dos concellos do país. A día de hoxe a porcentaxe é dun 20% para todos os concellos, con independencia do seu dinamismo demográfico. E a lei non recollía ningún mecanismo para garantir o seu cumprimento. O Goberno anterior, o Goberno do seu partido, non garantía que esas reservas se fixeran efectivas. Ao mesmo tempo, incluimos a obrigatoriedade de que a vivenda protexida se constrúa ao mesmo

tempo ca a vivenda libre, que tampouco contemplaba a súa Lei do solo de Galiza, evitando desa maneira que as reservas para vivenda a prezo taxado queden ao arbitrio do promotor.

Establecimos tamén a obriga de que os concellos destinen a metade do seu patrimonio municipal de solo a vivenda protexida, en lugar de vender ese patrimonio, como sucedía ata agora, deixando aos residentes sen a posibilidade de acceder a unha vivenda de prezo limitado. Neste sentido, informarlles de que a consellería ten solicitado solo aos concellos galegos para albergar vivenda protexida, pero con escaso éxito. Enviamos 109 cartas a 109 concellos para pedir solo para construír vivendas en réxime de aluguer para mozos e maiores de 65 anos. Tivemos sete respostas. Os concellos non teñen solo porque ese solo se monetarizou no seu momento, porque vostedes estaban a outras cousas.

Ao mesmo tempo creamos un novo mecanismo para a obtención de solo residencial que consiste en que o 5% do aproveitamento non lucrativo de todos os solos de novo desenvolvemento se ceda á Administración autonómica. Esta medida nos permitirá obter unha bolsa de solo para construír vivenda protexida que sempre será de titularidade pública e se ofertará sempre en réxime de aluguer para a xente moza. E levamos soamente dous anos, vostedes dezaseis. Ningún destes aspectos tan relevantes para axilizar a obtención de solo residencial estaban recollidos na Lei de solo, do solo, de 2002, despois modificada por vostedes mesmos, porque xa non lle valía. Fixeron a lei, despois a modificaron; é dicir, non se aclaraban porque nunca tiveron as cousas claras nin en materia de urbanismo nin en materia de vivenda.

A Lei do solo. Á parte da Lei do solo, ¿que máis se fixo nestes dous anos de goberno? Pois ben, hai outra medida xa aprobada neste Parlamento, xa aprobada, soamente existente en outras tres comunidades autónomas do Estado español, que é a posibilidade de facer plans sectoriais de solo para vivenda protexida. Esa modificación, que se aprobou, como xa dixen, recentemente polo Parlamento, sen o apoio do seu grupo –tan preocupado pola política de vivenda agora, neste momento–, xa ten translación para a práctica. No último Consello da Xunta de Galiza se iniciaron os trámites para elaborar o primeiro plan sectorial de solo para vivenda protexida, non soamente de Galiza senón do resto do Estado español, que nos permitirá planificar nos próximos dez anos as bolsas de solo para poder construír este tipo de vivenda,

para que os galegos e galegas deste principio de século XXI que está a comezar poidan ter o día de mañá a posibilidade de ter vivenda protexida e non ter que ir á vivenda libre, como tiveron que facer estes anos pasados, por mor dunha falla total de políticas de vivenda.

Este plan sectorial permitirá ao Goberno galego obter solo para construír vivenda protexida con independencia da situación dos plans xerais de ordenación municipal ou actuar tamén naqueles concellos nos que o Plan xeral sexa incapaz de dar unha resposta acaída á demanda real nese concello. Por suposto, este plan sectorial será elaborado en plena colaboración cos concellos e estará aprobado no próximo..., perdón, no último trimestre do ano 2008. O seu grupo, señoría, xa se ten manifestado en contra de ambas as dúas modificacións lexislativas; posición que –hai que recoñecelo– é coherente coa súa total falta de actuación en materia de vivenda durante dezaseis anos, pese a ser un elemento clave á hora de aplicar e planificar unha verdadeira política social de vivenda, ademais destas importantes medidas lexislativas que teñen como obxectivo –insisto– actuar sobre o mercado do solo, porque o solo finalmente é a materia prima coa que se constrúe a vivenda, a libre e a protexida, e vostedes nunca actuaron en materia de solo adicado a vivenda protexida.

Despois leva dous anos, señoría, señora deputada, leva dous anos sempre co mesmo discurso, instalada na demagogia, instalada no cinismo político. Ao longo do 2006... O 2006 foi o ano que máis vivenda licitamos de promoción pública de toda a historia deste Goberno galego, de todos os dezaseis anos anteriores. E vostede varias veces neste Parlamento dixo que tiñamos licitado soamente quince, cando xa tiñamos 600 licitadas, ¡eh!. Non, non, non, o maior número, señora deputada, a media do seu Goberno era de 300 vivendas ao ano. Entón, por favor, utilice os datos reais e non manipule a información. Utilice os datos, o DOG é o ano de maior licitación, o ano 2006.

Ao mesmo tempo a consellería cualificou como protexidas un total de 6.632 vivendas o ano pasado, cifra que supón un 47% máis cá última media dos quince anos últimos e que permitirá a moitas familias ou unidades de convivencia contar cunha vivenda a prezo limitado e con importantes axudas a fondo perdido.

Tamén apostamos polo aluguer como vía de acceso a unha vivenda. Neste caso, e parece mentira que sigan traen-

do despois de dous anos a bolsa de alugueiro... ¡É que parece mentira, de verdade! É dicir, porque se tiveran vostedes..., e traen a bolsa de alugueiro de novo. Pois ¡veña!, unha vez corrixidas todas as deficiencias, unha vez corrixido aquel auténtico despropósito que foi incrementar o prezo da vivenda en alugueiro no noso país con recursos públicos nun 20% en algún caso, como o caso concreto de Vigo nun 25%, e volven a traelo como se fora a grande medida... Bueno, pois neste momento a consellería ten un programa en marcha no que financiamos o aluguer de máis de 3.000 familias, controlando os prezos, controlando a vivenda, controlando e cruzando nós oferta e demanda. Polo tanto, rigor e responsabilidade no prezo do aluguer.

Señora deputada, ¿por que non comentou aquí que ese 20% que se incrementou, unha vez posto en marcha o programa de vivenda en alugueiro deste novo Goberno, o prezo do aluguer na Galiza está subindo ao redor do 2,8%, é dicir, ao redor do IPC? Si, mire os últimos datos, que é o que ten que ver antes de vir aquí a dar cifras, que non sei de onde as saca.

Por outra banda, ao mesmo tempo, temos unha acción decidida por primeira vez en materia de rehabilitación tanto no medio rural como en centros históricos. En concreto, a consellería está xa a executar un orzamento de 23.800.000 euros na rehabilitación de 4.660 vivendas en 41 áreas de rehabilitación integral e de centros históricos de 41 concellos.

Por primeira vez, por primeira vez na Galiza se declararon áreas de rehabilitación integral a barrios do século XX. Porque tamén apostamos polos barrios construídos no século XX. Este investimento complétase coa rehabilitación no medio rural, con dez millóns de euros en 2006 e 3.200 vivendas protexidas rehabilitadas no medio rural dende a Consellería de Vivenda e Solo. E non falar de actuacións específicas, como é no caso do casco vello de Vigo ou A Tinería en Lugo. Ambas suman un total de 51 millóns de euros o ano pasado en materia de rehabilitación. Unha aposta clara desta consellería, unha consellería –e eu como conselleira nacionalista–, de recuperación tamén da propia identidade.

Polo tanto, 51 millóns de euros que rehabilitaremos, por exemplo, en Vigo; 250 edificios. Por primeira vez imos

recuperar o casco vello da primeira cidade do noso país dende a Consellería de Vivenda e Solo. Por eso do Consorcio Casco Vello de Vigo temos neste momento o 90% na Consellería de Vivenda e Solo, porque cremos firmemente na rehabilitación como un modo de poñer vivenda no mercado, rehabilitar, recuperar o noso patrimonio e ao mesmo tempo ofertarlle ás familias, ás persoas que máis necesitan vivenda, esta vivenda xa rehabilitada.

Lamentablemente non existen, señora deputada, fórmulas máxicas e menos cando durante dezaseis anos non se fixo nada. Non temos fórmulas máxicas que nos permitan corrixir en dezaseis meses o que o anterior Goberno non fixo en dezaseis anos, en particular as consecuencias da ausencia de medidas para xestionar solo residencial para vivenda protexida. É así. Pódense poñer como queiran. A Lei 2004, modificada da 2002, esa reserva do 20%, non tiña mecanismos de control. É así, e vostedes, como xa digo, xa se opuxeron no seu momento á lei aprobada aquí fai poucos meses para poder facer o Plan sectorial, o primeiro plan sectorial de solo residencial no noso país e no resto do Estado.

Pero estamos e seguimos a traballar con rigor, planificando, con medidas lexislativas de grande calado que nos permitirán incidir nun aspecto fundamental, que é o solo residencial para poder construír esa vivenda a prezo limitado, que é o que demanda a nosa sociedade.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señora conselleira.

Turno dos grupos parlamentarios que queiran intervir.

Polo Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Da Silva Méndez.

A señora DA SILVA MÉNDEZ: Moitas grazas, señora presidenta.

Moi bos días, señoras e señores deputados, señora conselleira.

Señora conselleira, lamento ter que empezar a miña intervención contradicindo o que vostede dixo na súa: o PP si tiña as cousas claras en política de vivenda e en política

urbanística, si sabía o que quería facer e fíxoo. Aplicouse con entusiasmo a unha determinada maneira de entender a política de vivenda e a política urbanística, tanto en Galiza como nas competencias do Estado.

Fixeron exactamente o que querían facer, que levou a Galiza á situación na que a deixaron, porque tiñan as cousas ben claras. Afortunadamente, hai dúas maneiras de entender a política de vivenda, a política urbanística: a do PP e a que ten a actual Consellaría de Vivenda e Solo, consellaría nacionalista de Vivenda e Solo. Son radicalmente distintas, pero si tiñan as cousas claras. E si fixeron, e fixeron neses dezaseis anos. Non é que non actuasen, houbo modificacións lexislativas, houbo grandes cambios lexislativos que provocaron a situación na que deixaron o urbanismo en Galiza e a situación da vivenda e do solo residencial en particular.

Hai unha forma de entender a política de vivenda, que é entender que a vivenda é un dereito fundamental e que toda a política asociada á vivenda ten que entenderse como unha política social. E hai outra forma, a do Partido Popular, a que se empregou con entusiasmo en desenvolver, que é entender que a vivenda é un ben de investimento especulativo.

As medidas lexislativas tanto por parte do Partido Popular no Goberno do Estado como nas responsabilidades no Goberno de Galiza foron todas dese corte, entendendo ao sector inmobiliario, entendendo a vivenda como un ben de investimento especulativo, non como un dereito, non como un dereito fundamental e non facendo política social. Así chegamos á situación na que estamos, con decretos e leis de medidas urxentes de liberalización do sector inmobiliario. Eso tiña unhas consecuencias que se viron con posterioridade. E levamos desde os anos noventa cun incremento enorme dos prezos da vivenda en todo o Estado, e en Galiza tamén.

E seguiron as reformas lexislativas aquí: Lei do solo que xa vostede mencionou, de 2002, e a súa modificación do 2004. Como vostede dicía, un 20% de reserva de vivenda protexida, pero sin introducir ningún mecanismo que garante que por parte dos promotores do solo tiñan obriga de construír ese 20%, quedando, polo tanto, á decisión do promotor e á decisión do mercado libre si se construía ou non vivenda protexida en Galiza.

Pero como non lles pareceu suficiente iso, como non lle parecía suficiente que a lexislación non garantise —e iso é intencionado, porque esa lei se aproba así, intencionadamente, porque quen a fai sabe perfectamente o que está facendo—, por se non fose suficiente, aínda en algúns concellos gobernados polo Partido Popular, saltándose a normativa, excepcionaron aquelas promocións que era máis interesantes para determinados construtores, promotores e alcaldes; excepcionáronos do cumprimento dese 20% porque estimaban que non era necesario vivenda protexida neses concellos, que, por certo, son dos que teñen máis presión edificatoria de toda Galiza. Frente a iso, como lle decía, hai outra forma de entender a política de vivenda, que é a política..., como entende a política de vivenda o Bloque Nacionalista Galego e como entende a política de vivenda o actual Goberno galego, a totalidade do Goberno galego.

É unha pena, cando se fala destas cousas de vivenda, é unha pena que non falemos tamén de outras, porque houbo unha oportunidade que perdeu Galiza e que perdeu este Parlamento de poder tomar medidas que influísen, e moito, na política de vivenda en Galiza. Foi unha pena que non aproveitásemos dotarnos dun novo estatuto de nación para ter competencias que iban a influír, e moito, na política de vivenda. Estou falando desde dereitos da propiedade, estou falando do réxime do solo e da política fiscal e doutras competencias que son exclusivas do Estado e nas que, desgraciadamente, o Goberno galego non ten competencias.

Tamén é unha pena —supoño que non o será para os que defenden con entusiasmo o actual marco europeo e para os que con entusiasmo apoiaban a Constitución europea— que en Galiza non teñamos ningunha capacidade en materia de xuros, porque —e corríxame, señora conselleira, se me equivoco— é o Banco Central Europeo o que determina a política monetaria. E a actual crise hipotecaria e a actual suba dos tipos de xuro parece..., a veces parece que depende da Consellaría de Vivenda e Solo. Desgraciadamente Galiza non ten ningunha competencia neso nin o Estado español, e alá cadaquén coas súas responsabilidades pasadas e cos seus posicionamentos ao respecto do papel que lle toca xogar a Galiza no marco europeo.

Dicíalle, e insisto, en que si hai outra maneira de facer política de vivenda tendo en conta as competencias que ten

o Goberno galego e as que ten o Estado, e está traballando a Consellaría de Vivenda nesa liña de forma clara.

O Plan sectorial de vivenda protexida é un instrumento moi útil do que se vai dotar a nosa nación para poder dispoñer de solo para construír vivenda protexida e para telo organizado en todo o país en función das necesidades de cada comarca do país, de cada área do país e non en función de como o mercado determine que se debe edificar.

O Partido Popular manifestouse en contra dese Plan sectorial coa escusa de que era unha invasión de competencias municipais. Eu..., e desde o Bloque Nacionalista Galego temos a seguridade de que os alcaldes e as alcaldesas responsábeis de Galiza colaborarán coa Consellaría de Vivenda e Solo na elaboración deste Plan sectorial de vivenda protexida.

E as modificacións lexislativas que vostede acaba de anunciar aquí —a Lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo— suporán un paso cualitativo fundamental e imprescindible do que levamos dous anos discutindo para modificar cuestións que, efectivamente, señora conselleira, tiña vostede unha herencia tremenda. A recomendación que lle fixo a deputada do Partido Popular sobre que estaba dilapidando a herencia do PP, afortunadamente o está facendo. Hai herencias que realmente non vale a pena nin mirar para elas, porque incrementar a reserva de solo destinada a vivenda protexida en todos os concellos cun incremento maior naqueles que teñen máis de 20.000 habitantes é unha medida moi importante, pero moito máis importante é introducir na lexislación os mecanismos correctores necesarios para garantir que ese solo se desenvolve simultaneamente coa totalidade, co resto. Porque do contrario estaba pasando algo tremendo, que quedaban solos sen edificar mentras o precio da vivenda seguía aumentando no contorno porque os solos de vivenda protexida non tiñan ningún mecanismo para garantir que por parte..., obrigar aos promotores privados a edificarlo.

E hai outro mecanismo moi importante que hai que introducir na lexislación, que é a obriga de construír en prazo. O solo non ten a capacidade edificatoria por se; non é a propiedade a que dá a capacidade de edificar. É a sociedade a que coa lexislación e cos planeamentos dan a capacidade de edificar ou non nun determinado solo, aínda que esto parece

a veces filosofar. Polo tanto, hai que introducir na lexislación os mecanismos necesarios para que o deber de edificar se cumpra en prazo e eliminar algo que estaba favorecido pola anterior lexislación: a posibilidade de especular cos solares e a posibilidade de utilizar esa especulación para incrementar o precio do solo e, polo tanto, disparar o prezo da vivenda.

Desde o Bloque Nacionalista Galego o que queremos, señora conselleira, é felicitala. En tan só dous anos vai conseguir o actual Goberno modificar e facer unha lexislación urbanística de vivenda e do solo adaptado ás necesidades reais que ten Galiza e conseguir en tan só dous anos que Galicia teña a lexislación en materia de vivenda e solo que precisa para desenvolver con normalidade e garantir o acceso á vivenda das persoas, de todas as persoas de Galiza. E felicítola porque dous anos foi o que lle levou ao anterior conselleiro de Política Territorial modificar a Lei 9/2002, dous anos para introducir unhas modificacións que o que fixeron de forma consciente foi empeorar aínda a situación. A verdade é que me resulta bastante difícil entender como por parte do Partido Popular critiquen as accións da Consellería de Vivenda decindo que en dous anos non fixeron nada cando demostran os feitos, señora Rojo, que fixeron e están a facer moito, cando dous anos foi o que lle levou ao presidente do seu grupo, ao anterior conselleiro de Política Territorial, facer unha modificación, unha das moitas que vostedes fixeron da Lei do solo para deixar a Galiza como a deixaron.

Por eso reitero as felicitacións por parte do Grupo do Bloque Nacionalista Galego. Anímoa a traballar na liña na que o está facendo e, por suposto, contraria, radicalmente distinta á que levaba o Partido Popular, e tamén a animo a seguir con un ritmo bastante máis acelerado que o anterior conselleiro. En dous anos van modificacións moi importantes, cousa que non foron capaces de facer o anterior conselleiro de Política Territorial, o señor Núñez Feijoo. *(Aplausos.)*

A señora PRESIDENTA (Paz Franco): Moitas gracias, señora Da Silva Méndez.

Polo Grupo Parlamentar dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Tojo Ramallo.

O señor TOJO RAMALLO: Señora presidenta.

Señora conselleira.

Señoría, parabéns por esta segunda portavocía que, sen dúbida, débese máis, na miña opinión, a que gustan os príncipes ser axudados pero non excedidos, e vostede era capaz de excederse. En calquera caso, ás veces o que decimos non se parece en nada ao que fixemos ou ao que facemos calquera de nós. Nunhas circunstancias como as actuais nas que se escribe e debate convulsivamente sobre hipotecas de alto risco, incrementos de intereses bancarios, desaceleración do sector da construción, correccións do mercado da vivenda, incertezas etc., pois, todo eso, previo a unha próxima confrontación electoral, fai comprensible que a súa señoría resucite ou reavive agora unha interpelación redactada fai bastantes meses ao abeiro dunha suba de precios en Galicia superior ao resto de España. Agora supón, pois, acomodala, digamos, a circunstancias máis oportunas que aquelas. É, polo tanto, a súa interpelación máis oportuna, máis oportuna neste sentido, e incluso pode ser interpretada como máis oportunista politicamente. Os oportunismos sempre teñen algo de feito xusticieiro para algúns cidadáns, pero non por elo deben de deixar de interesar, pois, estas reflexións desde o Parlamento e as que se fagan desde o Goberno aos cidadáns.

As explicacións urxentes que vostede manda novamente en relación cos prezos da vivenda na nosa comunidade e das medidas a tomar teñen, para ser contextualizadas e para ser entendidas dunha forma rigurosa e correcta, que ser sometidas a algunha reflexión previa, que arrincan de políticas conservadoras das que xa se falou algo. A edificación na última década en España levou á construción de 800.000 vivendas, por exemplo, no ano 2006, 700.000 no ano 2007 –máis das producidas no Reino Unido, Alemaña e Francia unidas en igual período–, e o seu correlato en Galicia con 300.000 construídas nese tempo; nada máis e nada menos que unha terceira parte do parque total galego. Pero non se crean que por ser España o país de Europa onde máis se construye nese período –18 vivendas novas/ano por cada 1.000 habitantes en relación coas 6 vivendas novas por cada 1.000 habitantes en Europa– supuxo ou supón pouco esforzo, como quedou aquí demostrado, en termos de renda adquirir unha delas. Todo o contrario, Galicia é unha das comunidades onde se fai un dos maiores esforzos para adquirir unha vivenda, o dixo a propia conselleira: oito anos de traballo.

Pero, señorías, convén que se saiba que para chegar a esta situación houbéronse de tomar no pasado unha serie de decisións políticas por aqueles responsables, algúns deles considerados como os mellores xestores de España. Algunhas destas decisións ao respecto do solo e da vivenda tiveron enorme importancia na conformación da situación actual; polo tanto, non foi nin froito dun proceso espontáneo e natural senón forzado e deliberado.

Destacaría, entre outras, como sabe a súa señoría, as decisións como desregularizar o solo ou liberalizar o mesmo, aquilo de todo é urbanizable ou de rebaixar as cesións obrigatorias do chan do 15 o 10%, ou as explicacións dadas e repetidas como xustificación política e económica de que abaixo os tipos de interés calquera, no mercado, pode adquirir unha vivenda, persoa maior ou persoa nova; é dicir, o mercado por si só –se nos decía, se viña a dicir– resolvería o problema da vivenda. Logo, como diría un ilustre parlamentario, “pasou o que pasou”. As decisións daquel goberno dos señores Aznar, Cascos e Rato, concretamente, deron co tempo lugar á realidade actual, que foi concretándose nos últimos dez anos, e este recordatorio e esta manifestación pode entenderse, comprenderse, e hasta haberá quen os explique moi ben, pero o que non debemos é de esquecelos nin pasar por alto as súas consecuencias negativas. Tívoase a oportunidade dende aquel Goberno de España e mais do Goberno autónomo de Galicia de facer compatibles dous modelos: a vivenda como mercancia ou como investimento e a vivenda como dereito con sentido social. E todo elo, señorías, foi moi lexítimo, porque o único dereito lexítimo para gobernar é darlle a oportunidade aos gobernados, e a tiveron, tiveron a oportunidade de mercar unha vivenda como mercancia e no mercado, iso si, entre outras consecuencias deixouse case de construír vivenda pública, protexida, en Galicia; é máis, en moitos concellos grandes e medianos non se construíu ningunha vivenda pública durante unha década, en moitos; en algúns se construíron, pero en moitos non se construíron.

Os feitos, que solen ser moi teimudos, veñen a demostrar que cada vivenda incrementouse nese período en un 150% e o solo nun 500%. Iso, señorías, non é unha opinión, eso son datos, e son incrementos sostidos dun 15% anual no precio de vivenda, que ademais –e aquí non se dixo– produciron un gran desborde de solo, baldeiramento residencial, zonas desconectadas en cidades dispersas, certa división social, falla

de cohesión social, incluso estímulos ao uso do automóbil, substituíndo así o gasto da vivenda por gasto de transporte. E diante deste panorama e datos producidos ano tras ano, seguiu-se sen tomar medidas, medidas que hoxe a súa señoría nos reclama, lle reclama á señora conselleira, e que daquela houberan aliviado a situación. Confirma aquilo que decía ao principio: moitas veces o que se di non se parece a nós mesmos. Deso falaba Borges.

Esa problemática pasada, ademais, produce unha serie de opacidades no sector que dou lugar a un urbanismo salvaxe, como sabe vostede, que agardamos seguir acoutando cunha serie de medidas a traveso da Lei do suelo, a Lei de medidas urgentes, as vindeiras directrices de ordenación, a Lei de medidas urxentes en materia de vivenda ou a recentemente aprobado expediente para elaborar o Plan sectorial do solo, de vivenda e protección previsto para dentro dun ano.

O prezo das vivendas, señorías –cinguindonos máis estritamente á interpelación– depende aquí, alá e acolá de varios factores básicos: o prezo do solo; que se ten valorado e sobrevalorado, máis que pola súa situación real, polas súas expectativas, polo seu destino ou pola situación de que sobre el pode haber un futuro incierto; asunto que tentará corrixirse coa Lei 8/2007, referido ao réxime do solo, que pode aplicarse respectando as competencias autonómicas en materia de ordenación; un solo, como decía a señora conselleira, case inexistente no ano..., fai dous anos para este tipo de vivendas, a pesar destas medidas de reserva legal do 20%, polo valor tamén da construción, que é bastante homoxéneo en todo o territorio, pola calidade das urbanizacións, dos polígonos, dos servizos e das dotacións básicas esixidas por lei –por certo, en moitos casos case inexistentes–, polo tipo do interés bancario, polas expectativas de beneficio de quen construye, por outras circunstancias tales como as políticas de aluguer, de rehabilitación, de protección pública, etc.

En canto ás medidas que puxo en marcha a consellería e que foron polo miúdo explicadas de forma bastante prolixa, pois a que se está levando ten por obxecto xusto facer o contrario do que di a interpelación. Decir á súa señoría que van na liña de acoutar xustamente o que veño de relatar como as causas máis salientables da influencia do prezo da vivenda. Se ten aceptado, polo tanto, un modelo alternativo que fai fincapé pola vivenda de protección e pronto estará lista a disposición que obriga a reservar un 40% do solo para

vivendas de protección, se impulsa dende o 2005-2008 o Plan da vivenda, se falou das vivendas VPP para ofertar en propiedade ou alugueiro as axudas de remate exterior, regulamentada e impulsada a vivenda de aluguer para xente moza e xente maior, programas de axuda ao acceso á vivenda. A consellería xestiona –creo que non se dixo– 38 áreas de rehabilitación integral, das que 24 son nos centros históricos das nosas cidades, e entrouse a cuantificar por primeira vez na nosa comunidade –por primeira vez– a demanda de vivendas de protección a través dun rexistro público. Estou convencido, señoría, de que a súa vocación, nestes momentos opositora, non leva, e non a leva a vostede, a converter cada unha destas solucións do Goberno nun problema irresoluble e, polo tanto, criticable, pois algunhas veñen de atrás, algunhas veñen de atrás na súa esencia. Convirá a súa señoría comigo en que ao igual que aquel proceso de decisións liberalizadoras adoptadas polo Goberno conservador tivo os efectos descritos aos poucos anos, esta serie de medidas adoptadas comenza a producir efectos de signo contrario progresivamente. Sabe a súa señoría que para dar un salto adiante hai que coller carreiriña atrás, e eso leva un tempo, e neso andamos especialmente a señora conselleira.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moita gracias, señor Tojo.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra a señora Rojo Noguera.

A señora ROJO NOGUERA: Gracias, presidenta.

Ben, por empezar dende o final, agradezo as reflexións do señor deputado socialista, e decirlle unicamente que creo, supoño que co permiso do meu grupo, son eu a que decido cando unha interpelación pode ou non pode entrar, e fíxese que neste caso aínda lle din tempo á conselleira para que me fixera moitas cousas e me puidera incluso deixar en evidencia, pero a verdade é que os datos están enriba da mesa, os datos creo que significaban eran moi importantes que se puidera falar hoy aquí deste tema e, por tanto, me parece absolutamente oportuna esta interpelación.

En relación á compañeira do BNG, pois tamén lle agradezo as súas reflexións. Xa sabemos que todos os males son de concellos gobernados polo Partido Popular. Eu non sei se

esos sete que lle escribiron á conselleira, ao mellor algún hasta era do Partido Popular ou non, non o sei; pero, ben, hoxe, ademais de filosofar, como eu sempre cariñosamente lle digo, pois creo que tamén dou algunha clase á conselleira das cousas que pode ou non pode facer.

E, conselleira, eu non sei por que se enfada porque creo que hoxe estivo aquí especialmente agresiva. Eu creo que o Parlamento está para falar e para decidir as cousas, e simplemente me parece que se pode falar en un tono normal e non coa agresividade que vostede demostrou aquí dende un principio. Eu, sinceramente, teño que decidir as cousas como as penso, e se a súa política neste momento é a que consegue subir os prezos da vivenda por enriba da media galega e encima se sente moi satisfeita pois vostede verá, pero lles guste ou non dende que chegou o Goberno socialista ao Goberno de España e vostedes á Xunta de Galicia os prezos dos pisos se incrementaron nun 40% e as hipotecas o dobre, e eso é a realidade e eso é o que perciben e o que viven as familias galegas. (*Aplausos.*)

E, dende logo, outra realidade que tampouco pode negar é que, claro, que batiron un récord: conseguiron converter a Galicia nunha das comunidades con maior crecemento do prezo da vivenda e do solo. E tampouco o decimos nós, o din os datos do Ministerio da Vivenda, que, por tanto, supoño que non serán sospeitosos de tergiversar a realidade. Pero a culpa tamén é do PP, siguen vostedes tamén nese discurso. Eu creo que dous anos despois da súa chegada ao Goberno o que demostra é cada vez máis que se palpa unha grande incapacidade, unha grande incapacidade de dar solucións e de plantexar problemas. Hoxe falou vostede aquí dunha nova modificación da Lei do solo. Perdón, vostede fixo unha modificación da Lei do solo, foi a súa compañeira a que falou dunha lei de medidas urxentes. A min, claro, paréceme que, dous anos despois, falar dunha lei de medidas urxentes pois cando menos suena un pouco estraño. Un fai unha lei de medidas urxentes cando chega un novo goberno, ao mellor, e ten que resolver un problema puntual e di: unha lei de medidas urxentes; pero despois de dous anos eu creo que se pode legislar dun xeito normal e natural sen necesidade de acadar unha lei de medidas urxentes. Que, ademais, eu creo que vostede non contou tampouco todo, porque se non lle dá o visto bo a conselleira de Política Territorial –que, que eu saiba, nunha lei que modifica a lei do solo ten moito que

decir-, pois vamos a tener os problemas de sempre, que unha di unha cousa e outra di a outra.

Eu, sinceramente, unha das cousas que recordo cando vostede chegou aquí era que había moita normativa dispersa, que había moitas leises que o que había era que cumprilas e que había que refundir porque o que significaban era unha grande confusión, e agora nos plantean unha lei de medidas urxentes en materia de vivenda e solo; fala vostede tamén dun plan sectorial de vivenda. Bueno, esto é para libro, porque dicir que mandaron unhas cartas aos concellos e que os concellos non lles contestan... ¡Home!, eu creo que si vostede cre que facer política e facer vivenda é mandarlle unhas cartas aos concellos, pois, ¿que quere que lle diga? De entrada, ¿como van a confiar en vostede? ¿E como van a confiar en vostede cando lles presenta un plan sectorial de vivenda que nin coñecen, cando o que está a facer é decirlles onde deben construír, donde poden construír e onde non; cando supón un ataque claro á autonomía local e cando significa que por enriba rematará a actual lexislatura sen que se poida facer unha soa vivenda de promoción pública máis a través do mesmo? Porque estamos a volver a falar dun plan de futuros e dun plan virtual, neste caso, o ano 2008... Bueno, no, perdón, dentro de dez anos, o 2008 é a Lei de medidas urxentes. É dicir, a lexislatura rematada e nin unha soa medida posta en marcha. Porque eu lle dixen que, loxicamente, vostede ten todo o dereito do mundo de plantear a súa política e, bueno, o que non pode é paralizar o país, porque mentras non é capaz de poñerla en práctica, ¿que é o que temos que pensar os galegos e as galegas, conselleira? Vostede diga en qué se traduxo todo eso que está a falar para os galegos: ¿teñen máis posibilidades de acceder a unha vivenda?, ¿teñen máis vivendas colocadas no mercado? ¿Cal é a realidade? Porque o único que vostede fixo foi paralizar, incrementar gastos, máis persoal, máis oficinas, máis de todo. E, al final, os galegos, ¿que teñen que non tiveran fai dous anos? Uns prezos moi por enriba dos que tiñan, máis dificultades das que tiñan. *(Aplausos.)* E, al final, sinceramente...

Eu creo, conselleira... Aquí eu estiven a falar tamén na miña primeira intervención da crisis hipotecaria, do que están a vivir moitas familias galegas. Efectivamente, eu tamén lle dixen na miña primeira intervención que sabía que non era unha cuestión unicamente súa, pero non cabía dúbida, non cabía dúbida que a política que estaba a levar a Con-

sellería de Vivenda estaba agravando a situación para moitas familias galegas. É que a vostedes lles parecerá unha broma pero eu creo que este é un dos momentos nos que moita xente necesita da axuda dos políticos. E, dende logo, no Partido Popular estamos dispostos, dende a oposición, a non defraudar a tantas persoas. Creemos que é necesario que este bigoberno se plantee en serio poder axudar aos galegos que están a pasalo moi mal a tratar de minimizar os efectos dunha crisis que está afectando a moitas economías familiares. Si, señora Da Silva, eu creo que precisamente eso demostra a preocupación dun goberno polas políticas que realmente lle interesan ás persoas.

Vostedes verán, vostedes son Goberno e nós o único que lle pedimos é que actúen como tal. Nós somos oposición, pero tamén somos unha oposición responsable e que vamos a actuar como tal.

E, mire, falando de políticas de bienestar e falando de políticas que lle importan aos galegos...

A señora **PRESIDENTA**: Vaia rematando, señora Rojo, por favor.

A señora ROJO NOGUERA:... simplemente –xa remato, señora presidenta– eu quero dicir que eu son nai, teño dous fillos en idade escolar e eu pago os libros dos meus fillos. E solo quero decirlle á conselleira, que tamén ten fillos, que diga se ela paga ou non os libros de texto dos seus fillos. *(Aplausos.)*

Máis nada. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Ten a palabra a conselleira de Vivenda.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E SOLO (Táboas Veleiro): Os libros de texto.

Bueno, señora presidenta, señores deputados, señoras deputadas.

Vou empezar un pouco en tono de chiste. Non sei se os pago ou non porque sempre teño todo domiciliado no banco. *(Aplausos.)* Eu que seis e os pago. *(Murmurios.)* ¡É que menuda pregunta! *(Murmurios.)*

Este... Mire, señora deputada, vostede preguntaba que este Goberno defrauda ou non aos galegos e ás galegas. Os galegos e as galegas... (*Murmurios.*) Perdoen, por favor...

A señora **PRESIDENTA**: Un segundo, señora conselleira.

Por favor, lles prego que guarden silencio.

Pode proseguir.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E SOLO (Táboas Veleiro): Bueno, en primeiro lugar, quixera agradecer as aportacións feitas polos portavoces do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista de Galiza porque comparten con esta consellería a decisión de adoptar medidas lexislativas que nos permitan incidir nos prezos da vivenda e do solo residencial; elemento crucial este último para poder dar unha resposta acaída aos cidadáns deste país que teñen dificultades para poder ter acceso a unha vivenda.

Non se resolve o acceso a unha vivenda con ocorrencias de última hora senón con propostas serias e planificadas que incidan no cerne do problema, neste caso, a carestía da vivenda motivada sobre todo polo prezo especulativo do solo e agora agravada polas variacións alcistas do prezo do diñeiro. Señora deputada, por certo, eu non son Jean Claude Trichet, son Teresa Táboas, e non podo incidir nos xuros, porque vostede continuamente fala deso. Hai unha política monetaria europea e aí pouco... Nós o que temos é que planificar con responsabilidade e con rigor como non fixeron vostedes.

Realmente a señora deputada popular pretende facernos crer que o problema da vivenda na Galiza está no incremento do 2006, porque sería o colmo do cinismo político. O problema é que durante anos e anos a política de vivenda do anterior Goberno se resume en dúas medidas: unha bolsa de alugueiro de irregularidades, chea de irregularidades, que provocou un incremento no prezo de aluguer dunha media dun 20% —grande medida en dezaseis anos—; e a outra grande medida —¡atentos!—, unha axuda a fondo perdido de ata 1.500 euros para pagar os gastos do notario. Esas son as dúas grandes medidas en política de vivenda, señoras e señores deputados.

Señora deputada, a vivenda experimentou un progresivo aumento do prezo ao longo dos últimos anos ante a indife-

rencia do anterior Goberno. Mire, en 1995 o prezo do metro cadrado era de 578 euros o metro cadrado. Señora deputada, estou falando para vostede: 578 euros o metro cadrado en 1995; en 2005, con vostedes aínda no Goberno, o prezo rondaba os 1.100 euros o metro cadrado; é dicir, un incremento dun 90% en dez anos. ¿Onde estaban vostedes atallando rapidamente ese incremento de ...? Agora temos as dúas propostas, esa é a diferenza. (*Murmurios.*) Se a este aumento lle engadimos a repercusión do prezo especulativo do solo temos o resultado por todos coñecidos, agravado polas últimas decisións do Banco Central Europeo.

E fronte a este progresivo incremento anual, ¿cales foron as súas medidas, señora deputada? ¿Cales foron as medidas do Partido Popular de Galiza? Pois, mire, foron unha Lei do solo en 2002, modificada en 2004, na que se fixaban unhas porcentaxes mínimas de solo para vivenda protexida sen garantías de que esa vivenda chegase a construírse.

Señora deputada, estamos nas antípodas, vostede e eu —e alégrome deso tamén— en canto ao que debe de ser unha política de vivenda. Hai forzas políticas, como a que vostede representa, que deixan nas mans do mercado libre un dereito universal, así recollido na Carta de dereitos universais da ONU e tamén recollido na propia Constitución do Estado español; déixano nas mans do mercado libre apelando a supostas xustificacións de carácter económico. Parten do suposto, do dogma, de que o mercado libre equilibra todo, de que a libre competencia equilibra todo; é un dogma para vostedes. Parten de que partindo de accións individuais, que soen ser egoístas, esas accións van acabar acadando un beneficio para o colectivo. Esa é a súa visión da economía..., da economía e, neste caso concreto, da vivenda. Isto é un mito, un mito de consecuencias desastrosas, tal e como estamos vendo neste momento nas políticas de vivenda inexistentes e de deixar todo en mans do mercado libre non soamente na Galiza senón no resto do Estado español. O mercado libre actúa a espasmos, como tamén actuaron vostedes con estas dúas medidas que nomeei antes. E, fronte a esa posición, este Goberno aposta pola planificación, pola planificación e por incidir en factores claves como é o solo. Nesa dirección camiñan as medidas adoptadas que xa expliquei na miña intervención: reserva de ata 40% en concellos de máis de 20.000 habitantes; creación de unha bolsa de solo de titularidade pública para vivenda protexida en aluguer para mozos e mozas; a obriga

de que os concellos destinen a metade do seu patrimonio municipal de solo para vivenda a prezo limitado; elaboración do primeiro plan sectorial a nivel estatal de vivenda protexida; a aposta decidida polo aluguer con programas para mobilizar tamén a vivenda baleira. Son medidas de enorme importancia que permitirán por vivenda protexida no mercado a curto e medio prazo e que poidan acceder dese xeito os galegos e galegas a unha vivenda a un prezo limitado, que non teñan que estar todos os meses pendentes dunha decisión do Banco Central Europeo.

O demais, señora deputada, son fogos de artificio para tapar as graves irresponsabilidades dun pasado, as graves irresponsabilidades do seu partido aquí e tamén no Goberno do Estado. ¿Non se lembra vostede daquela frase dun ministro seu que dicía que a vivenda subía porque a xente podía pagala?

Bueno, esperaba de vostede, señora deputada, como membro dunha forza política que gobernou a Galiza durante dezaseis anos, aportacións serias e construtivas ao debate de como resolver o problema da vivenda, pero vexo que sigue instalada na falta de rigor, na demagogia e, dende logo, no cinismo político.

A señora **PRESIDENTA**: Vaia rematando, señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE VIVENDA E SOLO (Táboas Veleiro): Espero que recapacite no que queda de lexislatura e substitúa as ocorrencias... (*Murmurios.*), as ocorrencias por propostas serias que axuden a resolver os problemas dos cidadáns en materia de vivenda. Polo de pronto, penso que este Goberno ten dado un paso moi importante, que é substituír ao mercado libre polo deseño dunha política planificada en materia de vivenda.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señora conselleira.

Moitas grazas.

Lles quero comunicar... (*Pide a palabra a señora Rojo Noguera.*)

Dígame, señora... Si, ¿cual es el desorden? Denlle voz, por favor, ao escaño da señora Rojo Noguera.

A señora ROJO NOGUERA: No, simplemente quería saber –porque me da la sensación de que soy yo la interpelada y no el Gobierno– si tengo derecho a dúplica, porque en vez de hablar del futuro y del presente estamos hablando del pasado, presidenta, y yo... Simplemente es una cuestión...

A señora **PRESIDENTA**: Señora Rojo, tuvo... Me vai a perdonar, tuvo vostede os seus turnos, é unha parlamentaria experimentada...

A señora ROJO NOGUERA: Pero, claro, como parecía yo la conselleira y no ella, presidenta... (*Risos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Voulle dicir unha cousa... No... Lle vou a dicir unha cousa...

A señora ROJO NOGUERA:... simplemente...

A señora **PRESIDENTA**: No, por favor, non está no uso da palabra.

Lle vou a dicir unha cousa. Teño que confesar que son aínda moi ingenua, que agora vostede me colleu co pie cambiado (*Risos.*), porque literalmente vostede non quería unha cuestión de orde, quería intervir e punto, e eso sabe vostede que non lle tocaba. Pero, bueno, eu tamén teño que mellorar moito e teño que ser un pouco máis espabilada.

Lles quero comunicar que o señor Orza Fernández, autor desta iniciativa, a retira, que é a iniciativa 22271, que era unha pregunta ao Goberno que retira o señor Orza.

Suspendemos a sesión hasta as 16:30, as catro e media da tarde.

Moitas grazas a todos, bo proveito e hasta logo.

Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e cinco minutos da tarde.

Retómase a sesión ás catro e trinta e cinco minutos da tarde.

A señora **PRESIDENTA**: Señoras deputadas e señores deputados, reiníciase a sesión.

E, en primeiro lugar, quero pedir desculpas ás súas señorías porque esta mañán cometín un erro e dixen que o señor Orza retirara a pregunta e non, aplazouna. Para que conste de que se substanciará no próximo pleno.

Interpelación de D. Miguel Ángel Santalices Vieira e seis deputados máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre o nivel de cumprimento do recollido nos programas electorais do PSOE e do BNG en materia sanitaria e as propostas realizadas pola Xunta de Galicia para acadalo

A señora **PRESIDENTA**: Substanciamos agora a interpelación do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, sobre o nivel de cumprimento do recollido nos programas electorais do PSOE e do BNG en materia sanitaria e as propostas realizadas pola Xunta de Galicia para acadalo.

Para formular a interpelación ten a palabra o señor Santalices Vieira.

O señor SANTALICES VIEIRA: Moitas gracias, señora presidenta.

Boas tardes, señorías, boas tardes, señora conselleira.

Bueno, iniciamos esta sesión neste desangelado pleno, porque eiquí hoxe está esto máis ben vacío. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) No, no, está vacío, a verdade é que as sesións de tarde esto cae en picado. E hoxe, bueno, que traemos aquí cuestións importantes, como son as cuestións da sanidade, a verdade é que nos debería de preocupar a todos.

Creo que xa pasou o máis..., levamos máis de media legislatura consumida, eu penso que é, polo tanto, un tempo razoable, un momento oportuno, ademais é un momento de certo sosiego, para facer un análisis do nivel de cumprimento do que se lle prometeu á cidadanía se se chegaba ao Goberno, como é o que aquí estamos falando. E o certo é que vostedes chegaron ao Goberno pois daquela maneira, non ganaron as eleccións, pero afinando e moito —é certo que afinaron e moito nas súas pretensións e nas súas tensións, porque si que as hai—, están, están, están neste momento no Goberno. A min contáronme unha anécdota de xente ben informada de que a mesma noite das eleccións, con esto das tensións, houbo unha chamada do señor..., hoxe vicepresi-

dente do Goberno, ao señor Touriño, hoxe presidente da Xunta de Galicia, e que lle dicía: *¿Pero estás seguro de que esto va ser así? ¿Tu estás seguro de que tenemos los 38?* A tensión era tan grande, porque, claro, en xogo estaba todo. E eiquí, ao estar en xogo moitas cousas, valía todo “con tal de sacalos do Goberno”. Esta era a misiva, a misiva que vostedes teñen.

Procede, polo tanto, dar a coñecer á cidadanía se este “vale todo” merecía realmente a pena. Ás eleccións se concurre con programas electorais que recollen moitas materias: materias a nivel de educación, materias de infraestrutura, materias de políticas culturais; en definitiva, moitas materias. E as políticas sanitarias —a nadie se lle escapa— son propostas que ocupan unha parte importante dos programas electorais dos partidos que concurren ás eleccións. E isto é así. E eu desto, ademais, me felicito e, como ben saben, e xa fun aquí bastante pensado..., pesado e reiterativo, penso que sen saúde e sen unha boa asistencia sanitaria e sen política sanitaria non somos nada. Polo tanto, eu me felicito deso.

E ademais o dixen e o volvo a dicir. Temos a día de hoxe o mellor sistema sanitario do mundo, curiosamente, sen ser o país que máis diñeiro destina á sanidade, un misterio que aínda nadie foi capaz de explicar. Sabemos que somos un dos países que non destinamos moito diñeiro á sanidade, pero é certo que temos unha, unha..., unha sanidade, unha asistencia sanitaria que a verdade é que é, pois, das mellores do mundo, e é patrimonio de todos, que non é patrimonio de ningún partido político; é patrimonio da sociedade, da sociedade española.

Polo tanto, as propostas que incidan en positivo na conservación, na mellora e na garantía do futuro sanitario do noso sistema sanitario terán o valor que se merecen e, por suposto, nós llas vamos a dar.

Eu repasei e analicei as propostas do PSOE e do BNG en materia sanitaria. Unhas son mellores, outras son máis agresivas, outras son menos agresivas, pero ningunha é despreciable, ningunha é despreciable. Vostedes fixeron, coma nós, un esforzo para incluílas, porque, se se gobernaba, había que dar cumprimento a ese esforzo e a esa proposta. Polo tanto, non van a oír hoxe da miña..., non vou eu ser eiquí quen descalifique ningunha das propostas, pero si vou facer un análisis do que se prometeu. En definitiva, vou a someter á valo-

ración da Cámara o nivel de cumprimento do que recollían os programas electorales.

O Partido Socialista empezou no seu programa electoral falando de que a financiación sanitaria necesitaba un gran pacto, e o gran pacto pasaba por conseguir unha financiación que garantizara que tuvéramos os recursos dispoñibles necesarios para prestar asistencia sanitaria á poboación..., á poboación galega. E aquí nos venderon un acordo que consistía en que se incrementaba, pola financiación sanitaria, máis alá de 300 millóns de euros. A realidade é que despois quedouse en soamente 60 millóns de euros. E os problemas empezaron a surgir: cortes nos plans de necesidades, un futuro incierto sobre os hospitales ou plans directores que están en marcha, unhas políticas de fijación de persoal na nosa comunidade que están en entredito, os novos equipamentos non afloran por ningún lado. Polo tanto, estamos ante un nivel de cumprimento nulo. E nós eiquí fixemos unha proposta: mentras non se incluya a dispersión, non temos nada que facer, e nós pedimos que se incluíra a dispersión.

Outra das súas propostas que fixeron foi: garantías de tempos de execución dos actos sanitarios para consultas e probas diagnósticas. Nada feito, nada feito neste tema. E o peor é que sobre a proposta que se lle puxo encima da mesa de 45 días, que non espere nadie para unha consulta nin para unha proba diagnóstica, foi rechazada. Esta proposta fixémoslla nós. Polo tanto, nivel de cumprimento nulo.

Falaron vostedes de redución de listas de espera con fixación de tempos máximos no Parlamento e financiación dos mesmos cando esto non se cumpra. ¿Que pasou eiquí? Primeiro, xa non se informa no Parlamento, xa non hai información no Parlamento de listas de espera. Que eu sepa, eiquí non se fixou nada de tempos máximos de espera. Aínda non pasou esto por eiquí. E a maiores nin se cumpre a medida vixente que xa contempla que cando sobrepasen os 180 días poderase financiar o acto médico de intervención quirúrgica en outro dispositivo. Neste apartado a cruda realidade nos dice que estamos ante máis de 230.000 persoas en espera para consultas, e de probas diagnósticas non temos datos. Tamén nos di a cruda realidade de que soamente nos últimos dous anos o crecemento da lista de espera foise máis alá de 40.000 persoas.

Vostedes tamén levaban no programa o dentista de cabeceira. Bueno, *¿que voy a decir* despois do que está choven-do estos días con este tema do dentista? O señor Solbes xa fala de que o queren aprobar o ministro de Sanidad xa non conta nin co seu beneplácito e aquí nin se falou nin do dentista de cabeceira.

Falaron vostedes do consultorio en primaria, nada implantado, e aí temos problemas. Falamos da fisioterapia en primaria. Prometeron vostedes incrementar os recursos en atención primaria e acercar os servicios sanitarios á poboación, e o que estamos vivindo é como desaparecen servicios sanitarios. Falaron dun reequilibrio orzamentario entre primaria e especializada, e a realidade é que a primaria caíu 4,3 puntos e a especializada caíu 6 puntos nos presupostos.

Son vostedes tanto, como cos señores do Bloque, defensores da xerencia única de área como mecanismo de xestión. Sigue implantada a única que había, a xerencia de área de Ferrol. Incumplimiento. Vostedes mesmos valoren.

¿Xestión clínica nos hospitales? Que eu sepa non está implantado en ningún hospital.

Sobre a figura do valedor do paciente, que eiquí moito se falou dela. Pois vostedes mesmos, sigan analizando o que pasou.

¿Sobre a saúde mental? Aínda estamos esperando que se incrementen os dispositivos na área de asistencia sanitaria en saúde mental.

Fixeron tamén propostas sobre saúde pública, e as propostas sobre saúde pública o que nos están evidenciando é unha absoluto fracaso no tema das políticas de saúde pública. Aí está o tema do consumo de drogas, donde nos dous últimos anos se incrementou o consumo de novos adeptos, novos adeptos —que é un dato moi importante—, á cocaína de 37.000 persoas e máis de 74.000 persoas novos adeptos ao tema do hachís.

Falaron de incrementos de prazas en residencias asistidas. Nada de nada. Polo tanto, nulo cumprimento sobre, insisto, sobre o que vostedes levaban no programa electoral. E eu aquí non descalifico ningunha medida, porque eu apoiaría moitísimas das medidas que aquí se puxeron.

Se eu falo das propostas do BNG, coinciden. Especial atención á xerencia única. Vostedes mesmos, señores do BNG. Falen de como están os temas da xerencia única.

Incrementar carteira de servizo nos hospitais comarcales. Fagan un repaso polos hospitais comarcales e o único que hai é unha perda de carteira de servizos.

Falaron da redución do número de camas por habitación nos hospitais. O que estamos falando é como reducimos agora o número de habitacións nos hospitais, como está pasando en algúns hospitais.

E vostedes mesmos, señores do Bloque, tamén levaban no seu programa tempos máximos de atención de 60 días. Puxemos nós unha proposta de 45, podíamos chegar a 50. Pero é que aquí o que non hai é nada. E vostedes, cando se falou desta proposta, lexos, lexos de..., lonxe de transaccionar con nós, botáronse fóra. Isto é o que vostedes defenden, unhas garantías de tempo en atención sanitaria.

E non quero entrar, non quero entrar a falar da famosa proposta dos quirófanos 24 horas, porque eso é unha botada ao monte que, desde logo, parece mentira que o señor vicepresidente da Xunta, sendo sanitario como é, pudiera dicir tal solemne aventura: quirófanos funcionando as 24 horas do día. Que llo pregunte á conselleira se eso pode ser posible, que funcionen os quirófanos 24 horas ao día, salvo, evidentemente, os que son de urgencias.

Señora presidenta, eu, polo tanto, o que pido aquí é que se faga unha valoración do que se levaba nos programas electorales e o cumprimento dos mesmos tanto do Partido Socialista como do Bloque Nacionalista Galego.

Nada máis, señora presidenta.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor Santalices.

Señora conselleira de Sanidade, ten vostede a palabra.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vidal): Moitas grazas, señora presidenta.

Boas tardes a todos e a todas, eu pola miña banda dicir-lle que dende aquí o que se ve desangelado é a parte do PP, porque vexo que nas filas socialistas e do Bloque están todos. *(Aplausos.)*

Pero, mire, coincido con vostede —e sin que sirva de presente, evidentemente—, que é un bo momento, un momento axeitado para facer balance de xestión do Goberno, xa que estamos no ecuador desta lexislatura, aínda que vexo que aínda, aínda non asumiron que perderon as eleccións.

Pero antes de falar de cumprimento do programa tamén querría puntualizar algunha da súa parte da súa intervención, sempre das súas intervencións aquí e a veces tamén mesmo fóra. Está claro que o que vostede sempre está insistindo é un alarmismo, é un non reflectir realmente a situación como está na realidade. E mesmo está claro que nos seus motivos de preocupación seguramente está, pois, eso, que estamos realmente a construír a arquitectura do sistema sanitario, a darlle un pulo, a poñer os cimentos de verdade para que o sistema sanitario público teña de verdade un futuro e teña unha calidade que estamos todos en elo.

Pero, ademais, seguramente a vostede tamén lle preocupa cómo se foi afundindo todo o seu modelo, como se van disolvendo todas as fundacións nas que nin vostedes creían nin as que lle deron ningún tipo de competencias nin sabían para que as tiñan.

Ese modelo, ese modelo en que basaron eses dezaseis anos, —porque hai que dicilo, dezaseis anos—, estaba baseado nun adelgazamento de orzamentos, nun abandono reiterado de todo o sistema público. Dende logo, o único que conseguiron é que en recursos humanos, en recursos físicos, en recursos tecnolóxicos, encontrásemos, dende logo, un sistema abandonado; un sistema no que vostedes deixaron o sistema sanitario, nun abandono. E non me estraña, non me estraña que por eso e por moitas máis cousas perderan as eleccións do ano 2005, está claro.

Pero, mire, efectivamente, para nós, para o Goberno, estamos en esa materia, en reorientar o sistema galego, o sistema sanitario, en poñer en marcha todos os cambios estruturais que precisaba para garantir unha atención sanitaria de calidade. E estamos, como non podía ser doutro xeito, a desenvolver ese proxecto político deste Goberno, a poñer as

bases desa nova arquitectura que reflicte o compromiso de todo o Goberno co sistema público, con o seu fortalecemento. E, sen dúbida, as principais actuacións nos cinco principais puntos nos que estamos a traballar son: primeiro, como non, no saneamento económico- financeiro do sistema; saneamento que foi posible gracias a eses 300 millóns que tivemos na Conferencia de Presidentes. Na primeira vez que un goberno, e tiña que ser goberno socialista, se preocupaba da financiación sanitaria. E tamén outro punto fundamental no que despois me estenderé: o fortalecemento dos recursos humanos. Lle dimos unha prioridade absoluta, para que os recursos humanos dentro dos nosos orzamentos tiveran o peso que necesitábamos: todo o que supón a reorganización asistencial da atención primaria e a atención especializada; as melloras das prestacións e incluso tamén o incremento de carteira de servizos, non só nos hospitais, como despois lle direi, senón tamén en atención primaria. E, finalmente, o xiro fundamental na forma de facer, a participación, a transparencia; o sol e a luna, por dicirlle unha comparación, nada que ver co que levábamos sufrido nos dezaseis anos anteriores.

Polo tanto, aí, nesas directrices que ademais aprobamos nada máis chegar, directrices de política sanitaria que nunca vostedes tiveron e que se aprobaron en outubro do 2005 polo propio consello e que fixen aquí a exposición tamén no Parlamento, con esas directrices puxemos en marcha o novo sistema sanitario.

E para min, neste ecuador da lexislatura, é unha satisfacción poder dicir que levamos cumprido a práctica totalidade primeiro do discurso de investidura do presidente da Xunta e tamén, como llo vou a relatar, o acordo de goberno, o acordo do PSdeG-PSOE e o Bloque; cómo fomos punto por punto poñendo en marcha todas esas liñas.

Primero fomos quen de poñer en marcha un decreto de garantías que vostedes, incluso cando o publicaban, o posponían a súa posta en marcha. Fíxese se creían nel que incluso era deses decretos que ao día seguinte tendrá vigor... Non, ese era a seis meses alomenos. Pero é que, ademais, algo que preocupa e preocupaba á xente, como non, o afrontamos de cara: as listas de espera, os tempos de espera. E fomos quen de reducir as listas e os tempos. E fixemos, ademais, un exercicio de transparencia: poñer publicamente o obxectivo que anualmente íbamos a conquistar. E así o fixe-

mos dende o ano 2005-2006 e agora tamén neste ano 2007. De maneira que hai menos xente en lista de espera e que ademais se reduciu substancialmente. De 137 días de demora media no que vostedes nos deixaron, anque falaban de 60 ou de 70, estamos, terminamos o ano 2006 en 90 días. E ademais nos puxemos o obxectivo deste ano para acadar o ano en 80 días. Porque queremos converxer con o resto do Sistema Nacional de Saúde para poder terminar esta lexislatura nas mesmas demoras medias que ten o resto do sistema.

E tamén ampliamos a atención primaria a toda a poboación, a única comunidade que non había estendido todo o modelo. Aseguramos a eficacia no gasto, as compras integradas; cando vostedes estaban eran en torno a un 6%, agora estamos nun 39, e queremos chegar ao 50% para o ano que vén.

Incorporamos anestesia epidural e a estendimos a todas as áreas. Desenvolvimos un plan de saúde bucal, ¿como non?, ¿quere que lle chamemos o dentista de cabeceira? O nome é o de menos. Pero, mire, ademais ampliamos a prestación. Agora os nenos hasta os 12 anos este ano e os 14 anos o ano que vén tendrán empastes; con vostedes non tiñan nada.

E estamos a incrementar os recursos, incrementando a plantilla de odontólogos, para que podamos acadar con un odontólogo cada 20.000 habitantes. E incorporamos novas tecnoloxías, unha dotación de 150 millóns de euros, con a historia clínica; está estendida a toda a atención primaria; dous millóns de historias clínicas xa dixitalizadas, trece millóns de recetas, etc., etc., etc.

Aumentamos o número de profesionais, ¿como non?, importante nun sistema público, nun sistema que é de servizos, 1.802 prazas en dous exercicios. ¿Sabe canto puxeron vostedes en cinco exercicios? Non chegou, 1.769. E, ademais, por riba, este ano incrementamos 144 máis para el Plan de mellora de atención primaria.

Estendemos o plan de coidados paliativos e ademais levamos a quimioterapia aos hospitais comarcais, por suposto, porque é necesario. E no plan de saúde mental, ¿que lle vou a dicir? Se estamos no final de la cola e o plan con unha dotación de 40 millóns de euros leva consigo a incorporación de seis unidades máis, pois, evidentemente, é un pulo importante.

E nas drogas, que vostede sempre quere repetir os malos datos da nosa comunidade, pois, mire, no consumo de alcohol e de hachís, estamos por debaixo da media e melloramos. E tamén hai que facer, evidentemente, moitísimo máis esforzo no tema da drogodependencia, e por eso creemos na prevención. E por eso tamén fixemos un importante esforzo nun incremento dun 18% no orzamento.

E fomentamos a dedicación exclusiva. Todas as convocatorias de xefes de servizo que se cumpriron e se fixeron neste ano levan consigo xefes de servizo con exclusiva. E reducimos o número de camas por habitación. Se vostede non o quere ver, pois non o vexa. Pero en Juan Canalejo, no Complexo Hospitalario de Ourense, nos novos hospitais levan todos un 30% de camas individuais.

E estamos traballando no desenvolvemento da segunda opinión, que está nestes momentos no trámite do Consello Consultivo, e tamén no consentimento informado.

Polo tanto, cumprimos cun acordo do Goberno, pero é que ademais tamén cumprimos con cada un dos programas do Bloque Nacionalista Galego e do Partido Socialista.

Evidentemente, no turno de réplica lle poderei afondar máis en estes temas, porque non me chega o tempo para poderlle decir todos e cada un dos cumprimentos que temos en todos e ambos programas.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señora conselleira.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Ferreiro López, a quen lle damos a benvinda.

A señora FERREIRO LÓPEZ: Grazas, señora presidenta.

Boa tarde, señoras e señores deputados.

Dous anos do novo Goberno sentan as teses dunha política sanitaria que van verse reafirmadas pola Lei de saúde; acordos comprometidos no pacto de goberno.

Para o Bloque Nacionalista Galego o balance do xa feito é positivo, mais sen caer na autocompracencia, porque é moito o que fica por facer.

Un pé fundamental na mellora do sistema sanitario público son as súas traballadoras e os seus traballadores, xa que van ser determinantes no logro da calidade asistencial e na satisfacción dos usuarios e das usuarias.

Un importante incremento do número de prazas nos cadros de persoal do Servizo Galego de Saúde, que en dous anos aumentou máis que nos últimos cinco anos, así como recursos para persoal, van incidir de xeito beneficioso na calidade e na satisfacción do persoal. Esta mellora provoca unha mudanza nas condicións laborais, no traballo en si, con máis ferramentas técnicas, e nos tempos de traballo, con turnos de traballo novedosos que facilitan a vida social, familiar e o propio descanso.

Mellora nos incentivos de formación, cunha variada programación, así como na promoción, co recoñecemento da carreira profesional, quedando aínda pendentes determinadas categorías que agardamos sexan acadadas á maior brevedade posible. Sen esquecer o diálogo cos profesionais para o logro de acordos con representantes dos traballadores e das traballadoras.

Salientar a importancia diste conxunto de melloras que os traballadores e traballadoras fan que estean a gusto no seu traballo sentíndose parte del pois conforman ese propio traballo.

No plano do financiamento, a mellora nos orzamentos da sanidade tivo un salto cualitativo nestes dous anos, pois foi moito maior que nos cinco últimos anos. Este incremento fíxo posible as melloras xa expostas e as de calidade asistencial como: ampliouse a atención primaria a toda a poboación; a mellora dos recursos humanos e técnicos, incorporando máis profesionais de todas as categorías, sobre todo naquelas que eran deficitarias como matronas, fisioterapeutas, odontólogos, hixienistas; formáronse equipos interdisciplinares, base fundamental para unha atención integral para a saúde; o plan de saúde bucodental para menores de 14 anos e o de hixiene bucodental para as embarazadas; na atención especializada queremos salientar mellora na transparencia, na xestión das listas de espera, na súa publicación e infor-

mación; optimizáronse os recursos humanos e técnicos; acadouse a extensión da opción á anestesia epidural no parto; o impulso das consultas de alta resolución como unha prestación que complementa a eficiencia da mesma e a comodidade para o usuario e a usuaria.

Mais, señora conselleira, cómpre non caer na autocompracencia. Para elo é preciso: coñecer, comprender e interiorizar as percepcións dos cidadáns, pois en moitos casos seguen sen sentir as melloras que obxectivamente se están a producir; avanzar no que aínda fica sen facer, no financiamento sanitario; lograr un recoñecemento efectivo da dispersión poboacional como criterio para o cálculo das necesidades; lograr un avance rápido no equilibrio territorial, sobre todo na mellora das áreas sanitarias máis problemáticas: Ferrol e Vigo. É verdade que somos conscientes que estase no camiño, coa integración do Hospital Naval de Ferrol e o novo Hospital de Vigo, no camiño de achegar os índices medios galegos de cualidade asistencial; unha xestión profesionalizada das peticións de consulta e probas diagnósticas, seguindo criterios clínicos, maior gravidade, urxencia e máis probabilidade de beneficios.

É necesario impulsar os servizos de hospitalización a domicilio e encetar outros novedosos como os hoteis de doentes, hospitais polivalentes, e seguir impulsando unha coordinación e complicidade entre a atención primaria e a atención especializada.

A mellora da atención ás mulleres foi significativa. Que a muller no momento do parto teña acceso á analxesia epidural sen ser cuestión do azar, de pola mañá, pola tarde, ou do profesional de garda, que sexa realidade parir sen..., perdón, con analxesia, se así o decide, é un logro polo que tanto pelexamos e que está acadado. Pero no que respecta á atención integral da muller, aínda que se ten avanzado, pensamos desde o Bloque Nacionalista Galego que aínda non é suficiente. Non quero dicir que exista mala atención ou desasistencia, senón aspectos que deben ser mellorados, que son sinxelos; é dicir, fáciles de acadar, sen demasiada inversión, pero non por eso pouco importantes: na atención no embarazo, a oferta do parto natural, no fomento da lactancia materna, na atención á muller vítima do maltrato, na prevención de enfermidades de transmisión sexual, na educación sexual responsable e satisfactoria. É necesario avanzar.

Tamén mellorar na educación para a saúde para todos e para todas. Nesto queda camiño por andar, non no plano teórico, que todas e todas temos claro, senón na práctica diaria, nos centros de saúde, nas unidades hospitalarias, na sociedade en xeral. É aí onde temos que incidir se queremos ofrecer unha promoción e prevención para a saúde.

Señora conselleira, o Bloque Nacionalista Galego agarda que as medidas propostas, xunto co desenvolvemento do Plan de mellora da atención primaria e tamén do Plano galego de saúde mental, e á espera da Lei de saúde, vaian no camiño de acadar a mellora na saúde integral dos galegos e galegas. Para elo pode contar co Bloque Nacionalista Galego, sempre dende o apoio e a esixencia, baseadas nas reflexións e nas aportacións.

Grazas. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señora Ferreiro López. Moitas gracias.

Ten a palabra, polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Pose Mesura.

O señor POSE MESURA: Gracias, presidenta.

Boas tardes, señoras e señores conselleiros.

Benvida... Perdón, señoras e señores deputados. —xa lle gustaría a algún ser conselleiro ao mellor—. *(Risos.)*

Señora Ferreiro... Benvida, señora Ferreiro. Teño que decirlle, cando lle rematei... Benvida, darlle a benvida e ademais decirlle que personalmente que me gustou o seu discurso, que é un discurso reflexivo, un discurso de apoio, crítico. En fin, que creo que ese é o camiño que incluso parece que nos contaxiou, porque a verdade é que o botei moito de menos este verán, señor Santalices, non houbo vaga de calor e esas cousas e hasta hoxe vostede veu máis moderado. Non é que viñese moi moderado, aínda lle queda un camiño por recorrer, pero polo menos veu nun tono bastante moderado.

A outro que se lle bota de menos é ao señor Castro tamén, que nestas épocas era un habitual dos discursos. E ¡home!, se cadra non para outra cousa, pero pode facer unha iniciativa, aínda que sea para felicitar ao conselleiro de

Medio Ambiente polo tempo que houbo este verán ou algo así, ¿non? (*Risos.*) Non sei, digo eu, porque... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Ben, ben.

Bueno, en fin, esta é unha iniciativa do señor Santalices, do Grupo Popular, que a verdade que a min chocoume, porque esta é unha iniciativa que primeiro a presentan en comisión, logo a retiran, despois nós, como francamente nos sorprendía esta iniciativa e nos pareceu interesante, nós a collemos e a presentamos nós en comisión. A compañeira Macu presentou esta iniciativa na comisión e foi respostada polo Goberno e agora tráena vostedes aquí a pleno.

E, claro, vostede colleu os tres programas, o seu, o do grupo popular, o do BNG e do Partido Socialista, e encontrou algunhas cousas que lle podían servir, pero moi poucas cousas, señor Santalices. Efectivamente, algunha... Pois, mire, non temos incrementado substantivamente –polo menos que eu sepa– os servicios de fisioterapia nalgún centro..., nalgún servicio de atención primaria. Pois pode ter razón. Pero eu dígolle que o grueso do programa, desde logo o acordo de goberno –porque tampouco había que medirnos, somos dúas forzas políticas diferentes e chegamos a un acordo de goberno, e eso é polo que nos hai que medir e eso polo que lle vamos a dar explicacións aos cidadanos–, e ese está cumprido practicamente na súa totalidade. E o noso programa electoral –do dos demais que falen; eu lin o de ustedes tamén, lin o de ustedes, incluso cumprimos algunha cousa das de ustedes, que levaban moito tempo para cumprilas e non as cumpriron–, e o noso programa electoral practicamente no 90% está cumprido. Polo tanto, eu creo que... Si, si agora llo vou dicir. Polo tanto... Agora llo vou dicir, xa llo dixo a conselleira... Na maioría das cousas importantes e relevantes.

Agora claro, como vostede, como nesto da medicina sempre haberá algún caso, porque vostede xa lle acorda aquí intervencións de dicir: é que me dixo unha señora, é que o médico de non sei que sitio... Claro, eso vai existir sempre. Eso... Estará comigo, estará comigo que o que non poden desde unha consellería, por moi boa que sea a dirección política desa consellería, pois, ao final, traballan seres humanos e os profesionais uns son moi bos, outros son regulares, outros son bos solamente e incluso pode haber algún malo, ¿entende? Penso que a maioría dos profesionais que temos no noso sistema de saúde son, a media dos profesionais, son uns profesionais bos, uns magníficos profesionais.

Polo tanto, xa lle adianto que o que vamos a evaluar dámos vostede unha oportunidade magnífica incluso para nós facer un alto no camiño e pegar un vistazo atrás e ver a cantidade de cousas, porque eu sorprendíame hoxe mirando cousas, as cousas, señora conselleira, que levamos feitas en dous anos de goberno.

Pero, bueno, efectivamente, vostede hasta agora acabóuselle aquela, ¿como era?, farmacia de Navia (*Risos.*), ¿que xa nos tiramos tempo coa farmacia de Navia!; acabouse a gripe aviar e, ¿cal era a outra cousa? A hemodinámica de Orense. Con eso tirámonos tempo e tempo, e agora vén o programa electoral, preocupación porque non cumprimos o programa electoral. Un programa electoral, desde logo, do Partido Socialista ten unhas bases ideolóxicas de donde procuramos con coherencia colgar unha serie de medidas políticas a tomar, pero cunha dirección ideolóxica e cun fundamento.

O marco no que nos movemos os socialistas en sanidade é que consideramos... –non pretendemos obviamente ser exclusivos no mundo das ideas, para nada–, consideramos a saúde como un dereito. E eso leva consigo que ese dereito é universal, universal, para toda a poboación; eso leva consigo que debe ser equitativo, que debe ser solidario, que debe ser accesible, e eso leva consigo que ten que haber unha financiación pública e que ten que haber unha potenciación do sistema público.

Nós tiñamos non solo impresións, senón algúns datos que había un deterioro da inversión pública no sistema e que pouco a pouco –obviamente, estas cousas non ocorren dun plumazo do día para a mañán, da noite para a mañán–..., pero estíbese deteriorando o sistema. Pois, mire, o primeiro que fixemos foi aumentar a eficiencia no gasto sanitario, porque é un gasto moi importante, moi relevante, e, se non se é eficiente, o que seríamos é uns irresponsables que poñemos en peligro o sistema que é de todos os galegos.

Polo tanto, inyectámoslle máis recursos, inyectámoslle máis recursos coa financiación pública, melloramos a gestión. tiñamos 325 millóns de euros de deuda e a día, a 31 de diciembre deste ano, non teremos –que a conselleira me corrixa, pero pola información que eu teño–..., non temos deuda. Isto é moi importante porque cada ano se nos iban dez millóns de euros en pagar os intereses desa deuda que tiñamos, e eso é unha cousa moi importante.

Establecemos un sistema de compras integradas, como lle dixo a conselleira, porque eso é máis eficiente, porque eso ten menor coste. Os provedores do Sistema Nacional de Saúde..., Galego de Saúde, que non cobraban e que desconfiaban e que, polo tanto, cando un tarda en cobrar a tendencia é a vender o produto máis caro, hoxe cobran en menos de 50 días. Polo tanto..., e a compra faise integrada nun porcentaxe importante de produtos para todo o sistema. En dous anos, en dous anos, incrementouse o volumen de recursos en sanidad tanto como nos cinco anos anteriores do Goberno do Partido Popular.

As listas de espera, que é o seu cabalo de batalla, que me parece ben, ademais, que é a súa obrigación como portavoz da oposición...; pero terá que reconocer que ás listas de espera que se lle dou, primeiro, transparencia, transparencia. Publícanse as listas de espera de acordo co decreto que fixeron vostedes. Ana Pastor, cando era ministra de Sanidad, no ano 2003 fixo un decreto de cómo había que publicar a información das listas de espera. E, por certo, o cumprimos todas as comunidades autónomas menos Madrid, menos Madrid, que está en rebeldía.

Nos reconocerá tamén que a conselleira de Sanidad, a consellería, fixou uns prazos máximos, uns obxectivos para cada ano, porque somos conscientes que non se poden reducir as listas de espera dun plumazo, pero cada ano gradualmente vanse fixando uns obxectivos. Bueno, este ano pasado fixouse un obxectivo de 90 días e cumplíuse. Non solo se cumpliu senón que aínda se mellorou en cinco días. Este ano pasado. Para este ano fixouse un obxectivo de 80 días. A 31 de decembro vostede nos poderá criticar se o cumprimos ou non o cumprimos. E o que é unha evidencia é que hai en torno a 7.000 pacientes menos en listas de espera que había antes, ¡jollo!, habéndose incrementado a demanda sanitaria. Ou sea, houbo máis traballo, hai máis demanda e temos menos lista de espera. Polo tanto, eso ten que reconocelo.

En recursos humanos –que estará de acordo comigo que é importante para a poboación que haxa máis médicos e que haxa máis enfermeras–, pois en recursos humanos, estará de acordo comigo que se crearon 3.084 prazas, se cubriron; 623 de especialistas. Estará de acordo comigo que se un plan de mellora de atención primaria, que aquí o ten, señor Santalices, que parece mentira que unha cousa que foi tan importante, tan importante para os profesionais e para a pobla-

ción..., pois é un plan que nos daría –de feito xa nos dou– para falar aquí bastante tempo. E eso non o pode obviar. E eso era un núcleo básico do que colgaban varias medidas dos socialistas polo menos e do acordo do Goberno co BNG para a mellora da asistencia sanitaria.

E eso está firmado, está enfocado e empezouse a traballar. Este ano mesmo se contratan..., corríxame, señora conselleira, pero eu creo que son 144 ou 160 prazas novas de atención primaria. Por primeira vez se poñen cartos para pagar as substitucións de todos os médicos de atención primaria: un e pico de millóns de euros. Polo tanto... Tres millóns de euros. Mire vostede, que eu normalmente tiro polo baixo sempre. Entón, non me pode obviar esas cousas.

Plan de drogas. Non me negue que hai un plan de drogas posto en marcha.

Plan de saúde mental. Hai un plan importantísimo, histórico, de saúde mental, con un volumen de recursos impresionante.

Claro, vostedes estaban acostumbrados a facer plans, libros blancos do señor Fraga, libro blanco, sen un duro. Aquí hai plans con cartos, con prazos e con resultados, con sistema de avaliación para todos eses plans.

En fin, o novo Hospital de Vigo, pois eso non é ningunha decisión de relevancia.

A señora **PRESIDENTA**: Vaia rematando, señor Pose, por favor.

O señor POSE MESURA: O hospital único de Pontevedra non é unha decisión de relevancia que leve consigo 70 millóns de euros detrás, etc., etc., etc.

En novas tecnoloxías, ao poñer en marcha unha resonancia magnética móbil para que atenda os hospitales comarcales e, polo tanto, a poboación teña mellor accesibilidade, ese non é dar cumprimento ao programa electoral, que, xa lle digo, superamos o 90% do cumprimento do programa electoral.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Pose.

Señor Santalices, ten vostede seu turno de rolda de réplica.

O señor SANTALICES VIEIRA: Moitas gracias, señora presidenta.

Saúdo o seu discurso, señora Ferreiro, portavoz do Bloque Nacionalista Galego en materia sanitaria agora, e espero que non desfallezca nese discurso. Que non lle pase... Non se deixe, non se deixe levar porque lle chamen alarmista, que eu xa estou acostumbrado, ou como lle chaman hoxe á súa compañeira, á súa compañeira, a señora Vega Buxán, diputada na Diputación de Lugo –valga a redundancia–, porque denunciou unha situación que está a pasar nun hospital. Eu saúdo o seu discurso e espero que o manteña, pero vanlle chamar a atención, xa llo digo. Espero que non desfallezca.

Con respecto ao portavoz, non sei se portavoz ou portavoces do PSOE... Porque, claro, eiquí agora hai dous portavoces, un respóndeme aquí e outro respóndeme fóra. Si, vostede respóndeme aquí, no pleno, e fóra respóndeme outro portavoz. *(Risos.)* Claro, entón, non sei a qué atañerme. Solo me queda unha cousa; solo, solo, solo creo... Creo que o máis importante é o seguinte, mire. Ayer vostede e eu falá-bamos, cando vostede me pregunta de que como vou a levar o tema: vou levar unha interpelación sobre o incumplimiento dos programas de tal. E eu pregunteille: ¿E tú que vas a dicir? E me dices: ¡Home!, pois aínda non o sei porque aínda non lin o programa noso. *(Risos.)* ¡Mal asunto, eh! ¡Mal asunto!, *(Aplausos.)*, ¡mal asunto! ¡Mal asunto se agora vostede me vén eiquí facendo todo esto! Se aínda non leu o programa, penso que este asunto débese de tomar con un pouco máis de seriedade.

Mire, a realidade da cuestión, a realidade da cuestión, señora conselleira, e aquí nos poden contar o que queira, pero os datos son evidentes: nunca hubo lista de espera en atención primaria, señora conselleira, nunca hubo lista de espera en atención primaria, e pasaremos á historia por ter lista de espera en atención primaria, e non de poucos días. ¿E eso donde está no balance de cumprimento? ¿Vostede se cre que eu me vou a crer o que agora anuncia o presidente da Xunta, que vén recollido nos medios de comunicación, que vai a colocar a asistencia primaria dándolle unha inyección –fixense ben o que vou a dicir, que o dixo na prensa– de mil

millones de euros? Bueno, mil millones de euros... Eu se realmente a inyección é de mil millones de euros, pois, evidentemente, entón si que nos colocamos... Pero é que hai que ter coidado como dicimos este tipo de afirmacións. E non podemos xogar co tema máis importante, que é a porta de entrada no sistema e que genera moita inquietud na poboación.

A vostede, señora conselleira, me pode dicir que agora pode facer un balance positivo, cando a nivel de lista de espera para consultas o que estamos é na espera da espera. O sea, hoxe, nos servicios de admisión, en moitos hospitales xa non dan cita. O que lle dicen é: Hoy no podemos dar fecha, ten que chamar dentro dun mes e lle daremos a fecha para ver cando entra na lista de espera. ¿Vostede cre que estes son datos de cumplimiento dun programa? ¡Home!, eu creo que esto merece unha reflexión. Estoulle falando dun sistema sanitario que, nunca me cansarei de dicilo, o mellor do mundo. Señor Rego, o mellor do mundo. *Lo público, ¡eh!, que quede claro.* Pero se nós non apoiamos e non somos capaces de reconocer as deficiencias e vimos aquí vendendo as motos que estamos vendendo, eu solo lle estou pedindo –fixese esta interpelación hasta qué punto é–: cumplan o que vostedes levaban no programa, cumplan. Pero non poden vir eiquí a dicir que teñen o nivel de cumplimiento sobre un tema tan importante como é a sanidade cando temos eses datos en listas de espera primaria e en lista de espera para consultas. E non quero falar das probas diagnósticas.

Entón, esto é o que realmente lles obriga a que fagan reflexións. E nós lle puxemos encima da mesa propostas, señora conselleira. E estamos todos de acordo, Bloque Nacionalista, Partido Socialista e Partido Popular; un decreto de garantías, 45 días, que nadie espere máis para consultas e para probas diagnósticas.

¿Donde está o seu decreto de garantías? Vostedes o que fixeron, ademais, é incumplir –que xa nos costou unha discusión en Sarria, creo que era Sarria, señor Cerviño–. Nós xa tiñamos na Losga recollido que o que sobrepasara 180 días para intervención quirúrgica había que financiarllo. ¿Acórdase que mediou na súa discusión o señor Ferreiro, o señor Ferreiro Abelleira, por aquela portavoz do Bloque Nacionalista Galego? E cando fomos a ver a Losga estaba expresamente recollido eso. ¿Que me vén a vender aquí, señora con-

selleira, dun tema que xa estaba recollido? Vostede o que fai é botalo abaixo e o bota, ademais, abaixo cando en determinadas patologías lle ofertan que vaia a determinado hospital donde sabe que non se lle poden facer, e como rechazan a intervención, porque os pacientes tontos non son, vostedes o borran da lista *y los pasan a la lista no estructural*, e de aí non salen. As perspectivas de saída do tempo da lista de espera non estrutural están indefinidas. E isto é grave. ¿Esto é o nivel de cumprimento?

¿Pero como se pode vir aquí a unha cámara, que é o reflexo do que hoxe temos na sociedade –nós somos representantes da sociedade–, e contarlle isto? A percepción da cidadanía é que está moi preocupada polo tema sanitario por esta situación que está vivindo. E ustedes nos veñen aquí a contar *la deuda, saneamiento, gestión de compras...* ¡Pero que me contan aquí, se a xente o que está é preocupada de como se lle atende ou como non se lle atende! ¿Pero donde están as propostas de programa que vostedes tiñan? Eu solo estou eiquí pedindo, e insisto, e non é..., é unha interpelación de axuda: cúmplase, cúmplase o recollido nos programas. Isto é o que se pide, non se pode pedir máis. Vamos a ver qué sistema de avaliación... Bueno, o sistema de avaliación xa llo direi eu; xa lle pasarán no momento oportuno como llo teñen que pasar, porque este nivel de cumprimento o que está é colocando á cidadanía na verdade dunha situación da que ve que non hai saída.

Nada máis, señora presidenta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor Santalices.

Ten a palabra a señora conselleira de Sanidade.

(*Pide a palabra o señor Pose Mesura.*)

Señor Pose, lle dou a palabra cando remate a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE SANIDADE (Rubio Vidal): Moitas grazas, señora presidenta.

E benvida, señora Ferreiro, porque, efectivamente, antes quería dicir moitos máis temas de cumprimento do programa

e tamén quería engadir que como moitas das cousas que vemos de cumprir tamén aínda queda moito por facer. O sabemos e somos conscientes de que temos moito aínda que poñer nesas bases deste sistema sanitario público que queremos que sexa sostible e que sexa de futuro para todos os nosos heredeiros, ¿non?

É certo que estamos a traballar en todos os ámbitos na coordinación da atención primaria, da atención especializada, donde non había nada feito, donde estaba realmente nunha situación de abandono a atención primaria. E despois lle comentarei un detalle e un exemplo dun centro de saúde, o antes e o despois, que é moi gráfico. Pero me pareceu moi importante, ademais, o que comentou sobre a muller. Eu tamén sempre tiven a percepción de que os programas, e non só os programas, senón as políticas do Partido Popular en canto á muller, dende logo, non miraban para nós, nin no parto humanizado, que estamos a poñer en marcha e que espero que no mes de outubro podamos nun hospital facelo realidade, nin nas interrupcións voluntarias do embarazo, que para eles, dende logo, non son deste mundo, nin nun embarazo sen risco que pode ser atendido e ben atendido polas matronas de primaria, etc., etc., etc. Efectivamente, no programa da muller, e non con a disculpa que eles poñían: que moita obxección de conciencia. Non é certo. Os profesionais o único que estaban era esperando a que unha administración se implicara, se comprometera.

E tamén quería mencionar, porque vostede que si é alarmista e que si que lle encanta esa vía: non compare con, dende logo, a señora Veiga Buxán, non o compare, non o pode comparar. Porque a situación lamentable de como deixou o señor Cacharro o psiquiátrico de Lugo, bueno, pois a verdade é que é para escribir páxinas e páxinas. Eso non é alarmismo, eso é dicir a verdade. Así que, por favor, non se compare nese tema. Vostede, dende logo, é o maestro do alarmismo nese senso. Pero é que ademais ten bos maestros nas súas filas, entón en eso sabe aprenderlo ben. Pensa que ese é o camiño, pois siga nese camiño, pero nós seguimos por un camiño de progreso, de transparencia e de dinamismo, de poñer en marcha as [...] cousas. Porque mire, lle pese ou non, a súa credibilidade, ¿que quere que lle diga?, está rotundamente quebrada. Nadie lle cre cando está a poñer todo ese alarmismo das listas de espera en primaria. Non é certo, e vostede o sabe. Non é certo. Sabe que pode haber puntualmente problemas de substitucións porque non temos

todos os profesionais que queremos. Por certo, non os temos porque vostedes fixeron unha política durante dezaseis anos de precariedade laboral, os botaron fóra, a Portugal. E encima, por riba, non foron quen de previr as necesidades de especialistas. Nosoutros aumentamos as acreditacións para formar MIR e, ademais, tamén se incrementaron as prazas de formar máis alumnos. E sabe, o dicía tamén o portavoz do PSOE: 3.000 postos de traballo fixo este ano na OPE deste ano. Eso supón reducir a interinidade nun 5%. Eso é facer política de persoal e non o que vostedes facían.

E, mire, do decreto de garantías, é que me dá a risa o que dice, pero si vostedes non o puxeron en marcha, se vostedes non o puxeron en marcha. ¿Como se atreve a decir aquí que está aquí a salvaguardar os decretos de garantías? Vostedes non o puxeron en marcha nin foron quen de poñerlo en marcha. Así que, por favor, o único que puxeron en marcha foron as fundacións, foi o único que souperon poñer en marcha: fundación por aquí, fundación por alá, todas a disolverse agora. Foron o único que puxeron en marcha. Así que...

E, ademais, dos temas de planificación, ¿que planificaron vostedes na área de Vigo?, dígame que planificaron, porque nin o hospital nin centros de saúde. ¿Sabe que deficiencia temos en centros de saúde en atención primaria en Vigo? Alomenos de seis. E, dende logo, do hospital facía anos que facía.

Mire, o antes e o despois, que quería comentarlle. Efectivamente, ¿sabe como estaba antes un centro de salud dunha localidade pequena? Pois, mire, os fax iban a unha entidade bancaria, os fax do sintrom, do resultado do sintrom, a unha entidade bancaria, porque nin tiña teléfono nin fax nin nada. E agora temos teléfono, PSX, profesional administrativo, dende logo temos fax, temos informatización, temos dous médicos fronte a un que tiñan antes, temos enfermeira e temos, ademais, unha ampliación prevista. Ese é o antes e o despois da atención primaria na que vostedes tiñan absolutamente abandonada.

Mire, para nós –lle dicía, xa llo dicía o portavoz do PSOE– é que a diferenza é que a sanidade pública para nós é o piar básico do benestar. É que para nós é un sistema de redistribución de riqueza, de cohesión social e para vostedes –hai que decirlo claramente– é unha forma de facer negocio, e se non mire para as comunidades de Madrid e de Valencia.

¿Que están a facer? Dándolle ás aseguradoras privadas a atención aos cidadáns. Non o faremos aquí. Ese non é o noso modelo, o modelo Alcira, modelo de hospital. Non é ese o noso modelo. Ese si é o seu modelo: enganar, enganar mesmo nos datos. ¿Por que non están incluídos nas estadísticas do Sistema Nacional de Saúde de lista de espera? Porque non o fan como vostedes mesmos dixeron, como a súa propia ex ministra o dixo. É que non o fan nin vostedes mesmos.

Mire, é que me falta tempo, la verdad. Me doe porque me falta tempo. Pero realmente o que non pode decir..., e mesmo vostede o sufriu en hemodinámica na súa terra. Pero, bueno, se non foron quen de poñer hemodinámica. ¿Ou es que a hemodinámica privada era o seu obxectivo? ¿Era ese o obxectivo que pensaban facer en Orense? Para nós, a hemodinámica pública, para todos, e con todas as garantías e con toda a calidade.

Así que, realmente non veña aquí a dicirnos que non estamos a cumprir; o que pasa, cumplimos o noso e o de vostede. Mesmo o 71% do seu programa o cumplimos, porque estamos a cumprilo encima por enriba das súas previsións, e, se non, a detección precoz da sordera, por lle mencionarle rapidamente algo. Vostedes, que garantían despois de gobernar dezaseis anos que garantirían un prazo máximo de 100 días de espera para as intervencións cirúrxicas; no programa páxina 124. Bueno, pero é que estamos a reírnos. Vostedes veñen aquí a dicir aos cidadáns que, bueno, que non cre no sistema público. Dígalo claramente.

Para nós o obxectivo é afianzar, fortalecer o carácter público, o carácter público do sistema sanitario, porque é, porque é un dos servizos máis prezados e valorados por toda a poboación.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señora conselleira.

¿Señor Pose, para que quere a palabra?

Denlle voz, por favor, ao escano do señor...

O señor POSE MESURA: Si, señora presidenta.

Fago uso da petición da palabra porque creo que fun aludido dun xeito personal nunha conversa privada, que pode

ter incluso unha valoración do traballo deste deputado na Cámara.

A señora **PRESIDENTA**: Pero vostede participou no debate. Unicamente...

O señor POSE MESURA: Si, pero fun aludido a posteriori. Queda en entredito o traballo deste deputado pola Cámara. Polo tanto, rógo lle que me deixe facer un uso breve para dar a miña versión desa conversación privada.

A señora **PRESIDENTA**: Ten vostede un minuto desde o escano.

O señor POSE MESURA: Si. Gracias, señora presidenta.

Ao marxen do estilo e da elegancia de traer ao pleno da Cámara as conversas privadas que podamos ter entre os deputados, ao marxen deso, ao marxen deso, señor Santalices, para outra vez non se fíe demasiado de min porque eu a veces cando falo con vostede pónome ao seu nivel. Primeiro punto.

Segundo punto. Para que o tranquilice, o programa electoral do Partido Socialista non solo o lin moitas veces, senón que fun coautor; con outros compañeiros axudei a redactar ese programa. Polo tanto, para o seu coñecemento e para outras veces sepa que eu cando falo con vostede moitas veces me poño ao seu nivel. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor Pose.

(Píde a palabra o señor Santalices Vieira.)

Señor Santalices, un minuto.

O señor SANTALICES VIEIRA: Señora presidenta, moitas grazas.

Eu fago uso dunha conversación frívola; non ten, para empezar, ningunha maldad. Quizá ten máis maldad se vostede analiza o que dice aí sobre determinadas propostas que eu trouxen a este Parlamento. Porque vostede hoxe aquí o único que fixo foi descalificar un traballo que eu veño traendo ao Parlamento que me ten costado o meu esforzo..., a que vén aquí. Vostede si que fixo aquí unha descalificación das

propostas. Eu o que lle digo, en todo caso, é: *Oiga, en los debates, como se produzcan, sin herir.* Non creo que o que lle dixera hoxe a vostede ten nada de ferir, ¡eh! Pero o que lle digo ao mellor di desde a tribuna si que fai dano, ¡eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Isto que quede claro.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas.

O señor SANTALICES VIEIRA: Nada máis, señora presidenta. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: No, cancelado... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Canceladas as aclaracións, o que lle pego é que ao mellor falen máis, ou menos, depende de como se mire.

Pasamos ao punto número 9... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Por favor, lle pego que guarden silencio. Lles pego que guarden silencio. Lles pego que guarden silencio. Lles pego que guarden silencio.

Pregunta de D.^a María Modesta Riobó Dios, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a promoción social das persoas maiores

A señora **PRESIDENTA**: Lles pego que guarden silencio.

O punto número nove, de preguntas ao Goberno, comezando pola do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, sobre a promoción social das persoas maiores.

Para formular a pregunta ten a palabra a señora Riobó Dios.

A señora RIOBÓ DIOS: Moitas grazas, señora presidenta.

Señor vicepresidente, é certo que vimos observando que unha das prioridades da política que se vén desenvolvendo dende a Vicepresidencia da Xunta é a atención e, así mesmo, a promoción do benestar das persoas maiores. Dende logo, aténdese así unha obriga, a obriga que ten un goberno de crear esas condicións que permitan que todos os cidadáns poidan gozar dos máximos niveis de benestar a través duns servizos sociais públicos de calidade, e co que se intenta superar tamén a herdanza recibida neste eido.

O número notable de persoas maiores na nosa comunidade e os limitados recursos de atención ás súas necesidades fixo que se puxeran en marcha medidas importantes que poideran paliar esta situación. Hoxe coñecemos esas liñas de actuación que se impulsaron dende a Vicepresidencia, en colaboración tamén con outras administracións e entidades. Estamos a falar da constitución do SOGASERSO ou da creación do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar, hoxe instrumentos indispensables para poder desenvolver un novo modelo de servizos sociais a través dunha verdadeira rede pública.

Estas medidas importantes van a posibilitar que o noso país conte con unha rede pública de equipamentos, con unha rede públicas de servizos, que por fin poida dar cobertura ás necesidades específicas que teñen hoxe os nosos maiores, así como tamén nos van a dar a posibilidade de poder atender a aqueles que padecen algún tipo de dependencia. Pero atender á promoción do seu benestar e da súa calidade de vida significa, ademais, garantirlles que poidan envellecer con seguridade e que poidan envellecer con dignidade. É necesario, polo tanto, que as persoas maiores poidan continuar ademais participando activamente na sociedade como cidadáns que son, con plenos dereitos.

Este é o motivo da nosa pregunta, señor vicepresidente da Xunta: ¿Cales son as liñas de actuación que se están a desenvolver, precisamente dende a Vicepresidencia, para favorecer a promoción social das persoas maiores da nosa comunidade?

Moitas grazas.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señora Riobó.

Ten a palabra o señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR SOCIAL (Quintana González): Moitas grazas, señora presidenta.

Señora deputada, gustaríame falar, máis que de medidas e de actuacións concretas, dun novo escenario no que estamos a traballar con ilusión. Primeiro trasladar un convencemento, que as persoas maiores, lonxe de ser un problema, eu considero que son unha grandísima oportunidade. Porei-

lle un exemplo. Posto que en Galiza somos un dos países de Europa cunha taxa de persoas maiores máis grande, máis importante, eu penso que nos debemos de marcar como reto –e dende logo este Goberno márcase como reto– conseguirmos que a través da atención ás persoas maiores Galiza sexa tamén o país de Europa que máis sabe, que máis pode innovar, nos proxectos de atención aos nosos maiores. Convertermonos, polo tanto, nunha referencia en toda Europa do que ten que ser a atención integral ás persoas maiores e á súa plena integración na sociedade. Polo tanto, non estamos a falar dun problema, estamos a falar dunha oportunidade. Pero, ademais deso, eu creo que temos que vencer, para conseguilo, romper co equívoco xuízo de que a vellez é unha etapa inactiva, improdutivo, unha etapa final, e recuperar, polo tanto, o papel protagonista que tiveron tradicionalmente en Galiza as persoas maiores. A eso están dirixidas as nosas actuacións, tendo en conta ademais que o 40% das persoas que viven en núcleos de menos de 100 habitantes en Galiza son persoas maiores. Estamos a falar, polo tanto, dun colectivo cualitativamente e cuantitativamente moi importante.

Por eso, ao longo deste ano, artellamos e deseñamos unha batería de iniciativas pensadas para un período de catro anos. Teño que dicir que toda esta batería de iniciativas impleméntase en 52 programas específicos, dos cales o 73% son programas novos e o 27% restante corresponden a actuacións que no pasado xa se puñan en marcha e que sufriron algunha modificación intentando milloralas. E este repertorio de programas ten cinco grandes liñas temáticas a cubrir: a rede de apoio da economía persoal, bautizada como coidanet; o programa de avellentamento activo, con catro liñas específicas: viaxes de lecer e relación social, educación para a saúde, formación e novas tecnoloxías, e diálogo interxeneracional. O terceiro programa é o programa para a promoción da autonomía persoal. O cuarto, un programa de convivencia social. E o quinto, a formación de profesionais e a sensibilización social e da comunidade.

Afrontar políticas de envellecemento activo e de promoción social dos maiores significa, dende o noso punto de vista, sobre todo e ante todo investir en saúde, pero sobre todo tamén investir en calidade de vida, e implica, polo tanto, frear e prever a discapacidade e dinamizar social e culturalmente un país. E digo ben, un país no seu conxunto, non só a xente maior.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor vicepresidente.

Señora Riobó.

A señora RIOBÓ DIOS: Moitas grazas, señor vicepresidente, pola súa reposta.

Dende o Bloque Nacionalista Galego entendemos que poñer en marcha e impulsar medidas que fomenten precisamente a integración social dos maiores na sociedade, facelos participar activamente na nosa sociedade, significa un gran avance para mellorar a súa calidade de vida. Non podemos esquecer que a súa calidade de vida depende en gran medida da capacidade de poder manter esa actividade, a súa autonomía e a súa independencia o máis tempo posible. Polo tanto, fomentar a autonomía das persoas maiores, fomentar a súa capacidade de tomar decisións con actividades que lles van a permitir coidarse, que lles van permitir seguir formándose, que lles van permitir viaxar e poder relacionarse con outras persoas, forman parte de actividades baseadas no principio de envellecemento activo e, polo tanto, van a permitir establecer esas condicións adecuadas para que poidan seguir prolongando a súa actividade na sociedade o máis tempo posible.

Dende o noso grupo queremos amosarlle a nosa satisfacción pola posta en marcha destes programas que recollen todos estes obxectivos, e sobre todo porque van a promover un cambio de actitude na sociedade actual en favor de recuperar eses valores positivos que os nosos maiores representan, en favor dunha maior sensibilidade social, de cara a evitar a soedade das persoas maiores e en aras de evitar o seu illamento. Trátase de que sexamos capaces de transmitir e de adquirir unha imaxe positiva da vellez.

Conta, señor vicepresidente, co noso apoio e co noso traballo nesa dirección.

Nada máis. Moitas grazas.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señora Riobó.

Señor vicepresidente.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR SOCIAL (Quintana González): Grazas, señora presidenta.

Señora deputada, permítame que ao fío da súa intervención insista no noso convencemento e na nosa ilusión por afrontar o reto que supón vincular o binomio xente maior e innovación. Pode resultar incluso chocante, sobre todo polo que poda significar de novedoso, pero estou convencido de que temos unha grandísima oportunidade nese campo.

A atención os nosos maiores non só é un comportamento de xustiza social senón que é unha inmensa oportunidade de desenvolvemento. Se queremos, podemos, e eu estou convencido de que a atención dos nosos maiores, nun país que ten unha taxa de poboación maior tan alta como o noso, ten que servir para colocar a Galiza na vangarda europea en este tipo de atención, e é en si mesmo un factor de desenvolvemento. Calquera pode comprobar como, por exemplo, todo o aparataxe clínico, todo o aparataxe instrumental, que forma parte dunha residencia de maiores ten a día de hoxe a súa construción fundamentalmente, e a súa fabricación, fóra de Galiza. Se nós vamos a pór en marcha, como estamos pondo en marcha, unha auténtica rede pública de atención aos nosos maiores, eso, ademais de servir como atención e polo tanto como xustiza para os nosos maiores, vainos abrir a posibilidade de implementar e de impulsar unha industria galega dedicada especificamente á construción dese tipo de material, e ademais utilizar a innovación para conseguir o grado de competitividade necesaria que nos coloque á vangarda de Europa en esos termos. Os maiores non son un problema, son unha oportunidade.

Na medida en que nós sexamos capaces de pór en marcha un servizo público galego de transporte adaptado, vamos a estar tamén marcando pauta non só para a atención dos maiores en Galiza senón tamén de como se deben de facer estas cousas no conxunto do territorio do Estado e tamén en Europa. Cando pomos en marcha instrumentos de innovación como é Coidanet, un portal telemático que conecta as persoas dependentes, os seus coidades e a Administración, estamos non só incidindo na necesidade de atención aos nosos maiores senón que estamos colocando a Galiza á vangarda da innovación no traballo de xustiza social que significa a atención ás persoas maiores.

Esa é, polo tanto, a nosa intención; ese é o noso traballo, e é o que hoxe podo trasladar á Cámara.

Moitas gracias. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor vicepresidente.

Pregunta de D. Diego Calvo Pouso e D. Enrique César López Veiga, do G. P. Popular de Galiza, sobre os motivos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para non convocar á TVG aos seus actos

A señora **PRESIDENTA**: Pregunta do Grupo Parlamentario Popular de Galicia sobre os motivos da Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar para non convocar á TVG aos seus actos.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Calvo Pouso.

O señor CALVO POUSO: Gracias, presidenta.

Señor vicepresidente da Igualdade e do Benestar, hai dous anos, mais de dous anos, que este grupo parlamentario vén denunciando a manipulación e a censura que ten como orixe a televisión de Galicia. Cada vez son máis os que coinciden na nosa visión dos informativos desta Teletouriño.

Empezou o señor Beiras, decindo que fora censurada por un comisario político a súa presenza na Radio Galega; seguiu o señor Jorquera, me parece que o coñece, que dixo que a Televisión galega estaba ao servizo do señor Touriño; incluso animouse vostede, e o seu partido denunciou a censura a que era sometida determinada peza informativa que contiña unhas declaracións de vostede cando ía ser emitida nun telexornal. Incluso hai pouco, en febreiro deste ano, o coronel da UPG dixo que os medios públicos galegos deixaban moito que desexar. Todos estes casos, todos estes casos, señor vicepresidente, non foron rectificadas nin polos seus propios autores nin por vostede. Incluso, como algún forma parte do seu partido, podíamos chegar a pensar que era parte da estratexia do seu partido, do que vostede é o máximo responsable.

Eu sei que vostede está preocupado e sei que non comparte a opinión que hoxe deu o presidente da Xunta e aquí

neste plenario, seica non se fía, e por iso dende Vicepresidencia encargaron un estudio, un estudio de seguimento das novas políticas dende o 1 de maio ao 31 de xullo. Ese estudio decía que, durante ese tempo, 626 novas tiveron como protagonista o señor Touriño, 161 o señor Quintana e 135 o señor Núñez Feijoo. Moi ben, ¿cal foi a reacción de Vicepresidencia? Pois tamén sabemos, porque houbo unha conversa convenientemente gravada e tamén filtrada, na que o seu secretario xeral chamaba a un alto cargo da televisión galega e o acusaba de censurar e de manipular información. Voulle dicir algunhas cousas das que decía, seguro que as coñece: 40.000 veces en 40.000 actos, referíase á censura hacia vostede. Que no salga, y punto. Lo que haceis todos los días, como buenos lacayos que sois. Lo habeis borrado, como hacía Stalin. É grave que un membro do Goberno, que un membro da Vicepresidencia, chame aos medios públicos para acusalos de manipulación e censura. E tamén é grave que Vicepresidencia, unha parte do Goberno, prohiba aos medios públicos entrar nos seus actos. Imaxínese a María Teresa Fernández de la Vega botando a Televisión Española das roldas de prensa. Non me diga que non é verdade, porque o propio director xeral da Televisión encargouse de deixar as probas, envioulle a vostede unha carta por rexistro explicándolle a situación. Nós sabemos que esta situación é verdade, a de manipulación e censura hacia a súa persoa e hacia o seu grupo, pero ¿que quere que lle diga?, nós xa temos bastante co noso, e si lle pasa a vostede eso sendo vicepresidente, ¡imagínese o que nos pasa a nós sendo da oposición! (*Aplausos.*)

Eu, en definitiva, quería saber si vostede mantén esa opinión crítica acerca dos informativos, que valores eses informativos: Un, nada plurais; dez, moi plurais. Xa sei que non se pode fiar dos socios, pero, sendo vostede vicepresidente da Xunta, ¿que ten feito para solucionar esta situación? Vostede é o número dous do Goberno, algo terá feito. Explíquenos aquí qué é o que ten feito. Moito non, porque este mesmo fin de semana nós si medimos os tempos. O Bloque Nacionalista Galego saleu 43 segundos, o seu portavoz parlamentario; o Partido Popular 35 segundos, a súa voceira adxunta; e o PSOE 7 minutos e 17 segundos. Moito non debeu de facer.

Nós queremos que cese automaticamente o director xeral da Compañía de Radio-Televisión. Queremos que se cumpla a lei que fala de imparcialidade, obxectividade e veracidade.

E imos traer de novo a este Parlamento unha iniciativa para que o seu director sexa nomeado por maioría cualificada. Esperemos que nesta ocasión vostede si apoie esta iniciativa.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Señor Calvo, señor Calvo, señor Calvo, vou a retirar, vou a pedir que se retire do *Diario de Sesións* a referencia ao coronel da UPG, que non sei a quen se refire. Se se refire vostede a alguén conocido, despois pode decir o nome.

Señor vicepresidente, ten a palabra.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González): Grazas, señora presidenta.

Señor deputado, eu penso que debía de ser unha boa técnica parlamentar que aquel que intente denunciar manipulación procure no seu discurso non incurrir no mesmo defecto da manipulación. E eu, dende logo, aplaudo todas as iniciativas que o seu grupo queira presentar nesta Cámara, incluída a que acaba de decir, que, como vostede sabe, forma parte do programa de goberno, do Goberno galego, e que, dende logo, nunca é tarde se a dita é boa. Se vostedes a presentan agora, polo menos se desdecirán de dezaseis anos de Goberno nos que fixeron exactamente o contrario.

O que si teño que decirlle –volvendo ademais á petición que de non se acuse de manipulación manipulando–, o que si tería vostede que concluír connigo, que non me terá escoitado nunca, publicamente nunca, nunca, criticar a actuación de ningún medio de comunicación, nin público nin privado, nin o fixen nin o farei, e moito menos se afecta directamente á miña persoa. É unha pauta de comportamento que sempre tiven e que sempre vou a seguir tendo. Confío plenamente na autonomía e na profesionalidade dos medios. Como é lóxico, e como lle pasará a vostede, unhas informacións e un produto informativo me gusta máis e outros menos, en calquera caso, en eso vai o gusto, pero intervención, ningunha; e valoración pública, pola miña parte, tampouco ningunha.

Como é lóxico, a Televisión de Galiza ten o seu propio criterio informativo e a Vicepresidencia ten o seu. E dende

un punto de vista puramente profesional poden existir, e de feito existen en máis dunha ocasión, contraindicacións e existen diferentes criterios ao respecto de como se debe de informar ou cal é o produto informativo a explicitar. Por suposto, sería ilóxico non recoñecelo. Agora, vostede non poderá decir, a non ser que se apunte á manipulación, de que a Televisión de Galiza ten absolutamente, tivo nunca ningún problema, os profesionais da Televisión de Galiza, para cubrir os actos da Vicepresidencia. Nin o tiveron nin o terán nunca. Eso pódollo asegurar, e ademais vostede sabe que é así. Polo tanto, se vostede está a denunciar unha suposta manipulación, pídlle que non manipule coas súas palabras. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor vicepresidente.

Señor Calvo Pouso, ten a palabra para o seu turno de réplica.

O señor CALVO POUSO: Gracias, presidenta.

A carta do director da Compañía de Radio Televisión dirixida a vostede entrou por rexistro e foi publicada, señor Quintana.

Vostede parece que non se quere enterar, ou polo menos aquí. Ese estudio decía que Touriño tiña catro veces máis de tempo ca vostede, e o do fin de semana noso inda decía que Touriño aparecía dez veces máis que vostede. Pero, ¡alá vostede se non se quere enterar!

Dixen que puxera nota á calidade informativa dos informativos da compañía. É moi sinxelo: Un, nada plurais; dous, ou dez, mellor dito, moi plurais. ¿Vostede que é o que opina?, ¿igual que o señor Beiras, que o señor Jorquera, que o señor Rodríguez, ou que mesmo o seu portavoz esta mesma semana, que decía que os informativos tiñan que valer para algo máis que para que as familias de algúns conselleiros soupesen se ían comer á casa ou non? ¿Opina coma el ou non opina como el? *(Aplausos.)* Quizais vostede opina igual que a portavoz do seu grupo, que hai escasos meses, señor vicepresidente, decía que a situación dos medios públicos era inmellorable, que nunca foran máis plurais que ata o de agora. Está publicado no *Boletín do Parlamento* con data 13 de xuño deste mesmo ano.

Mire, si e certo que é grave, si é certo que vostede opina igual que a súa voceira, ¿para que montaron todo este lío? ¿Para que fan falla unhas gravacións entre un membro do Goberno e os dos medios públicos? ¿Por que se teñen que filtrar? ¿Por que ten que haber un cese despois de todo isto? Porque supoño que se trataría dunha discusión acerca da autonomía e non do dominio dos medios públicos, ¿verdade, señor Quintana? Hoxe o señor presidente aquí no Parlamento dixo que a Televisión Galega respondía ao exercicio da responsabilidade da persoa que dirixe. ¿Está vostede de acordo con eso? Entendo a súa desconfianza, por eso fixeron vostedes ese estudio, por eso fixeron ese estudio.

¿Que lle vou a contar? Eu desconfiaría de un socio que grava as miñas conversas, desconfiaría de un socio que filtra esas conversas privadas —como decía fai pouco outro deputado nesta Cámara—. Desconfiaría de un socio que sae nos informativos catro veces máis e desconfiaría de un socio que, cando se ofrece información acerca da Vicepresidencia, a ofrece como líder do Bloque Nacionalista Galego e non como vicepresidente do Goberno. Un socio que prohibiu ata un programa de humor como eran Os Galenecos. ¿Se acorda vostede que o director da Televisión galega dixo que non sabía, que non sabía que escusa poñer cando vostede lle preguntaba nos pasillos por que non saía en antena ese programa? Eu desconfiaría dese socio. Pero vostede prostituíu os seus principios, e os prostituíu cando cesou o número dous da súa consellería por este tema, por este tema, independentemente dos cartos que puidera obter o seu partido ou os seus conselleiros nas súas partidas presupostarias.

¿É certo que nesa crisi, nesa reunión de solventar esa crisi, vostede puxo enriba da mesa, puxo enriba da mesa, estas probas, que puxo xa esa carta...?

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Calvo.

O señor CALVO POUSO: Xa remato, señora presidenta. ¿Púxose esa carta enriba da mesa do director xeral? ¿Púxose esa conversa gravada dunha maneira un tanto..., un tanto dudososa, entre un membro do seu Goberno e a Televisión Galega?

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias.

O señor CALVO POUSO: ¿Púxose enriba desa mesa? *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Calvo.

Señor vicepresidente, ten vostede a palabra.

O señor VICEPRESIDENTE DA IGUALDADE E DO BENESTAR (Quintana González): Grazas, señora presidenta.

Señor deputado, a vostede véxoo interesado por saber como opino e se coinciden as miñas opinións coas de outras persoas ou non. Teño que dicir que do que estou completamente seguro é que non coincide a miña opinión ca súa. E non coincide a miña opinión ca súa porque, ademais do que vostede acaba de verter eiquí, como sempre lles pasa a vostedes ou como moitas veces lles pasa, pois se pasan de frenada, e en vez de perder a oportunidade de verter a súa opinión ao respecto do que pode ser a política informativa, aproveitan para mezclar absolutamente todo. E aquel que denuncia a manipulación utiliza a manipulación como base fundamental da súa argumentación, mezclando ceses, reunións e o que faga falta unicamente para intentar, nos dous minutos de gloria, falar absolutamente de todo, que é o mellor método de non falar absolutamente de nada.

Mire, eu o que si lle podo dicir é que considero un tremendo erro, un tremendo erro —ademais da mala educación que outros poden facer—, un tremendo erro, pensar que, cando falamos de política informativa, a bondad ou a maldad dun ente público se basee en canto tempo sale cada un, independentemente de que eso sexa un barómetro para medir o que usted considere oportuno. Pero, dende logo, eu, que nunca fixen unha crítica pública nin aos medios públicos de comunicación nin aos privados, dende logo nunca medirei a miña valoración dun medio de comunicación unicamente polo que poda salir eu ou deixe de salir. Para min un medio público de comunicación en Galiza o que máis me importa é que sirva para construír país. E para eso é para o que estarei preocupado, *(Murmurios.)* nin máis nin menos.

Vostede parece moi preocupado exactamente polo outro e só polo outro. E parece ser que eso é o lle move agora a propor unha lei que antes non propuña, simplemente porque antes salían moito, e como agora non salen, agora é cando hai que cambiar a lei. *(Aplausos.)* Eso é unha equivocación, eso é unha equivocación.

E téñolle que decir ademais, e téñolle que decir ademais, que vostede seguramente, se o guiara unha guía coherente no que pretendidamente na pregunta querían plantexar, seguramente acabaría por darse conta de que equivocouse de sesión de control, entre outras cousas porque vostede fala de ceses do director da Televisión. Nin eu teño a potestade de cesar o director da Televisión, e este Goberno o que vai a velarse sempre moito é de manter a autonomía dun ente que ten que servir a todos os cidadáns. Vostede eso primeiro teno que ter en conta.

Segunda cousa que ten que ter en conta. Se vostede considera, e ademais –según di– ten probas ou di que esas probas mesmo son públicas de que existen funcionamentos irregulares na radio pública e na Televisión de Galiza, a quen ten que controlar é precisamente á dirección do ente, que, por certo, o seu partido ten unha importante representación no Consello de Administración. É aí a onde ten que dirixir a súa labor de control, dende logo, non a este vicepresidente, que, repítolle, nunca emitirá en público ningunha opinión ao respecto de ningún medio de comunicación, nin públicos nin privados. Inda que, como vostede pode comprender, unhas veces me gustan e outras non.

Unha última cousa. Me faltarían métodos de valoración, porque si lle reconozco, e téñolle que reconocer, de verdade, que no que se refire aos informativos da Televisión de Galiza e aos informativos da Radio de Galiza nin sequera teño oportunidade de velos nin de escoitalos, como outros, porque non teño tempo nin para eso nin para outras cousas.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor vicepresidente.

Pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista...

(A señora Riobó Dios pide a palabra.)

¿Si, señora Riobó?

A señora RIOBÓ DIOS: Eu quero responder porque...

A señora **PRESIDENTA**: Pero, señora Riobó, dentro do debate –me vai a perdonar–, dentro do debate político, pois

se fan referencias aos diarios de sesións e aoutras intervencións, e non por eso nos podemos dar por aludidos, porque se non sería interminable.

Eu non percibín, non percibín que na alusión que fixo vostede fora ningunha alusión ou que lle faltara ao respecto. Bueno.

Vamos a proseguir, se lle parece.

Pregunta do D. Xosé Ramón Paz Antón, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a repercusión da declaración de Ben de Interese Cultural na protección, valoración e divulgación dos castros

A señora **PRESIDENTA**: Pregunta do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego sobre a repercusión da declaración de bens de interese cultural na protección, valoración e divulgación dos castros.

Para formular a pregunta ten a palabra o señor Paz Antón.

O señor PAZ ANTÓN: Grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señora conselleira de Cultura e Deporte.

A pregunta que lle formulamos ten relación co patrimonio cultural de Galiza e coa súa necesaria protección. Concretamente falamos dos castros, que son os testemuños dos primeiros asentamentos urbanos do noso país, entre o século XI antes da nosa era e ata os castros xa romanizados do século IV. A inmensa, a grandísima importancia deste patrimonio está fóra de dúbidas, pero tamén é certo que no pasado houbo unha falta de celo na salvagarda desta parte da nosa herdanza cultural. Ás veces semellaba que as pedras vellas e os restos agochados baixo terra, ou mesmo o patrimonio oral asociado a este tipo de restos, non tiñan o valor que ninguén discutiría noutro tipo de patrimonio. Moitas persoas, entre elas aquelas que tivemos ocasión de participar na política municipal, sabemos da cantidade de restos arqueolóxicos que foron destruídos no pasado –enterramentos funerarios, dólmenes, mámoas, etc.– sen que as denuncias foran atendidas, perdéndose os expedientes nos labirintos administrativos coa complicidade de autoridades locais, que minimizaban a importancia legal deste patrimonio.

Para algúns o patrimonio é un problema. Para algúns o patrimonio é un problema para os seus plans de especulación. Para o BNG o patrimonio debe contar coa protección e valoración que, segundo os diversos graos de importancia, contempla a Lei 8/95, do patrimonio cultural de Galiza. Resulta sorprendente que, respecto aos castros, figuren protexidos unicamente como bens inventariados e que tan só dous teñan a categoría BIC, a categoría de ben de interese cultural. Son os castros de Elviña e de Santa Tegra, na Guarda. Parécenos que é esta unha situación que debemos mellorar para superar esta deficiencia na protección legal da nosa cultura castrexa. Coincidindo coas intencións declaradas polo seu departamento para avanzar nesta dirección, mostramos o noso interese en coñecer as medidas previstas a tal fin e en que sentido pode repercutir na protección, na valoración e na delugación desta parte do noso patrimonio a declaración de ben de interese cultural.

Moitas grazas.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Paz Antón.

Señora conselleira de Cultura, ten vostede a palabra.

A señora CONSELLEIRA DE CULTURA E DEPORTE (Bugallo Rodríguez): Señora presidenta.

Señor deputado, como vostede ben di, efectivamente, só dous dos castros de Galicia teñen neste momento acadado a máxima categoría de protección, que é a declaración como ben de interese cultural, o cal resulta sorprendente tendo en conta que a cultura castrexa conforma en Galiza unha etapa fundamental, que non só tivo unha importancia histórica senón que ademais derivou en multitude de fórmulas que aínda hoxe en día, a nivel de ordeación do territorio, a nivel da nosa paisaxe, siguen marcando moito o que é o noso presente.

Por esa razón, e sobre todo porque incluso esa riqueza patrimonial, a pesares de non ter esa cualificación máxima, si é certo que vén conformando parte do imaxinario colectivo. Calquera galego en calquera zona coñece ben o que son os castros máis representativos, e, polo tanto, sería esta administración a que tería que inmediatamente facer cumprir esa débeda que temos coa nosa cultura castrexa.

Por esa razón, e porque só dous castros –que son Tegra e Elviña– teñen esa cualificación, o que facemos neste momento é todo un traballo de estudio para poder incoar o expediente de declaración de vinte castros. Vinte castros dos que estamos a falar darlle a calificación máxima da nosa Lei de patrimonio cultural do 95, e vinte castros que ademais pensamos que son unha mostra bastante representativa e que están espallados polas catro provincias. Ademais, eles nos servirán para observar igualmente cómo esa implantación tivo unha continuidade durante a época romana e cómo ademais se conseguiu que en certa medida esa posibilidade de conservación que aínda temos na actualidade, se facemos a partires de agora esta medida, sexa conseguido, dende logo, indefectiblemente, que a súa conservación esté garantida.

Os vinte castros aos que estamos a referirnos neste estudo que se está a facer son, na provincia de Coruña, os castros do Neixón, en Boiro; Borneiro, en Cabana de Bergantiños; Castro Lupario en Brión e Rois; Punta dos Pardos en Ortigueira, e, por suposto, o Castro de Baroña. Na provincia de Lugo: Viladonga, en Castro de Rei, onde o seu museo como tal xa goza da declaración de ben de interese cultural; o Castro de Vilar e o Castro da Torre no Caurel; o Castro de Santa María en Cervantes; Fazouro en Foz; e Castro Maior en Portomarín. Na provincia de Ourense: o Coto do Mosteiro, no Carballiño; Castromao en Celanova, o Castro de Salceda e o Castro de San Millao, en Cualedro; o Castro e a vila romá de San Tomé en Ourense; San Cibrao de Las en San Amaro, en Punxín, donde ademais se está construíndo un dos centros de referencia da Rede Galega de Patrimonio Arqueolóxico. E, por fin, na provincia de Pontevedra: Penalba, en Campo Lameiro; o Facho de Donón, en Cangas do Morrazo; e Troña en Pontearreas.

Nestes estudos o que se fai é recoller toda a documentación existente sobre cada un dos xacementos, tanto o que é a documentación en arquivos como a documentación bibliográfica, e tanto aquela que foi o produto das prospeccións como aquela xa anterior.

Ademais, lxicamente, se vai a recoller todo aquel dato referido ao patrimonio inmaterial que está asociado a estes xacementos, é dicir, o denominado folclore arqueolóxico, todos aqueles aspectos vinculados á toponimia, á etnografía e á antropoloxía, que son ademais igualmente identitarios da nosa cultura.

Esta documentación é a que vai servir posteriormente para esa incoación de cada un dos expedientes de BIC, coa súa delimitación de cada ben en concreto e do seu contorno de afección e protección.

E, por suposto, para estes expedientes serán escoitadas as administracións e persoas interesadas. Porque, ademais, pensamos en que hai que afondar en conseguir que estas declaracións sirvan para protexer mellor, para conservar máis axeitadamente e, sobre todo, tamén para difundir máis amplamente un patrimonio arqueolóxico tan singular como é o castrexo. Pero, ademais, tamén teñen que servir para facelo compatíbel con un desenvolvemento sostíbel. Unha declaración de ben de interés cultural o que vén é a ordear, a regular e a controlar esa conservación, pero permitindo sempre a súa harmonía dentro do desenvolvemento.

Por esta razón se fala neste momento da incoación destes vinte BIC de interés cultural; e ademais cun plantexamento que é unha referencia a esa cultura castrexa coa que temos unha débeda.

A señora **PRESIDENTA**: Vaia rematando, señora conselleira.

Moitas grazas.

Señor Paz Antón, ten vostede a palabra para a rolda de réplica.

O señor PAZ ANTÓN: Moitas grazas, moitas grazas, señora presidenta.

Moitas grazas, señora conselleira, pola súa resposta. Coincidimos, dende logo, coa necesidade da medida que acaba de explicar porque, en definitiva, unha catalogación na categoría BIC asegura unha mellor protección deste patrimonio que temos espallado por todo o territorio.

É certo, é indiscutíbel, que os castros representan ademais unha parte sobranceira do noso patrimonio que son importantes tanto na súa cantidade como na súa morfoloxía e que dotan ao noso país dunha profunda identidade e que son unha fonte arqueolóxica para o coñecemento do noso devir histórico.

Precisamente a dispersión no territorio dos castros, sumada á súa abundosa cantidade, ás variadas morfoloxías

ás que aludín e ás distintas etapas históricas que representan, lévanos a pensar se a medida anunciada agota a previsión de declaracións de BIC para os castros ou se debe ampliarse no futuro a listaxe que vostede acaba de referir.

Máis nada, tan só me queda reiterarlle a valoración positiva que o Bloque Nacionalista Galego fai desta medida e agradecerlle a súa resposta.

Máis nada, señora presidenta.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor Paz Antón.

Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE CULTURA E DEPORTE (Bugallo Rodríguez): Señora presidenta.

Señor deputado, non, non se esgota aquí. Evidentemente, estes vinte castros están escollidos como unha mostra representativa e por eso falábase ademais da súa distribución por toda a xeografía de Galicia; pero, dende logo, este programa de protección e de conservación ten que ir máis alá. E xa neste momento a propia Dirección Xeral de Patrimonio está realizando un estudio para que nun futuro próximo —e estamos a falar xa do vindeiro ano— continuar neste programa de conservación e de cualificación máxima dos nosos castros.

Pero tamén facéndoo dende un punto de vista ordeado, é dicir, preparando precisamente o que van a ser eses futuros castros declarados BIC para que estén preparados para visitas e, polo tanto, facendo neste momento o traballo de escavación e o traballo de adecuación para a súa visita.

Nestes casos tamén o que se está a facer é o traballo previo de documentación. Polo tanto, non só se está traballando sobre os vinte dos que estamos a falar, senón tamén se está traballando sobre eses outros que o próximo ano, o vindeiro ano, tamén pensamos declarar bens de interés cultural.

Agardamos que en todo ese traballo a colaboración, que necesitamos, de todas as institucións sexa a máxima posible, porque penso que igualmente que o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, toda a Cámara estará encantada deste traballo de protección que se está a facer ca nosa

cultura castrexa. Porque a maiores, ademais, temos que lembrar que neste momento esta consellería o que está a levar adiante é a defensa da candidatura da cultura castrexa como patrimonio cultural europeo. É unha razón tamén importante para facer un traballo de revalorización neste momento de toda a nosa cultura castrexa, que nós sabíamos que era unha asignatura pendente, que non fora realizado con anterioridade e, dende logo, que agora se afianza moito máis se queremos levar adiante esa candidatura.

Este ano conseguimos o galardón para o Cabo Fisterra, como patrimonio cultural europeo, pero a proposta de declaración que pretendemos para a cultura castrexa abrangue máis alá de Galicia porque son os poboados fortificados tanto de Galicia como de Asturias como da zona noroccidental de Castela-León e o norte de Portugal até o Douro.

Pensamos, ademais, que esta opción, que vai poder levar a cabo unha candidatura común con outros estados, pode crear unha proposta interesante que ademais teña como fondo unha forma de civilización moi característica, europea, nestas zonas.

E, en definitiva, seguiremos adiante con este traballo porque, por unha razón fundamental que coñece ben toda a nosa cidadanía, os castros son indisolubéis da nosa propia paisaxe, do noso propio territorio, e son ademais un fiel reflexo de cómo foi a nosa forma de habitar e marcaron a miúdo cómo é incluso a nosa forma de habitar na actualidade.

A miúdo, cando os visitantes ven un castro pensan que todos son iguais, pero en realidade todos sabemos que a pouco que se lles explique e que se lles forneza de toda a información necesaria poderán comprender como cada un deses poboados ten unha historia propia. Esa historia, ademais, é a historia que conta o noso presente porque, como ben sabemos todos os que estamos aquí, e que somos galegos e galegas e temos coñecemento de abondosos castros, eses marcaron non só a nosa cultura senón unha forma de ordenación do territorio moi típica.

Entón, polo tanto, penso que para entender á Galiza actual tamén temos que pagar esa débeda ca nosa cultura castrexa, que explica moitas das cuestións relativas ao noso territorio actual. *(Aplausos.)*

A señora **PRESIDENTA**: [...]

Pregunta de D. José Manuel Balseiro Orol, do G. P. Popular de Galicia, sobre as xestións realizadas e as canles previstas para evitar que se produzan erros, omisións ou confusións na interpretación da normativa aprobada pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos que regula os períodos autorizados para a captura da nécora

A señora **PRESIDENTA**: Pregunta do Grupo Parlamentario Popular sobre as xestións realizadas e as canles previstas para evitar que se produzan erros, omisións ou confusións na interpretación da normativa aprobada pola Consellería de Pesca.

Ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Gracias, señora presidenta.

Señora conselleira, a improvisación é falta de dilixencia que caracteriza a xestión do departamento autonómico que vostede dirixe está a provocar un gran malestar no sector pesqueiro e marisqueiro.

Neste senso temos que subliñar a existencia de varios episodios de tensión producidos entre as distintas confrarías de pescadores da ría de Arousa como consecuencia directa de erros, omisións ou confusións ás que induce a normativa aprobada pola Consellería de Pesca e a súa negligente actuación.

O pasado mes de xaneiro a confraría do Grove enfureceu ao resto das confrarías da ría de Arousa tras prolongar unilateralmente a súa campaña de recollida da nécora, a pesar de que estaba en vigor a veda da captura deste produto. Todo o sector ten asumido que a prohibición de capturar este crustáceo arranca ano tras ano na víspera da festividade de Reis, situación que no 2007 non foi diferente.

En todo caso o pósito grovense alegou que a súa actuación foi resultado dun erro na interpretación das normas que regulan os períodos autorizados para a captura deste recurso. Mais esta non é a única anomalía que podemos atribuír do departamento que vostede dirixe.

Consta tamén, a través das informacións reflectidas nos medios de comunicación e as testemuñas dos que presenciaron ditos feitos, que os barcos do Grove estiveron sacando

nasas durante ese período de veda diante dos medios de vixilancia dispostos por Pesca. O que demostra certo compadreo e complicidade desde a propia consellería con esta actuación totalmente irregular.

A Consellería de Pesca tampouco fixo nada ante outra irregularidade evidente ao non publicar as vendas rexistradas na lonxa da confraría do Grove.

Falamos dunha transgresión evidente do Decreto 419/1993, que obriga a facer as comunicacións das vendas das lonxas nun prazo non superior ás 24 horas. Unha comunicación que se evitou probablemente para ocultar as capturas producidas en período de veda.

Hoxe podemos comprobar que entre o 5 do 1 do 2007 e o 12 do 1 do 2007 houbo vendas de nécora na lonxa do Grove, que estaba en veda, e na vendeduría de Ramón Álvarez integrada neste mesmo pósito.

En resumen, señora conselleira, o seu departamento debe explicar estes feitos e a complicidade do departamento que vostede dirixe con respecto ás irregularidades detectadas, e o que aínda é moito máis importante: as xestións desenvolvidas desde a súa consellería para evitar este tipo de episodios nos que, unha vez máis, a consellería é cómplice de múltiples irregularidades.

Por eso preguntamos, señora conselleira: ¿que xestións realizou a Xunta de Galicia e cales pensa realizar no futuro para evitar que se produzan estas situacións, posto que inducen á confusión e provocación, graves situacións de enfrontamento entre as distintas confrarías de pescadores de Galicia?

Moitas grazas, señora presidenta.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas grazas, señor Balseiro.

Ten a palabra a señora conselleira de Pesca.

A señora CONSELLEIRA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (Gallego Calvar): Moitas grazas, señora presidenta.

Boas tardes, señoras e señores deputados.

Creo que é a miña obriga hoxe, como conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos, en primeiro termo dirixirme

á Cámara galega na que estamos, na que están representados os cidadanos a través dos deputados dos que eu tamén formo parte, para comunicarlles unha magnífica noticia que acabamos de coñecer, e é que a Comisión Europea vén de ratificar no día de hoxe o rexistro definitivo da denominación de orixe protexida do mexillón de Galicia e, polo tanto, temos xa o primeiro produto do mar en toda a Unión Europea coa denominación de orixe protexida, que como ben saben as súas señorías había sido... (*Aplausos*.) ...que como ben saben as súas señorías había sido publicado o reglamento no *Diario Oficial das Comunidades Europeas* o 28 de decembro do pasado ano e que tiña un período de seis meses nos que outros países membros ou outras organizacións podían presentar alegacións, cousa que non foi así, e polo tanto hoxe a Comisión Europea nos comunicou esta boa nova. E eu quero dende aquí, co permiso da señora presidenta e da Cámara, e supoño que no nome de todos os que están na Cámara, trasladarlle a felicitación a todos os produtores de mexillón de Galicia polo traballo feito e por este recoñecemento da Unión Europea.

Señor deputado, creo que teño máis novas aínda boas para darlle a vostede acerca, neste caso, da nécora, un produto que neste momento está á venda en todas as lonxas do noso país porque está aberto o período de extracción, como ben sabe a súa señoría, ata o 31 de decembro; e un produto que segundo as estadísticas das que vostede facía alusión, no ano 2006, que foi a última campaña completa, incrementou a súa venda nas lonxas da Comunidade Autónoma de Galicia en un 26,2% máis do promedio do período histórico de vendas do 1997 ao 2005; un produto, polo tanto, que goza dunha magnífica saúde tanto no que é o *stock* como no que é, como ben saben as súas señorías, a súa calidade. Non só a nécora está a ter un avance significativo nas estadísticas e na comercialización no noso país, senón que todos os produtos, afortunadamente, da pesca da baixura teñen incrementado notablemente nos últimos dous anos as súas vendas en lonxa e, polo tanto, isto é beneficioso para os pescadores. Temos un incremento total nas lonxas da Comunidade Autónoma galega, dos produtos da baixura, en máis dun 6% de vendas e, polo tanto, creo que estamos a gozar no conxunto do sector pesqueiro e da flota artesanal e do marisqueiro de Galicia dun bo momento en canto ás capturas e en canto, polo tanto, ao traballo dos produtores. E eu creo que os produtores ben saben que isto é así, e o esforzo é, por suposto, deles pero

tamén algún mérito terá a actuación do Goberno da Xunta de Galicia.

Esta pregunta que vostede fai, sabe vostede ben que, ademais de haber sido xa respostada na Comisión de Pesca do Parlamento de Galicia, señora presidenta, resposto na segunda, se non lle importa.

Gracias.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias.

Gracias pola súa comprensión, señora conselleira.

Ten a palabra o señor Balseiro Orol.

O señor BALSEIRO OROL: Gracias, señora presidenta.

Señora conselleira, alegrámonos desa denominación de orixen desde o grupo maioritario desta Cámara. Espero que comparezca vostede neste Pleno para explicar e aclarar moitas dúbidas que hai sobre esa denominación de orixen e, se non, lle vamos pedir nosoutros a comparecencia, e espero que remita a documentación e o expediente que lle ten pedido este deputado desde fai máis de tres meses. Para empezar por aí.

E seguindo, señora conselleira, as súas explicacións non nos convencen, porque vostede non contestou a nada do que nosoutros lle preguntábamos. Pretende eludir toda a responsabilidade ante uns datos demoledores que amosan a falta de iniciativa dos organismos de control da Consellería de Pesca e, en todo caso, a súa complicidade unha vez máis con determinados feitos irregulares. Este espacio temporal aparece definido no artigo 6 da Orden do 4 de xaneiro de 2006, na que se aproba o Plan xeral de explotación marisqueira, indicando que o período autorizado vai desde o 2 ao 5 de xaneiro e desde o 20 de xuño ao 29 de decembro; en senso contrario dedúcese que entre o 5 de xaneiro e o 20 de xullo a nécora permanecía vedada e houbo ventas en esa lonxa.

Pero, señora conselleira, o único que lle pide este deputado, o único que lle pide este grupo é: ¿por que en xaneiro deste ano non contábamos cun plan de explotación marisqueira do 2007?, ¿por que?, ¿cal é o motivo polo que se a normativa é tan clara, como vostede acaba de dicir, a conse-

lleira non actuou de xeito inmediato para evitar que a confraría do Grove seguira transgredindo en as nécoras en período de veda? ¿Pode explicar a señora conselleira que xestións fixo para sancionar o incumprimento do Decreto 419/1993, que obriga a publicar as poxas das lonxas no caso da Confraría do Grove e no caso das confrarías de Galicia en 24 horas? ¿Pode explicar a señora conselleira por que os medios de vixilancia dispostos da consellería permitiron que...

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL:... –termino, señora presidenta– por que as embarcacións do Grove...

A señora **PRESIDENTA**: Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL:... continúan extraendo nasas e nécora en período de veda...

A señora **PRESIDENTA**: Señor Balseiro.

O señor BALSEIRO OROL: Si, señora presidenta, era se me deixaba vostede terminar o párrafo.

Nada máis, moitas gracias.

A señora **PRESIDENTA**: Non, é que non lle podo deixar terminar, porque vostede ten unha pregunta escrita e o que non pode é chegar aquí e seguir facendo preguntas. A súa pregunta a ten escrita, ¿entende? Leva usted facéndolle preguntas á señora conselleira... ¡Claro!, é que iso non é unha pregunta. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Me vai a perdonar, me vai a perdonar. Xa sei que non o fai vostede solo, que o fan moitos deputados, pero vostede non está argumentando, está preguntando. Pois a pregunta da señora conselleira, a señora conselleira xa está por escrito.

Ten o turno a señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (Gallego Calvar): Gracias, señora presidenta.

Como estaba a dicir na resposta anterior, o señor deputado sabe de sobra, e os deputados que pertencen nese caso á Comisión de Pesca do Parlamento de Galicia, que esta pregunta foi respostada xa na Comisión de Pesca do

Parlamento de Galicia o día 14 de maio do presente ano e, polo tanto, o señor deputado ten a costume de presentar sobre un mesmo asunto distintas preguntas en distintos ámbitos parlamentarios para seguir sobre unha cuestión que, ao meu xuízo, nin é relevante nin é de actualidade. Pero, en calquera caso, eu voulle reiterar o que xa se lle manifestou por parte da Consellería de Pesca con data do 14 de maio do ano 2007, donde se explicitaba claramente, señor deputado, que con data do 15 de decembro do ano 2006 a Dirección Xeral de Recursos Mariños da Consellería de Pesca trasladoulle unha comunicación a todas as confrarías de pescadores de Galicia anunciándolle cales eran os períodos de explotación para as distintas especies no ano vixentes para o ano 2007. Polo tanto, todas as organizacións do sector tiñan información con a suficiente anticipación e información veraz a cerca de como tiñan que actuar diante das aperturas ou dos peches de cada unha das especies marisqueiras ou pesqueiras durante o ano 2007. Como sei que por moito que eu conteste, por moito que contesten os meus directores xerais, o señor deputado nunca vai quedar conforme, eu xa, señora presidenta, enténdame, teño pouca capacidade xa para seguir contestándolle ao señor deputado por unha pregunta que xa fixo en moitas ocasións. O que si me chama a atención é o seu enfado permanente, non sei se será..., non sei se teño que felicitalo ou darlle o pésame, porque non sei dentro do seu grupo se vostede é dos que saíron ganando ou perdendo con esto das..., dos nomeamentos das novas portavocías, ou con esta reflexión longa que fixo o seu grupo para acceder ao novo período de sesións (*Murmurios.*), pero en calquera caso, en calquera caso, en calquera caso, señor deputado, vostede sabe que eu estou disposta sempre a comparecer no Pleno desta Cámara e nas comisións e, por suposto, estarei encantada de vir ao Pleno da Cámara a explicar como tivemos que traballar as administracións comunitaria, estatal e galega, a de agora, o Goberno de Galicia actual, para conquistar unha denominación de orixen que o Goberno anterior había boicoteado e había intentado que se quedara dormida nun caixón de Bruxelas. Afortunadamente (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*), atopamos nos actuais xestores o suficiente respaldo para levar adiante esta denominación de orixen e vamos a seguir traballando non só nesta iniciativa senón en moitas outras para o sector pesqueiro que están a dar xa os seus resultados en base ás estatísticas que lles acabo de explicitar na miña resposta.

Máis nada e moitas gracias, señora presidenta. (*Aplausos.*)

A señora **PRESIDENTA**: Moita gracias, señora conselleira.

Pregunta de D. José Manuel Lage Tuñas, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as xestións realizadas pola conselleira de Pesca na súa visita oficial a Noruega

A señora **PRESIDENTA**: Última pregunta do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, sobre as xestións realizadas pola Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos na súa visita oficial a Noruega.

A señora **PRESIDENTA**: Para formular a pregunta ten a palabra o señor Lage Tuñas.

O señor LAGE TUÑAS: Gracias, señora presidenta.

Señora conselleira de Pesca, non fai falta xa aludir á propia pregunta escrita senón que esta propia mañá, no seo deste Parlamento, se fixo alusión ás relacións con Noruega. Eu creo que é un bo momento, unha boa oportunidade, para que vostede dea conta do traballo realizado e da visita oficial realizada neste verán, na cal mantivo xuntanzas con autoridades deste país.

Facía alusión na miña pregunta a actuacións conxuntas que se están a levar adiante en materia de investigación mariña no marco dun programa comunitario e ao que iso significou en termos económicos e tamén con respecto aos plans de repoboación de rodaballo e lumbrigante nomeadamente. Pero sendo conscientes da importancia das relacións internacionais no marco dos asuntos marítimos da pesca e tendo en conta a existencia de asuntos de interese que hoxe mesmo teñen unha actualidade radiante, dado que incluso se falou da oportunidade e das xestións que se fixeron nesa viaxe, considero importante que coñezamos cal é o traballo que vén facendo o Goberno de Galicia en torno ás necesidades da nosa flota pesqueira e ás relacións que temos con Noruega. Teña en conta sobre todo tamén que nós non lle pedimos que nos leve de viaxe, como ten feito algún deputado hoxe aquí pola mañá, nós lle pedimos que siga traballando como está a facer para conseguir superar aquelas diferencias que afectan aos nosos traballadores do mar e á nosa flota pesqueira, que ten incidencia directa nas relacións con Noruega. Por iso lle agradecería moito que nos contara cales son as xestións que fixo na súa visita oficial a este país.

Nada máis e moitas gracias.

A señora **PRESIDENTA**: Gracias, señor Lage.

Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (Gallego Calvar): Moitas gracias, señora presidenta.

Eu descoñecía que houbera interés por parte do Grupo Popular de enviar ao señor Balseiro a Noruega comigo, en calqueira caso, en calqueira caso... Supoño que non será iso o enfado que ten o señor Balseiro, espero que non esté enfadado por iso. En calquera caso, podo decirlle para a súa tranquilidade que acudín a Noruega en nome do Goberno de Galicia como conselleira de Pesca invitada pola ministra de Pesca e Asuntos Costeiros de Noruega, señora Pedersen, e cando un vai convidado a un país pois non pode levar a outros convidados, no caso en que... *(Aplausos.)* Pero, bueno, haberá máis ocasións, señor Balseiro, non se preocupe, ata o remate da lexislatura para facer máis viaxes institucionais que redundarán en beneficio do noso país e do sector pesqueiro galego, e seguramente en algunha ocasións haberá tamén outras oportunidades para que un voceiro do Grupo Popular ou dos outros grupos políticos poidan formar parte desa viaxe. Non se preocupe que seguro que antes de que remate esa lexislatura teremos esa oportunidade.

Ben, como decía, acudín á viaxe a Noruega convidada pola Ministra de Pesca e Asuntos Costeiros, a señora Pedersen; un convite no que a ministra mostraba o seu interese por falar con Galicia tanto polas relacións pesqueiras que temos como porque quería falar de outros asuntos que nos levan a cooperar conxuntamente. Dende o Goberno de Galicia, dende a Xunta de Galicia, estamos a establecer unha serie de relacións pesqueiras con outros países por dúas vías: unha é a cooperación ao desenvolvemento, a través do noso traballo fundamentalmente en países africanos que están en vías de desenvolvemento e que precisan da nosa axuda, a través de formación, a través da formación tamén ás comunidades costeiras para aprender novos instrumentos de organización e a través de investimentos materiais para axudar a desenvolver as comunidades costeiras. E a outra, a outra vía de traballo e de cooperación con países nos que temos intereses pesqueiros é a vía fundamentalmente da investigación científica. Neste caso, quero dicir que tanto con Noruega, coa rexión de Trøndelag, como con Irlanda, estamos

a desenvolver dende xa hai anos un proxecto comunitario, Aquarreg, polo cal se están a traballar nunha serie de accións de investigación que nos interesan a todos. A través deste proxecto de investigación se desenvolveu, por exemplo, en Galicia o Plan de repoboación que estamos a levar a cabo dende a Consellería de Pesca, polo cal xa fixemos soltas de rodaballo, de lumbrigante e que en breves datas farémolas tamén de ollo-mol. Pois ben, neste viaxe, ademais de visitar a feira de acuicultura, de tecnoloxía e acuicultura que hai nese país que se celebra no mes de agosto, ademais de visitar comunidades costeiras e poboacións de pescadores locais e granxas mariñas de cultivos que en Noruega teñen moita importancia, como pode ser o salmón e o bacallau, tivemos un encontro institucional a ministra de Pesca e Asuntos Costeiros de Noruega e eu mesma que na segunda parte explicarei, señora presidenta.

Moitas gracias.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias a vostede, señora conselleira.

Señor Lage Tuñas, ten vostede a palabra.

O señor LAGE TUÑAS: Si, señora presidenta.

Non vou a estenderme nin facer uso deste segundo turno para puntualizar ningunha das cuestións que aquí se teñen dito basicamente porque o interese que temos é en coñecer, como decía antes, a xestión que ten realizado a conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos do Goberno de Galicia na súa visita a Noruega. A nós, máis alá das viaxes e dos convites, como pode comprender, o que nos interesa é a defensa dos intereses do país e, polo tanto, na liña que está apuntando a señora conselleira nos gustaría remarcar que esa é a liña política que defende este grupo parlamentario e que defende este voceiro de pesca. Polo tanto agardamos a que nos siga contando na súa segunda intervención aquelas cuestións que quedaran no tinteiro.

Nada máis e moitas gracias.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señor Lage Tuñas.

Señora conselleira.

A señora CONSELLEIRA DE PESCA E ASUNTOS MARÍTIMOS (Gallego Calvar): Moitas gracias, señora presidenta.

Decía que mantivemos un encontro institucional coa ministra de Pesca e Asuntos Costeiros de Noruega durante o cal fundamentalmente tratamos dúas cuestións de relevancia para Galicia. A primeira delas: a necesidade de continuar na colaboración en materia de investigación entre os dous países, entre as rexións, neste caso, que están a colaborar, e a segunda delas no tocante ás relacións que a nosa flota, a flota que faena perto de Noruega, ten e as dificultades que no ano 2006 tivo a nosa flota cos apreixamentos de varios buques.

Respecto da primeira delas, a receptividade do Goberno noruego respecto da colaboración en materia de investigación foi total, e tanto é así que ao remate desta viaxe houbo unha xuntanza de traballo entre as tres rexións, Irlanda, a rexión de Noruega e Galicia, no que se acordou que se prorrogaba ese acordo de cooperación en materia de investigación científica e que ademais tanto Noruega como Irlanda apoiaban a Galicia para que sexa Galicia a que lidere ese programa de investigación; un programa de investigación financiado con fondos europeos que vai fundamentalmente a tratar nesta seguinte fase sobre a xestión integrada das nosas costas; é dicir, sobre como combinamos os usos da poboación, os usos industriais, a protección medioambiental e os usos da pesca no litoral; unha preocupación que estou segura que compartimos todos os membros desta Cámara, que comparte, dende logo, o Goberno de Galicia e que tamén é fonte de preocupación para Noruega e para Irlanda. Polo tanto, ese é o obxectivo conseguido.

Respecto da situación xurídica na que se atopan os buques galegos que faenan perto de Noruega trasladámonlle á ministra, como xa se lle había trasladado no seu día a través do Ministerio de Asuntos Exteriores e do Goberno de España, do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, a nosa disconformidade absoluta co incumprimento reiterado do Goberno de Noruega do Tratado de París do 1920, tal e como xa manifestamos publicamente con ocasión dos apreixamentos do pasado ano. E insistimos na necesidade de que Galicia, España e Noruega dialoguen e colaboren, sobre todo usando as vías da cooperación e do diálogo, para que eses apreixamentos non se volvan a producir. Teño que dicir que no mes de marzo deste ano no que andamos xa o Goberno de España firmou un acordo de cooperación bilateral e de manter unha canle de diálogo aberta, permanente, co Goberno noruegués para evitar estes feitos. E o meu traballo alí foi fundamentalmente

facér fincapé no cumprimento dese acordo e amosar toda a colaboración do Goberno de Galicia para que a través do diálogo non se volvan a repetir eses feitos. Cando falo deses feitos falo do apreixamento por parte de Noruega de buques galegos, que iso non o pode facer porque está a incumprir —como saben as súas señorías— os tratados de París. Outra cousa é que os pescadores que fagan pesca ilegal van a ter a condena total, tanto do Goberno noruegués como do Goberno de Galicia e do Goberno de España. Pero iso é unha cuestión, e a outra cuestión é que ningún país se pode tomar a lei pola súa man e, polo tanto, entendemos que a vía, insisto, da concertación e do diálogo é a mellor forma de defender os intereses da nosa pesca e de Galicia.

E iso foi en resumo —espero comparecer na Cámara para poder ampliar máis toda esta información— o que fixemos na viaxe a Noruega.

Máis nada e moitas gracias, señora presidenta.

A señora **PRESIDENTA**: Moitas gracias, señora conselleira.

(Pide a palabra o señor Balseiro Orol.)

Señor Balseiro, ¿cal é a cuestión de orde? Non lle vou a permitir que me engañen como pola mañán. *(Aplausos.)*

O señor BALSEIRO OROL: Non, señora presidenta, é por alusións.

Non estaba no debate. A señora conselleira aludeu á miña persona.

A señora **PRESIDENTA**: Non, non, non, me vai a perdonar. Non, non, perdóneme... *(Unha señora deputada: Si, si.)* Claro que non estaba no debate porque este é un procedemento que non é de debate, e ao que fixo referencia vostede non significa ningún menosprecio á súa persona, e foi literalmente o que dixo vostede pola mañán.

Polo tanto, esgotado o orden do día, suspéndese a sesión..., digo, érguese a sesión. *(Murmurios.)*

Moitas gracias e boas noites.

Remata a sesión ás seis e corenta minutos da tarde.

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1.- Acuña do Campo, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
2.- Aymerich Cano, Carlos Ignacio	(BNG)
3.- Baamonde Díaz, Agustín	(PP)
4.- Balseiro Orol, José Manuel	(PP)
5.- Baltar Blanco, José Manuel	(PP)
6.- Barcón Sánchez, María del Mar	(PS deG-PSOE)
7.- BernardoTahoces, Angel	(PP)
8.- Blanco Parga, Carlos Fernando	(BNG)
9.- Burgo López, María de la Concepción	(PS deG-PSOE)
10.- Cajide Hervés, María del Carmen	(PS deG-PSOE)
11.- Calvo Pouso, Diego	(PP)
12.- Castelao Bragaña, José Manuel	(PP)
13.- Castiñeira Broz, Jaime	(PP)
14.- Castro García, Roberto	(PP)
15.- Cerdido Pintos, María Marta	(PP)
16.- Cerviño González, Francisco	(PS deG-PSOE)
17.- Cuíña Crespo, Xosé	(PP)
18.- da Silva Méndez, María Carme	(BNG)
19.- Fernández Leiceaga, Xoaquín María	(PS deG-PSOE)
20.- Fervenza Costas, José	(PP)
21.- Ferreiro López, María Cristina	(BNG)
22.- Gallego Calvar, Carmen	(PSdeG-PSOE)
23.- Gallego Lomba, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
24.- García Pacín, María Isabel	(PP)
25.- Gómez Alonso, Alejandro	(PP)
26.- González Mariñas, Pablo	(BNG)
27.- González Méndez, María Amparo	(PP)
28.- Lage Tuñas, José Manuel	(PSdeG-PSOE)
29.- Lobeira Domínguez, Bieito	(BNG)
30.- López Abella, María Susana	(PP)
31.- López Besteiro, Manuela	(PP)
32.- López Rodríguez, Dámaso	(PP)
33.- López Veiga, Enrique César	(PP)
34.- López Vidal, Pablo Xabier	(PSdeG-PSOE)
35.- López-Chaves Castro, Ignacio Javier	(PP)
36.- Losada Álvarez, Abel Fermín	(PSdeG-PSOE)
37.- Mato Otero, Beatriz	(PP)
38.- Meijón Couselo, Guillermo Antonio	(PSdeG-PSOE)
39.- Méndez Romeu, José Luís	(PSdeG-PSOE)
40.- Miras Portugal, Aurelio Domingo	(PP)
41.- Negrreira Souto, Carlos	(PP)
42.- Núñez Feijoo, Alberto	(PP)
43.- Orza Fernández, José Antonio	(PP)
44.- Palmou Lorenzo, Xesús	(PP)
45.- Parga Núñez, Manuel	(BNG)
46.- Paz Antón, Xosé Ramón	(BNG)
47.- Paz Franco, María Tereixa	(BNG)
48.- Pérez Ares, César Augusto	(PP)
49.- Pérez Herraiz, Margarita	(PSdeG-PSOE)
50.- Pérez Touriño, Emilio	(PSdeG-PSOE)
51.- Pita Varela, Jaime Alberto	(PP)
52.- Pontón Mondelo, Ana Belén	(BNG)
53.- Pose Mesura, Modesto	(PSdeG-PSOE)
54.- Quintana González, Anxo Manuel	(BNG)
55.- Rego González, Ismael	(PSdeG-PSOE)
56.- Riobó Dios, María Modesta	(BNG)
57.- Rodríguez Arias, Marta	(PP)
58.- Rodríguez Fernández, Maximino	(PP)
59.- Rodríguez Miranda, Antonio	(PP)
60.- Rojo Noguera, Pilar	(PP)
61.- Ruíz Rivas, Manuel Santos	(PP)
62.- Salgado Núñez, Carmen Janet	(PP)
63.- Santalices Vieira, Miguel Ángel	(PP)
64.- Santiso Miramontes, José Antonio	(PP)
65.- Seara Sobrado, Laura Carmen	(PSdeG-PSOE)
66.- Sestayo Doce, Beatriz	(PSdeG-PSOE)
67.- Soneira Tajés, María Soledad	(PSdeG-PSOE)
68.- Sueiro Pastoriza, Alberto	(PP)
69.- Tabares Pérez-Piñeiro, Iago	(BNG)
70.- Tojo Ramallo, Luís María	(PSdeG-PSOE)
71.- Tomé Roca, José	(PSdeG-PSOE)
72.- Valladares Rodríguez, María Luisa	(PP)
73.- Varela Sánchez, Ricardo Jacinto	(PSdeG-PSOE)
74.- Vázquez Fernández, Manuel	(PSdeG-PSOE)
75.- Villarino Santiago, Dolores	(PSdeG-PSOE)



DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25